

CADERNOS DE LINGUA



26

2004

CADERNOS DE LINGUA

ANO 2004

26

**R E A L
ACADEMIA
GALEGA**

Director: Constantino García
Vicedirector: Manuel González González
Coordinador: Xosé Luís Regueira
Secretaria: María do Carme Pazos Balado

Consello de redacción:

Carlos Díaz Abreira, Xermán García Cancela, Antón López Dobao,
Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

Comité científico:

R. Álvarez Blanco (Un. Santiago), J.A. Argente Giralt (Un. Aut. Barcelona), Takekazu Asaka (Un. Azabu), Michel Contini (Un. Stendhal de Grenoble), F. Fernández Rei (Un. Santiago), P. García Mouton (CSIC Madrid), Taina Hämäläinen (Un. Helsinki), Johannes Kabatek (Un. Freiburg), R. Lorenzo Vázquez (Un. Santiago), C. de Azevedo Maia (Un. Coímbra), David Mackenzie (Un. Corcaigh), Lorenzo Massobrio (Un. Torino), Michael Metzeltin (Un. Viena), Boris Narumov (Un. San Petersburgo), A. Santamarina Fernández (Un. Santiago), M. Santos Rego (Un. Santiago)

Colaboracións e correspondencia:

Xosé Luís Regueira Fernández
Paseo da Quinta, 23
15897 Santiago de Compostela

Subscripción e intercambio: Dirixirse a

Editorial Galaxia, S. A.
r/. Reconquista, 1 - 36201 Vigo

, Real Academia Galega
A Coruña, 1990

Edita: Real Academia Galega
r/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

I.S.S.N.: 1130-5924

Título clave: Cadernos de Lingua
Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-1.642-1992

Deseño: M. Janeiro
Imprime: Difux, S.L.

ÍNDICE

ARTIGOS

- A. I. BOULLÓN AGRELO, Catálogo dos documentos éditos en galego anteriores a 1260 5
- X. A. FERNÁNDEZ SALGADO, A obra gramatical de Marcial Valladares 47
- A. PICCARDI, A retransca como acto lingüístico..... 99
- X. SOTO ANDIÓN, Problemas relativos ós procesos de recollida e transcripción de mostrás orais 109

RECENSIÓNS

- Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*, Instituto da Lingua Galega. (M^a D. Sánchez Palomino) 127
- As ideas ortográficas em Portugal de Madureira Feijó a Gonçalves Viana (1734-1911)*. M. F. GONÇALVEZ (H. Monteagudo).... 135

CATÁLOGO DOS DOCUMENTOS ÉDITOS EN GALEGO ANTERIORES A 1260

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO
Universidade de Santiago de Compostela

A finalidade deste traballo é proporcionarlle ó investigador unha relación dos documentos editados en galego anteriores a 1260. En realidade, vén a ser este un complemento do preparado para a *Homenaxe ó profesor Ramón Lorenzo* (Universidade de Santiago, no prelo), en que se tiran consideracións sobre diferentes aspectos relacionados coa emerxencia do galego como lingua escrita. Alí explicaba as razóns de considera-la data de 1260 como termo, fundamentalmente pola súa importancia simbólica, ó se-lo ano en que Afonso X decretou a xeneralización do romance nas escrituras.

Cómpre advertir que nesta época de lenta elaboración dun novo código para unha nova lingua hai textos que presentan unha difícil adscripción lingüística: os textos de fronteira (como os que proceden dos mosteiros da terra de Seabra, hoxe Sanabria, en Zamora, ou da área do Bierzo) ou aqueles que é realmente complicado decidir se se trata dun texto xa romance ou aínda é latino, pois presenta características sintácticas, morfolóxicas ou léxicas pertencentes a ámbalas dúas modalidades¹. Procurei facer unha selección en que a adscripción ó romance fose o máis clara posible, pero, en caso de dúbida, considerei de máis interese para a historia da lingua deixar constancia deses textos que conteñen unha ampla porcentaxe de romance nunha estrutura que aínda quere ser latina. En tales casos fago constar esa circunstancia.

Os datos cuantitativos da aparición do romance galego no século XIII foron avanzados xa por Monteagudo (1994) e despois moi minuciosamente polo profesor Ramón Lorenzo (1996), quen se basea na documentación medieval, publicada ou inédita, para ir vendo como se foi abrindo paso o galego fronte o latín, e compara o número dos documentos romances con relación ós textos en latín a medida que van pasando os anos, amais de informar sobre a súa localización arquivística e as

¹ No sur, a fronteira gráfica marcada pola representación das palatais polos dígrafos <lh> e <nh> xeneralizárase na década 1265-1275, pola chancelería de Afonso III. Os textos temperáns portugueses están sendo ultimamente tirados á luz: véxase Martins (2004), onde tamén fai unha revisión da bibliografía recente.

publicacións existentes; analiza tamén as causas que produciron a inversión das dúas linguas a partir de 1260.

A nosa intención neste traballo é outra: fornecer información cumprida acerca de cada un deses documentos con disposición cronolóxica, para facilitar de maneira inmediata a localización de cada un deles; así evítase que os editores “descubran” como documentos máis antigos en galego textos dos que hai noticia pública desde hai moitos anos. Ademais, dispor dun corpus tan amplo de textos, heteroxéneo en canto á procedencia e dentro dun marco cronolóxico relativamente pequeno, pode axudar a describi-lo proceso da construción da *scripta* do romance en Galicia, independentemente, claro está, da necesidade de seguir investigando nos arquivos na busca de documentos inéditos².

O número de textos reunidos non é pequeno, pois supera o cento, e xorden de diversas áreas de Galicia (pódese ve-lo mapa no devandito artigo). As mostras máis antigas son do finais da década de 1220, aumentando pouco a pouco nas seguintes e máis aceleradamente na de 1250³. Proceden case todos das coleccións documentais de diversos mosteiros, o que é comprensible dado o tipo de organización territorial altomedieval e mailo proceso de transmisión documental, pero que ten que ver tamén co propio agromar do romance: deuse antes nestes lugares ca noutros centros medievais de produción do saber, coma as escolas catedralicias, máis apegadas ós hábitos e tradicións, con máis familiaridade coa cultura escrita -e, por ende, co latín-, e máis remisos ós cambios -téñase en conta que este era revolucionario.

O mosteiro que antes se viu implicado neste proceso foi o de Melón (con tres das mostras máis temperás, pero que interrompería a súa produción ata 1255), e, desde un punto de vista cuantitativo, Montederramo (con 20 mostras desde 1250)⁴, San Pedro de Montes (no Bierzo, con máis textos temperáns noutros romances, con características castelás e asturianas), con outras 20 atestacións, Ferreira de Pallares (13, desde 1247) e despois, en menor medida, moitos outros, como Meira, Caaveiro, Sobrado de Trives, Sobrado dos Monxes, Carracedo, Monfero... Posiblemente existe relación entre a publicación exhaustiva dos documentos dun mosteiro e a aparición de datas moi temperás da aparición do galego (como ocorre evidentemente con Melón, Ferreira de Pallares e Montederramo). É posible que as características que adoitan presentar estes

² A edición dos textos romances neste ámbito cronolóxico, tanto publicados coma inéditos, e o seu estudo lingüístico está sendo obxecto dunha tese de doutoramento en curso de realización.

³ Dous na década de 1220, 3 na de 1230, 10 na de 1240, 27 no período de 1250 a 1255, 64 no lustro seguinte e último considerado.

⁴ Agradézolle vivamente ós autores da edición dos documentos de Montederramo, Ramón Lorenzo e María del Carmen Pérez, a súa amabilidade ó proporcionarme os datos correspondentes estando aínda no prelo, así como as súas suxestións e a súa axuda en aspectos difíciles de varios textos.

textos (listas, anotacións, documentos non regulados, en suma), non mereceran a atención de estudosos que tiñan máis interese en documentos de máis importancia histórica. De aí que seguramente cando se publiquen de maneira exhaustiva outras coleccións seguirán aparecendo máis exemplos.

As datacións

O corpus vén delimitado ás fontes éditas e toma como base a relación de fontes recentemente publicada (Tato Plaza/Boullón Agrelo 2004). Atopamos numerosas referencias a unha cuestión que espertou o interese dos estudosos xa desde o Rexurdimento. E xa desde aquela advertíase contra o erro nas datacións e o entusiasmo excesivo ante documentos presuntamente moi antigos. Así, Martínez Salazar (1909:235) nun artigo significativamente titulado “¿Un documento gallego de fecha equivocada?”, falaba da falsa atribución do ano 1207 para un “recoñecemento do concello de Lugo en lingua vulgar acerca do señorío do seu bispo”⁵:

“debe de tener la fecha de año equivocada, *por ser cosa corriente que, al traducir del latín a la lengua vulgar, se conservase la fecha del original*, circunstancia que, como en otra ocasión hemos escrito, ha engañado a varios paleógrafos e historiadores, quienes atribuyen a ciertos documentos escritos en lengua romance mayor antigüedad de la que tienen; por regla general hay que desconfiar de la fecha del documento gallego, que la lleve anterior al año 1250” [A cursiva é miña].

Este dato foi causa en bastantes ocasións de malas atribucións de datas⁶, o que se ve favorecido polas notas de traslado dos escribas, en que adoitan dicir que o executaban “verbo a verbo”: “saquey del este traslado *vervo por vervo* ben e verdadeiramente por mía mão” (*Tombo de Caaveiro* 1999:331); esta expresión non implicaba, para eles, que cambiasen de lingua, circunstancia que case nunca consideraban necesario especificar. Só en contadas ocasións fan alusión explícita a isto; por exemplo, nun documento de 1175 que foi trasladado e traducido en 1449, con esta nota:

⁵ Publicado por Risco no tomo 41 da súa *España Sagrada* (1798) e reproducido por Antonio de la Iglesia, xunto con outros textos “galegos” datados desde o ano 1085 en diante. Xa foi comentado o panorama histórico “próximo á ficción” que presentaba este autor (vid. Pensado 1991:52, Tato Plaza 1997:298).

⁶ O que ocorreu en todo o ámbito hispánico, claro está: “Pocas veces resulta fácil saber con seguridad cuándo se escribieron los documentos romances de la época; también suele ser difícil saber si se trata de traducciones. Muchos de los que se escribieron primero en la forma tradicional sólo sobreviven en la forma romance posterior, y llevan únicamente la fecha original (o ninguna). De esto se ha sacado a veces la deducción errónea de que el doc. original se había escrito también en romance” (Wright 2000: 113).

“eu Gomes García notario publico jurado de Santiago por la Iglesia de Santiago, vy et ley et aquí bem et fielmente fize trasladar *et de latin reduzí,* et fizo en miña presençia reduçir *et retornar en romançe et lingua vulgar* por mandado et autoridade...” (Fernández de Viana 1992: 168) [A cursiva é miña]

Así, tódolos documentos que tiñan atribución do séc. XII e case tódolos dos primeiros anos do XIII eran en realidade copias traducidas posteriormente. Amais dos acabados de citar (o de 1175 de san Xián de Moraimo e o de 1207 de Lugo, ós que podemos engadi-los reproducidos por de La Iglesia), podemos menciona-los seguintes:

- a. 1162: “María Vicénte de Cedemonio vende ó abade Guillermo e ó mosteiro de Vilanova de Oscos unha herdade en Cedemonio por un boi e cen soldos”, de Vilanova de Oscos, copiado no XIII nun pergamiño solto (Floriano Llorente 1981: 142-143).
- aa. 1225, 1228, 1229, textos citados no Memorial de Aniversarios da Catedral de Lugo, copiados polo notario Afonso Pérez no primeiro terzo do XIV (Jiménez Gómez 1987:179,208,217).
- a. 1228: foro de Bono Burgo de Caldelas romanzado, publicado con comentario sobre a data (“no parece anterior al año 1250”) por Martínez Salazar (1911:15-21). De todas formas, está incluído neste catálogo por esta-la data da copia dentro do marco cronolóxico considerado (antes de 1260).
- a. 1252-xullo-7: “Traslado da sentenza dada no preito entre Caaveiro e o Concello de Naraío por non respectaren os seus habitantes o privilexio de couto do que gozaba o mosteiro”, do tomo de Caaveiro, trasladado en 1316 (Fernández de Viana y Vieites / González Balasch 1999:331).
- a. 1255: “Carta outorgada polo abade e convento de Penamaior a favor de Garcia Peláez, a súa muller, fillos e netos, concedéndolles unha herdade”. Traslado de 1351 (Villa-Amil, *Foros de Galicia*, 1884).
- a. 1260-xaneiro-20: “Preito en Castroverde entre don Aras Pérez e Mendo Rodríguez acerca dunha facendeira de terra e colleitas de rei” (Sponer 1932-34: 129-130). O notario informa de que se trata dun traslado: “Eu, Roy Payz, notario do couto de Meyra, uj esta carta sobridita..., e f[i]je trasladar en miña pres[e]nçia toda, de ueruo a ueruo”. Non consta en qué momento fixo o traslado, pero o mesmo notario asina outras cartas en 1285 (p. 136) e en 1309 (p. 139), co que parece probable que a data de traslado estea máis próxima a estas datas que a 1260.

A outra frecuente causa de malas atribucións na data é a mala lectura da datación, e concretamente o non recoñecemento do x aspado, o que leva a ler erroneamente “X” no canto de “XL^{aa}”, e, como consecuencia, os textos dátanse 30 anos antes. Trátase dunha característica paleográfica que os bos editores coñecen ben e que se repite con bastante frecuencia neste período: un total de 15 documentos posúen esa característica, desde o ano 1252 ó 1260, o que significa cerca dun 14% do total. A confusión produciuse en varias ocasións:

- aa. 1228 e 1239, dous textos transcritos por Muñoz Rivero no seu *Manual de Paleografía* (1917), dos que inclúe reprodución fotográfica pero non a súa procedencia arquivística. A única información que dá sobre a súa localización é que están “ya en el AHN, ya en el Universitario de Madrid, ya en la Escuela Superior de Diplomática, ya, por último, en algunas colecciones particulares”. Puiden localizar dous deles no AHN, pero non se trata da mesma copia. En todo caso, a existencia desoutra copia (ou, máis ben, desoutro orixinal, pois é posible que os dous sexan orixinais) permitiu demostrar que o documento datado en 1228 é en realidade de 1258 (xuño-5): o documento do AHN presenta un x aspado que non ten o texto de Muñoz Rivera, xunto con outros elementos que permiten supor que é anterior a este (máis texto, por exemplo); sería publicado máis tarde por Rey Caiña e por Maia. Da mesma maneira, o datado en 1239 é, en realidade, de 1259 (xuño-22), pois o orixinal localizado no AHN tamén ten x aspado, o que fai adianta-la data trinta anos.
- a. 1229, dous documentos catalogados por Lucas Álvarez (1975) nesta data e estudados por Tato Plaza (1997), quen demostra que en realidade son de 1259.
- a. 1230, o testamento de Estevo Pérez da colección de Oseira (Romaní 1989:I,316-7), que foi mal datado en 1230 e considerado falsamente como o máis antigo dos documentos en galego, erro que, a pesar de ser obxecto de nova edición, se repetiu (en Souto Cabo 1996) e que tivo repercusións graves para os estudos romanísticos, pois, como nos recorda o profesor Lorenzo (2003:162), o Departamento de Historia I da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago publicou este documento en Internet como o máis antigo escrito en galego e así figura agora no Inventario de Frank-Hartmann, 1997,343. Este documento é obxecto dun estudo específico por Tato Plaza 1996, quen é o único que o edita coa data correcta.
- a. 1230, documento de Ferreira de Pallares publicado con esta data por López Peña na *Colección de documentos históricos* do BRAG (1915:246-7), pero por Rey Caiña en 1985: 541 coa de 1260; trátase do preito entre Munio Fernández de Rodeiro e os veciños de Moreira.

Tendo en conta o antedito, queda claro que as datas que encabezan cada ficha non sempre coinciden coas dos editores, pois, loxicamente, indícanse as que se consideran máis próximas á da confección real do documento.

A localización arquivística das fontes

É necesario advertir que a ficha catalográfica que se quixo construír de cada documento vén pexada polas propias características das edicións en que foron publicadas. Así, é corrente nas do principio do século XX (que en moitas ocasións non foron obxecto de novas reedicións) non ofrecer datos que hoxe son comúns. Por exemplo, e isto é fundamental para a localización dos textos, a referencia ó arquivo onde están depositados ou a signatura concreta. É o que ocorre con algúns dos máis antigos:

- a. 1227, editado por Atanasio López (1916), do que dá como única referencia a súa pertenza ó Museo Arqueolóxico de Pontevedra. Villamil, que o reproduce anos máis tarde (1943), xa non foi quen de localizalo⁷.
- Falouse antes do documentos publicados por Muñoz Rivero, dos que non daba a localización, e dos que foron achadas dúas copias no AHN que permitiu adianta-la datación. Dos outros dous documentos galegos que cita, o de 1251 (abril-14), non o dei localizado; e do de 1259 (febreiro-15) hai un orixinal no AHN; foi publicado tamén por Rey Caiña (1985). Os catro que reproduce Muñoz Rivero presentan unha letra máis feita cós orixinais localizados, moi semellantes entre si, e talvez copias dunha mesma compilación neste momento en paradoiro descoñecido.
- a. [1253-1254], editado por López Ferreiro (1901) e por Martínez Salazar (1911). Presuntamente estaría no AHDS, pero Lucas (1999:I,541), que o rexesta, di que “el documento no se encuentra actualmente en el archivo de san Martiño”.
- a. 1255-febreiro-13, editado por Murguía (1909). Non indica o arquivo, e actualmente non está no ARG nin no da RAG.
- 1256, publicado por Murguía (1907), e do cal di: “perteneciente a la iglesia de Lugo, y del cual tenemos copia en nuestra colección de documentos”. Unha copia deste documento foi publicada por Vázquez Saco 1943, quen non coñecía o publicado por Murguía: “no sabemos haya sido publicado hasta hoy”, e faina a partir dunha copia do

⁷ Aclara: “hoy no se conserva en la colección del Museo [de Pontevedra]”. Tampouco está no AHPPo, institución que foi dirixida polo propio Fernández Villamil desde a súa creación ata 1954.

ACLugo, procedente do “Tumbillo Nuevo, hecho el año 1804 por el competentísimo P. Rubiera”.

- a. 1260, doc. publicado por Martínez Salazar (1911:28-29). Non indica o arquivo, e actualmente non está no ARG nin non RAG.
- Os documentos editados por Sponer remiten ó AHN, pero cunhas signaturas hoxe non vixentes.

A heteroxeneidade dos editores, tanto no que respecta á súa formación como ós seus intereses ou á súa época fai que teñamos que considerar a relación de documentos que presentamos con prudencia, sobre todo no que respecta ás datas. Estas circunstancias impiden en ocasións a confrontación dos documentos e a corroboración da súa antigüidade.

Os orixinais e as copias

Dos documentos consignados aquí, un 76% poderían considerarse textos orixinais (85 de 112). O uso do condicional vén dado pola imposibilidade de garantir en moitos casos que se trate de maneira indubidable de orixinais, porque os editores non o fan constar. Os documentos revisados directamente semellan orixinais (aínda que no caso do AHN só se permite a consulta das copias microfilmadas), pois son documentos soltos, escritos en pergamino, algúns partidos por abc, e con tipo de letra axustada á época en que foron escritos (aínda que neste último extremo o abano é moi amplo, normalmente). De maneira que non se pode demostrar de maneira indubidable sen un estudo exhaustivo a súa condición de orixinais, pero tampouco hai indicios evidentes para pensar en falsificacións.

No caso de os textos que nos consta seren copias, só as tiven en conta en situacións moi determinadas, porque xa se comentou antes que non se podía asegurar que a tradución non fose feita na época do traslado. Así, só incluí:

- os textos do Tombo de San Pedro de Montes (*Tombo SPedro de Montes*), polas súas características específicas. Foi confeccionado nos séculos XIII e XIV, pero o elaborador non pareceu querer alterar -polo menos de modo consciente- a lingua dos documentos que trasladaba, dada a súa heteroxeneidade lingüística: nel sucédense os textos en latín con outros con base lingüística astur-leonesa ou castelás. Para a súa inclusión aquí só se tiveron en conta os documentos que teñen unha fasquía claramente galega, do que o texto seguinte pode servir de exemplo: “Saban todos omes que eu Elvira Gonzalez con meos fillos, don Laurenzo e don Gutierre, vendemos quanta herdade nos avemos alende el rio de Sil en Vila cidera, con quanta

outra que nos pertence eno Faveyro assi de nosso padrimonio, como de avolorio...” (doc. de marzo de 1243).

- Os textos do Cartulario de san Martín de Carracedo (*Cartulario de Carracedo*), situado no Bierzo, redactado moito máis tarde, en 1792, que reproduce textos en latín, castelán e galego. Se o autor do cartulario, o monxe Fernando Juárez, tivese intención de regularizalos, estarían integramente en castelán. En principio, pois, parece que a súa intención era respecta-la integridade lingüística dos documentos. En todo caso, haberá que considerar con precaución os castelanismos.
- Algúns documentos soltos, como o de Vilar de Donas (1240-dецembro-3), redactado en latín, castelán e galego.
- O foro do burgo de Caldelas, orixinal de 1228 e trasladado nunha época moi temperá: segundo Martínez Salazar, contra 1250, data aproximativa coa que o incluimos aquí.
- O de 1259-febreiro-19, tirado do *Tumbo de la hacienda que esta real casa de santa María de Sobrado tiene hazia la villa de Ferrol y su tierra*, redactado no XVII: nesta altura se se quixese intervir na lingua do texto sería para pólo en castelán, non en galego. Os posibles castelanismos terán que ser considerados con esta prevención.

Os criterios de edición

Dada a heteroxeneidade dos editores, xunto co dilatado do período que media entre as publicacións (máis dun século: a máis antiga é de 1901, a máis recente aínda está no prelo), é comprensible tamén a disparidade de criterios con que estes documentos foron editados. Ó coidado que xeralmente demostran os primeiros editores dos nosos textos medievais sucedeulle o descoido doutros máis recentes, por consideraren quizais que o detalle e a minuciosidade na tarefa podían estar enfrontados cos fins de investigación histórica que perseguían. Porque dos erros esporádicos no fatigoso labor de transcribi-los textos ninguén está libre, pero a adopción duns criterios de transcripción que beneficien a todos debía ser tido en conta por tódolos investigadores, para evitar desbaldir esforzos en reeditar ou retranscribir. Para poder tirar un aproveitamento lingüístico cabal dos documentos é necesario seguir uns certos criterios de edición, dos que quizais o máis importante sexa a indicación en cursiva dos desenvolvemento das abreviaturas. Poderase estar de acordo ou non en cómo se desenvolven as abreviaturas⁸, pero se se indica que estamos ante unha opción do editor e non dunha forma real no manuscrito, o lector ou

⁸ Véxanse, para estas cuestións, as propostas recentemente feitas por Lorenzo (2004), onde se ofrece tamén unha revisión bibliográfica dos criterios máis coñecidos.

o investigador xa saberá a que aterse e non se verá enganado por unha forma que non existe en realidade. E actualmente, cos modernos procesadores de textos, a dificultade técnica non é comparable á de antano e é doadamente asumible.

Non é este o momento de pormenorizar unha guía para a edición dos textos medievais, pero talvez si para convidar a tódolos editores, sexan historiadores ou filólogos, a un entendemento que posibilite a conxunción de criterios, o que redundaría na mellora dos estudos filolóxicos, pero tamén históricos, e unificaría proxectos como a importante colección das fontes medievais que leva a cabo o Consello da Cultura Galega ou outros. Dos documentos que aquí presentamos, unicamente seguen uns criterios que chamariamos filolóxicos Sponer, Maia, Tato Plaza e Lorenzo/Pérez, por citalos cronoloxicamente. Son esas edicións as que consideramos de referencia, cando o mesmo documento está publicado por outros editores.

A microestrutura

Cada unha das fichas do catálogo contén diferentes tipos de información, case todas precedidas de abreviacións:

[Data], ordenada por ano-mes-día, sempre que se coñezan todos eles.

Ref.: Abreviación da referencia bibliográfica en que está publicado o documento, que se desenvolverán no capítulo final destinado á bibliografía. Tamén se indican aquí as sucesivas reproducións, reedicións ou citas.

Rex.: Información sobre o contido do documento, baseada fundamentalmente no rexesto proporcionado polo editor, pero que procurará incluír en tódolos casos os datos referentes ós participantes no acto xurídico de que se trate, o tipo de acto (venta, doazón, testamento, etc.), e o lugar. Os nomes de persoa e os topónimos regularízanse modernizándoos.

Data: Expresión literal da data que consta no documento. É a utilizada para fixa-la data coa que encabezo cada ficha; en ocasións foron cotexados os textos orixinais e modificadas as que propoñen os editores, en cuxo caso se advirte. Para o calendario romano, guieime polas correspondencias propostas por Cappelli (1930), que non sempre se axustan coas que aparecen nos documentos publicados.

Arq.: Lugar onde hoxe se custodia o texto, xunto á súa signatura (se se coñece) e outras características que dan os editores (lexibilidade, características físicas, tamaño, tipo de letra, etc.). No que toca ó

tipo de letra, reproduzo a denominación que emprega cada un, polo que aparece unha nomenclatura heteroxénea, como “minúscula diplomática”, “gótica”, “letra de albalás”, “letra francesa”, “letra carolina”, etc. A primeira das citadas é a máis utilizada.

Not.: Expresión literal do notario que asina o documento (de ser explícito), ou do escriba, no caso de aínda non posuí-la capacidade xurídica do notario, ou dos dous, de constar no documento.

Obs.: Diversas observacións sobre a datación ou outras características de interese non comentadas anteriormente.

Catálogo dos documentos

1227-febreiro-20.

Ref.: Ed.: López 1916: 89-90.

Reproduce: Fernández Villamil 1943: 115-116.

Cita: Filgueira 1982: 128.

Rex.: “Doazón de Pedro Cipriániz ó mosteiro de Samos de herdades en Vilaleo (Láncara-Lu)”.

Data: “era M^a. CC^a. L^a. X^a. V^a., octo días por andaren febrario”. López datáao en 1229, pero segundo a data, parece ter razón a proposta por Villamil, que é a que nós seguimos.

Arq.: López (1916: 90) localizábao no Museo Arqueolóxico de Pontevedra, pero hoxe o orixinal está perdido: xa Fernández Villamil reproduciu a transcripción del, por non o atopar na colección do Museo (1943: 115); este comentario é moi indicativo, tendo en conta que o propio Fernández Villamil dirixiu o AHPPo (desde a súa fundación ata 1954), institución a onde foron para-los fondos do Museo Arqueolóxico de Pontevedra.

Not.: Iohannes notuit.

Obs.: É un texto híbrido lat.-gal.: en lat. o protocolo e o escatocolo, en gal. con palabras latinas o corpo; en palabras de Fernández Villamil (1943: 116): “más desarrollado en su romanceamiento que las tentativas galaico-latinas de la carta de venta de Marina Díaz a Pedro Peláez, monje de Sobrado (1160) y la carta de Don García, Rey de Galicia (1066) y casi inmediatamente anterior al pleito juzgado por Froila en 1234”. “Original en pergamino que mide 90x210 mm Es de lectura fácil, pero algunas palabras están muy borrosas. Este documento es el más antiguo que se conoce en gallego” (López 1916: 90).

1228?

Ref.: Ed.: Cambón 1957, n^o 224; dátao entre 1188 e 1230.

Ed.: Gallego (1986: 160); sitúao no reinado de Afonso IX (“ya que la letra corresponde a la usada durante el reinado de Alfonso IX”), cando se fundan os mosteiros próximos de Oseira e Melón, e adquire esta zona gran importancia co desenvolvemento das plantacións de vide, amais da posición estratéxica dos seus castelos, como defensa contra o nacente Portugal. Reproduce o perg. do ACOu, procedente do mosteiro de Melón.

Cit: Leirós 1951: nº 6174.

Rex.: “Investigación dos xuíces dos bens de varias ordes en Ribadavia e san Estevo por orde do rei don Afonso IX”.

Data: s.d. A datación que encabeza a ficha é a proposta por Ferro Couselo: “un apeo, hecho alrededor de 1228, por mandato de Alfonso IX de León, en el cual se nos ofrece una relación de los dueños de las casas y heredades que había en la villa” (“Ribadavia y sus orígenes”, *Vida Gallega* nº 728, a.1957); está máis próxima ó final do período considerado polos outros editores, que abrangue todo o reinado de Afonso IX, e por tanto, parece máis plausible.

Arq.: ACOu, Archivo de Melón, leg. 22, caj. 9, nº 1. Catro fragmentos de pergamiño de diversos tamaños, cosidos ó longo por estreitas tiras do mesmo material e por cordel; cortado na parte inferior, o que afecta ó texto. 219x160 mm. Bastante ben conservado. Letra minúscula diplomática da primeira metade do s. XIII (Gallego 1986: 159) // Tumbo: t. I, fol. 268 r., a 275 v. // Tumbo de 1611: cita fol. 78 v. (caja 7 lej. 14, nº 1). .

Obs.: A adscripción lingüística deste texto, coñecido como o *Tumbo das viñas de Ribadavia*, é problemática, pois ten moitos trazos leoneses.

1231-agosto-25.

Ref.: Ed.: Cambón 1957, nº 235, p. 899.

Ed.: Souto Cabo 2003: 812-3.

Rex.: “Pedro Salvadores véndelle a don Gómez, abade do mosteiro de Melón, unha herdade en Sequeiros de Borbén”.

Data: “Era M^oCC^aLX^aIX^a VIII^o kalendas septembris”.

Arq.: AHN Clero. Ourense, Melón, carp. 1441/4. Pergamiño orixinal en carta partida, 13 x 12 cm. // Archivo de Melón: leg. 74, caj. 37, nº 2. // Tumbo: t. III, fol. 260 v. // Tumbo de 1611: cita fol. 374.

Not.: Pedro Rodríguez dicto Manteyga qui notey.

1233-febreiro-4.

Ref.: Cambón 1957, nº 257, pp. 925-926.

Rex.: “Frei Gómez, abade do mosteiro de Melón, fai foro da herdade de Redondo a Fernando Arias”.

“Era M^oCC^oLXX^oI *quotum* pridie nonas februaryi”.

Arg.: AHN Clero. Ourense, Melón, carp. 1441/11.

Not.: *Petrus Petri qui notuit*.

Obs.: O protocolo e o escatocolo están en latín. Entre as diferenzas da miña lectura e a de Cambón está o nome do abade, indicado coa inicial *G* no documento. Dado que o abade de Melón no período de 1228 a 1240 era *Gometius* e no doc. de 1231 está desenvolto *Gomet*, así o desenvolvín eu, mentres que Cambón o fixo como *G(undisalvus)* que, noutras circunstancias, sería o desenvolvemento usual.

1234-1236.

Ref.: Ed.: Martínez Salazar 1911: nº 1, pp.1-4.

Cit.: *Catálogo ARG*.

Rex.: “Preito entre frei Pedro, Mestre do Priorato de Almerezo, anexo ó mosteiro cisterciense de santa María de Sobrado (Co) e Martín de Boén, sobre a herdade de Souto”.

Data: s.d. “Este doc. carece de fecha; pero *Frater Petrus Petri Magister de Almerezo* y el testigo *Petrus Diat de Curispinedo* aparecen, el primero, en seis escrituras de venta, otorgadas en los años 1234, 35 y 36, copiadas en el tumbillo de Almerezo, letra C, y en una donación original, de 1234; y el segundo, en tres de las citadas escrituras” (Martínez Salazar 1911: 1).

Arg.: ARG nº 117. Perg. Orix. 200 x 300 mm. Letra francesa. (segundo o *Catálogo ARG*).

1240-setembro-14.

Ref.: *Tombo de Caaveiro*, doc. 139, p. 435.

Rex.: “Acta notarial na que Pedro Afillado e Fre Barro, cregos, e Pedro Amigo, cóengo de Caaveiro, por mandato de Gonzalo Rodríguez, arcediago de Nendos, revisan as rendas que o mosteiro de Caaveiro ten en Pruzos e en Bezoucos”.

Data: “quatorze días de setembro, era de mil et CC^{os} LXX^a VIII^o annos”.

Arg.: AHN, cód. 1439B, fol. 56, col. 1, fol. 57, col. 2. Letra minúscula diplomática.

Not.: Lourenço Eanes, notario del rey.

Obs.: É unha copia incluída no Tombo de Caaveiro, feito a mediados do XIII (contra 1253).

1240-décembro-3.

Ref.: Novo Cazón 1986, nº 20, p. 219.

Rex.: “Testamento de Pedro Fernández, en que deixa propiedades ó comendador Sueiro Díaz de Loio”.

Data: “III dias andados de decembre, era M^a CC^a CC^a LXX^a VIII^a”.

Arq.: AHN San Marcos, carp. 390, n^o 199. Perg.

Not.: Petrum Afonsum notarium.

Obs.: Este testamento está transcrito dentro dun preito ante Miguel, bispo de Lugo, entre Sueiro Díaz, comendador da Orde en Loio, e o escudeiro Xoán Fernández sobre as herdades de Pedro Fdez, irmán de Xoán. O preito está asinado por *Petrum Alfonsi notarium*, o 20-agosto-1241. Hai partes en latín (o protocolo inicial), en cast. (o primeiro testamento presentado por Xoán Fernández, onde lle deixa a el a metade dos seus bens, e a outra metade a Vilar de Donas, do 11 de xaneiro de 1240), e en gal. con interferencias do castelán, debidas probablemente ó escriba; este é o texto que incluímos aquí. O protocolo final deste segundo testamento está en latín (a lista de testemuñas) e en castelán (a data).

1242-1252.

Ref.: Ed.: Martínez Salazar 1911: n^o 3, pp. 6-10.
Cit.: *Catálogo ARG.*

Rex.: “Fragmentos de proba nun preito. Mosteiro de Sobrado”.

Arq.: ARG. N^o 112. Perg. 120 x 250 mm. Letra albalás (segundo o *Catálogo ARG.*).

Data: s.d. “No podemos precisar el año en que este fragmento y las dos notas siguientes, números IV y V, fueron escritos. Del cotejo de la letra francesa, ya degenerada y sin perfiles, ya angulosa y ligada, de estos documentos, con la de algunos otros, escritos en latín en las mismas comarcas en el decenio de 1242 a 1252 y juzgando además, por el estado del romance en estos, comparado con el de los inmediatos posteriores, no creemos equivocarnos en mucho al asignarles dichas fechas por el orden de antigüedad en que van colocados” (Martínez Salazar 1911: 6). Ademais, varios dos personaxes citados aparecen como testemuñas no *Tombo de Caaveiro* en datas próximas: *Ioan Leal* nun doc. de 1248 (II p. 330), e *Ioan Sobrino clericus*, nun doc. de 1242 (II p. 249); o top. *Vilar de Colo* está nun doc. de 1247 (n^o 129, I p. 426).

1242-1252.

Ref.: Ed.: Martínez Salazar 1911: n^o 3, pp. 10-12.
Cit.: *Catálogo ARG.*

Rex.: “Lista de gastos feita por eclesiásticos na festa de san Xoán. San Xoán de Caaveiro”.

Arq.: ARG. Perg. N^o 111. 100 x 150 mm. Letra francesa (segundo o *Catálogo ARG.*).

Data: s.d. Véxase o dito para o documento anterior.

1243-marzo: .

Ref.: Ed.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 298, p. 402.

Rex.: “Elvira González vende a don Xohán, abade de san Pedro de Montes, propiedades en Vilacedeira e Fabeiro”.

Data: “era MCCLXXXI^a eno mes de marcio”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 304, fol. 74r.

Not.: per manu de Fernan Perez.

1244, xaneiro.

Ref.: Ed.: Ferro Couselo 1967, vol. I, nº 1, pp. 13-14. Con foto entre as pp. 28 e 29. .

Rex.: “Carta de foro de dona Toda aos homes de Vilaboa (Sanamede de Castromarigo, Veiga do Bolo)”.

Data: “mense ianuarii, era M^a. CC^a. LXXXII”.

Arq.: AHPOu, Sta. Clara de Allariz. Perg. 150x250 mm.

Not.: Johannes qui notuit.

Obs.: Están en latín as cláusulas penais e o escatocolo.

1245.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 300, p. 403-4.

Rex.: “Don Crimente dóalle a san Pedro de Montes as súas herdades en Valtuille”.

Data: “facta carta era MCCLXXXIII^a” .

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 375, fol. 93.

Not.: Petrus Roderici scripsit

1247-marzo-8.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 301, p. 404.

Rex.: “Don Xohán, abade de san Pedro de Montes, afora un terreo en Vilar a Pai Estévez e a súa muller Mariña Pérez”.

Data: “VIII idus martii, era MCCLXXXV^a” .

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 28, fol. 11.

1247-abril-6.

Ref.: Rey Caiña 1985: nº 105, pp. 427-8.

Rex.: “Pacto de benfeitoría entre as persoas que se mencionan e don Munio Fernández de Rodeiro”.

Data: “Era M^a CC^a LXXXV^a et VI dias andados de abril”.

Arq.: AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1086/3, 135 x 152 mm. Minúscula diplomática.

Not.: Bartholomeus notarius [de Ulloa] notuit.

1250.

Ref.: Ed.: Ferro Couselo, vol. I, nº 2, pp. 14-15.

Ed.:Lorenzo/Pérez *Montederramo*, nº 171.

Rex.: “Don Fernando García das Maus dá en foro a Pedro Xil e a súa muller Maior Rodríguez unha leira en Pidrisqueira”.

Arq.: AHPO. Montederramo, carp. C-9, nº 2.

Not.: Petrus Martini que notuit.

Obs.: Texto híbrido latín-galego: “et illa leira tomou donus Fernandus entrega de dona Teresia”, “e leuardes o pan a meu celeiro ena figgresía”.

[1250]:

Ref.: Ed.: “El fuero de Bono Burgo de Caldelas romanizado (año 1228)”, *BCMO* 3 (1906/1909), 412-416.

Ed.: Martínez Salazar 1911: nº 8, pp.15-21.

Rex.: “Foro outorgado ó Burgo de Caldelas (Parroquia de santa María de Burgo, concello de Castro Caldelas, Ourense).

Data.: “Facta carta apud Allariz era M^a CC^a LX^a vj.^o”.

Arq.: Arquivo da casa de Alba.

Obs.: “Es la fecha del fuero original, escrito en latín del tiempo y otorgado á aquella villa por D. Alfonso IX. En esta versión gallega se conservó, como era costumbre, la fecha y algunas fórmulas de original latino. No parece anterior al año 1250, y la publico la Excelentísima Señora Duquesa de Berwick y Alba en sus *Documentos escogidos de la casa de Alba*. Madrid, 1891, de donde la hemos copiado” (Martínez Salazar 1911: 15).

1250-xuño-11.

Ref.: Ed.: Fernández Villamil 1943: 116-8.

Cita: Miramontes Castro 1996: 336.

Rex.: “Sentenza sobre bens nas freguesías de Santiago de Cereixo e san Cristovo de Carnés (Vimianzo), a favor de Arias Pérez, abade de Moraime”.

Data.: “xi dias andados de janyro. In era m^a c^a lxi^o viij^o”.

Arq.: Museo de Pontevedra, perg., 111x325 mm. Letra minúscula francesa.

Not.: Per^oHenriques, notario jurado do Concello de Serenga por mandado do juit Martín Ramirit.

1251.

Ref.: *DocCastañeda*, pp. 363-4.

Rex.: “Elvira de Prada doa ó mosteiro de san Martiño de Castañeda varias herdades: dous casais en san Lourenzo, o que lle correspondía no igrexario e na igrexa de Iares, Paradela e Vilar de Eguas”.

Data.: “Era M^a CC^a LXXXIX^o”.

Arq.: AHN. Clero. San Martín de Castañeda. Leg. 2339. Perg. 47. .

Not.: Migael Fernandez clerigo.

1251-abril-14.

Ref.: Muñoz 1917 nº29, pp. 164 [reproducción do texto], 390 [transcripción].

Rex.: “María Vermúdez empeña as súas herdades en Soengas e en Millán a seu irmán Alvar Vermúdez por oitenta soldos de León”.

Data: “In era de mille e duçentos e octaenta noue, diez e oito días ante as kalendas mayas”.

1251-maio.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 304, p. 407.

Rex.: “Don Pedro, abade de san Andrés de Espiñareda (o Bierzo), afora un terreo en Rubiana a Martín Fernández e a súa muller Mariña Rodríguez”.

Data: “mense mayi, sub era MCCLXXXVIII”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 68, fol. 20.

Not.: Johannes García, presbíter.

1251-maio.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 305, p. 408.

Rex.: “Don Pedro, abade de san Andrés de Espiñareda, afora varias posesións en Rubiana a Xohán Martinz e a súa muller María Marcos”.

Data: “mense mayi, sub era MCCLXXXVIII”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 69, fol. 20.

1251-xuño-18.

Ref.: *Cartulario de Carracedo*, p. 324.

Rex.: “García González empeña a súa herdade de Cela e Fombasallá”.

Data: “era MCCLXXXIX en o mes de junio terza feyra XII dias por andar”.

Arq.: AHDAstorga, ms. do XVIII, fol. 435, nº 3.

Not.: Johan Rodriguiz, notario e jurado del conceylo de León.

1251-xuño-18.

Ref.: *Cartulario de Carracedo*, p. 325.

Rex.: “García González doa ó mosteiro tódalas súas herdades de Cela, Fombasallá, Parada e outros lugares, estando prisioneiro nas Torres de León”.

Data: “era MCCLXXX e IX en o mes de junio terza feyra XII dias por andar”.

Arq.: AHDAstorga, ms. do XVIII, fol. 436, nº 4.

1251-novembro-27.

Ref.: Ed.: M[anu]el C[astro] (*BCMOu* 5 (1914), p. 23), cit. por A. López 1916 como “mezcla curiosa de gal. y latín”.

Ed.: Ferro *Devanceiros*, vol. I, nº 3, pp.15-16. Inclúe foto do doc. entre as pp. 60 e 61.

Rex.: “Carta de aforamento que outogaron don Fernando García de Maus e a súa muller María Méndez a favor de Tomé Rodríguez e a súa muller Dominga Pérez dos bens que tiñan en Sindhín”.

Data: “V calendas decembris. Era .M.CC.LXXX.VIII”.

Not.: Petrus Martini das Manus qui notauit testis.

Arq.: AHPOu, Santa Clara de Allariz, pergamiño cortado por ABC.

Obs.: Híbrido latín-galego: “et tu quando veneris filaras tua hereditate de ianeiro a ianero et non perderes tu ista hereditate nen eu a prol dela”.

1252.

Ref.: *DocCastañeda*, pp. 364-5.

Rex.: “Elvira Pérez doa ó mosteiro de san Martiño de Castañeda varios casais e cabanas en Ime, Paradela, san Lourenzo e Vilar de Eguas”.

Data: “Era M^a CC^a LXXXX^a”.

Arq.: AHN. Clero. San Martín de Castañeda. Leg. 2339. Perg. 49..

Not.: Frater Fernandus notauit.

1252-abril.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 310, p. 412.

Rex.: “Don Gonsalbo, abade de san Pedro de Montes, afora varias posesións en Viobra a Fernán Pérez e a súa muller Mariña Sánchez”.

Data: “era MCCLXXX enno mes de abril”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 65, fol. 193.

1252-maio.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 311, p. 412-3.

Rex.: “Don Gonsalbo, abade de san Pedro de Montes, afora varias posesións en Saguaza a Pedro Fernández e a súa muller María Eanes”.

Data: “mes de mayo. Sub era MCCLXXXX^a”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 56, fol. 12.

1252-outubro.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 312, p. 413-4.

Rex.: “Pay Perez e súa muller Sancha Gómez vende a herdade de Valdecana a don Gonsalvo, abade de san Pedro de Montes”.

Data: “mense octobrii. Sub era MCCLXXX^a”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 299, fol. 73r.

Not.: Fernandus Pelagii.

1252[?]-novembro.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 313, p. 414-5.

Rex.: “Don Gonsalvo, abade de san Pedro de Montes, vende unha herdade en Saguaza a María Pérez e a seus fillos Gonsalvo Muniz e Maior Muniz”.

Data: “mes de novembrio. Sub era MCCLXXXII^a”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 55, fol. 12.

1252[?]-novembro.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 314, p. 415-6.

Rex.: “Dona Xusta doa propiedades a san Pedro de Montes en Vilar de Xudeus”.

Data: “mense novembris. Sub era MCCLX”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 27, fol. 15r.

Not.: Johannes presbiter .

1253-xuño.

Ref.: *Cartulario de Carracedo*, p. 335. .

Rex.: “Miguel Domínguez vende a Pedro Moniz tres sortes de viñas en Robredo”.

Data: “mense junio era MCCLXXXXI”.

Arq.: AHDAstorga, ms. do XVIII, fol. 381v., nº 37.

Not.: Frey (comido) *-siv-* notuit.

1253-xuño-2.

Ref.: *CDOseira* nº 702, p. 662.

Rex.: “Pedro Muñoz, prelado de santa María de Covas, véndelle ó abade de Oseira propiedades en Outeiro”.

Data: “Era M^a CC^a XC^a I^a, III^o nonas iunii”.

Arq.: AHN, 1525/20. Perg., 210x100 mm. Gótica cursiva. *Obs.:* Híbrido latín-galego. “Sabuda cousa sega qui eu Petro Munioni ...vendo totis montis \quoos/ vos britastis et ficarum pur britar, ... et de / ipsis casali d’Outeiru, qui fui di Rudrigo Pelegrín, qual eu et germana mea tenemus de vos in vita nostra ... qui semper anpare ipsa eredade de mea germana et de toto omme qui a demandar”.

1253-xullo-8.

Ref.: Ed.: Pallares/Portela 1971: 120.

Ed.: Montero-Santalha 2002: 197-200. Ignora a publicación previa e non indica o arquivo de onde procede. Fai dous tipos de edición, unha paleográfica e outra chamada “filológica”, onde introduce grafías inexistentes no orixinal, tales coma os dígrafos *nh* e *lh* para as palatais.

Rex.: “Don Fernán Anes, ricome de Toroño, renuncia a sacar xugada en Toroño para o exército do rei nos cotos de Oia, ó recoñecer como verdadeiros os privilexios reais que lle mostrou o abade”.

Data: “era M.CC.LXXXX.I ... VIII dias andados de julio”.

Arg.: AHN. Clero Oia, carp. 1801/9.

Not.: Rodrigo Sanchiz notario de don Fernan Anes.

1253-xullo-13.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 316, p. 418.

Rex.: “Dona Mariña e seu marido don Afonso venden a don Goncalvo, o abade de san Pedro de Montes, as súas herdades en san Pedro de Trones”.

Data: “era de mil e CC e LXXXXI annos XIII dias andados de julio”.

Arg.: AHDAstorga, TVM nº 90, fol. 15r.

1253-décembro.

Ref.: *Cartulario de Carracedo*, p. 337.

Rex.: “Arias Méndez de Naraia e seu irmán Pedro Méndez doan ó mosteiro de Carracedo a súa herdade de Cumbraos”.

Data: “mes de decembro, era MCCXCI”.

Arg.: AHDAstorga, ms. do XVIII, fol. 263v., nº 7.

Not.: Frey Johannes, monachus Carrazeti.

[1253-1254]-xaneiro.

Ref.: Ed.: López Ferreiro 1901: 182-4.

Reed.: Martínez Salazar 1911: nº 6, pp. 12-14 (reproduce a lectura de López Ferreiro).

Rex.: “Sentenza nunha cuestión entre o Abade de Antealtares (Santiago) e Xoán Chambarín e súa muller María Rodríguez”.

Data: Data borrosa, “pero en el año 1253 era Merino mayor de Galicia D. Rodrigo Suárez” (López Ferreiro); e engade Martínez Salazar (1911: 12-14): “Éralo también en el siguiente de 1254. *Lib.* 5 de *Sobrado*, f. 39”.

Arg.: AHDS (S. Martiño). Orix. perdido. Lucas (1999: I,541) xa non o atopou: “el documento no se encuentra actualmente en el archivo de san Martiño”.

Not. Munionis Petri notarii... auriensis.

Obs.: Cit. por Lucas 1999: I,541, que engade información ó rexesto: “García Fernández, hijo de Garavay [erro por “juez de Garavaes”], dicta sentencia ... por la heredad de Ormerital [erro por “Armental”]. Se añade la apelación de esta sentencia hecha por María Rodríguez ante el merino mayor del Rey en Galicia Rodrigo Suárez. (...) La data es aproximada”.

Parte do protocolo está en latín (“Hec est sententia quam tulit Garsias Fernandi iudex de Garauaes...”). A primeira parte do corpo ten trazos casteláns: “yo Garcia Fernandez uosso juyz ... et esta hereditat ... que lla dieran a esta Maria Roderiguiz que diesse della cada anno XXX. soldos de renda”; a partir da liña 9 (da edición de Martínez Salazar) xa son inequivocamente galegos. Na liña 26 anúnciase en latín a reprodución doutra carta, que comeza na liña 29, en galego, dirixida por Roi Suárez, meiriño maior, ós xuíces de Ourense.

1254-setembro.

Ref.: Sponer 1932-34: 116.

Rex.: “Don Pedro Bernáldez asigna un aniversario á igrexa de Santiago de Vilafranca”.

Data: “mes de septembro, era M^a CC^a LXXXX^a ij^a”.

Arg.: AHN, Meira (Lugo). Bernardos. Sta. María, P. 151. 158 x 164 mm.

Not.: Sancho Pérez notario.

1255.

Ref.: Ferro Couselo 1967: vol. I, p. 17-18, n^o 6.

Rex.: “Mendo Rodríguez e súa muller dona Xohana aforan a Pedro Rodríguez e a súa muller Sancha Pérez o Mato dos Vales en Mornementelos”.

Data: “E^a M^a CC et LXXXX.III”.

Arg.: AHPOu, Sta. Clara de Allariz. Perg. 174x118 mm.

Not.: L. Maraniz, scholaris.

Obs.: Híbrido latín-galego.

1255-xaneiro-22.

Ref.: Martínez Sáez 1988, n^o 29, pp. 61-62. Con foto do documento.

Rex.: “Foro feito por dona Mariña Rodríguez, abadesa de Sobrado de Trives, a Xoán Cerdeira, do casal que o mosteiro ten xunto á igrexa de Cerdeira.”.

Data: “era M^a CC^a LXXXX^a III^a anus”.

Arg.: AHN, Clero, Antealtares, carp. 521/4. Con extracto en Pauta de pergaminos A.1, VII/15. 150 x 165 mm. Pergamiño. Bo estado de conservación. Minúscula diplomática. Carta partida.

Not.: Pelagius Iohannis presbiter.

1255-febreiro-13.

Ref.: Murguía 1909: 134.

Ref.: “Sentenza dictada polo xuíz Fernán Pérez en preito entre o abade de Monforte e Martín Fernández sobre o portádego de Lemos”.

Data: “era I^a CC^a XC^a III^a et qt idus februarii”.

1255-xullo-10.

- Ref.:* Ed.: Duro Peña 1967, nº 8, pp. 59-60.
Ed.: Martínez Sáez 1988. Nº 30, pp. 63-64. Con foto do documento.
- Rex.:* “Mariña Rodríguez, abadesa de Sobrado de Trives, afora a Vasco Fernández e á súa muller Mariña Pérez a cabana do Cazapedo”.
- Data:* “era M^a CC^a LXXXX^a III anus ... Fecta carta et confirmada en o mes de iulio, X días andadus”.
- Arq.:* AA, Perg. Trives VII/48. 185 x 165 mm. Bo estado de conservación. Minúscula diplomática. Carta partida.
- Not.:* Pelagius Iohannis qui notujt.

1255-xullo-15.

- Ref.:* Ed.: Rey Caiña 1985: nº 139, p. 473.
Ed.: Maia 1986: 68. Con foto (p. 22).
- Rex.:* “Mariña Núñez concede a don Munio Fernández de Rodeiro dereito de prioridade á posible venda dos seus bens”.
- Data:* “Era M.^a CC.^a LXL.^a iij.^a et quotum j^{us} Julij” .
- Arq.:* AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1087/8, 100 x 110 mm. Carta partida por abc. Minúscula diplomática.
- Not.:* Johan de Santiago, notario de Portomarín.

1255-agosto-23.

- Ref.:* Cambón 1957: doc. 551, pp. 1369-1370.
- Rex.:* “Probanza sobre a herdade de Froiaza en Lougares”.
- Data:* “era M^a CC^a LXLIII^a et quot decimo kalendas septembris” .
- Arq.:* AHN Clero. Ourense, Melón. Carp. 1448/2.
- Obs.:* O protocolo está en latín, pero o resto do texto, escrito por outra man, en galego.

1255-setembro-22.

- Ref.:* Ed.: López Peña, na *CDH do BRAG*, 1915, nº 69, pp. 214-5.
Ed.: Ferro Couselo 1967, vol. I, nº 5, pp. 16-17.
Ed.: *CDMontederramo*, nº 189.
- Rex.:* “Testamento de Pedro Rodríguez de Xinzo”.
- Data:* “Era de mill et duzentos et nouenta e IIJ^{es} anos, XXIJ días andados de setembro”.
- Arq.:* AHN, Clero, Carpeta 1484/4.
- Not.:* Gonçaluo Martíiz, que a escriu´j per mandado de Pedro Rodríguez.

1255-outubro.

- Ref.:* Sponer 1932-34: 119.
- Rex.:* “Nuno Sánchez de Pallares vende a Pedro Páez unha herdade na igrexa de Fonmiñá e Vilagormar”.

Data: “mes d’utubro, sub era M^a CC^a LX^a iij^{am}”.

Arq.: AHN. Meira (Lugo). Bernardos. Sta. María. P. 154. 110 x 240 mm.

Not.: Domingo Gonzaluit, clerico de Vila Meana.

1255-novembro.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 327, p. 427.

Res.: “Don Fernando, abade de san Pedro de Montes, afora a Gonsalvo Núñez e a súa muller María Sánchez unha herdade en Saguaza”.

Data: “mes de novembro era MCCLXXXIII”.

Arq.: AHD Astorga, TVM nº 54, fol. 16r.

Not.: Martinus me fecit.

1255-décembro.

Ref.: Cambón 1957: doc. 559, pp. 1383-1384.

Res.: “Preito sobre dous casares en Pías ante Nuno Martíns, xuíz do Rei en Toroño, do que resulta condenado don Rodrigo Afonso”.

Data: “Era de mill et CC^{os} et XC iij annos eno mes de *dezeb*bro”.

Arq.: AHN. Clero. Ourense, Melón. Carp. 1448/6.

Not.: Johan Fernandez notario de Sovoroso la escrivío.

1256.

Ref.: Ed.: Murguía 1907: 2.

Ed.: Vázquez Saco 1943: 118-124. Non coñecía o publicado por Murguía: “no sabemos haya sido publicado hasta hoy”.

Res.: “Gonzalo Petri, fillo de Pedro Hourez da Sardiñeira, doa a Miguel, bispo de Lugo, os seus quíñons das igrexas de san Xoán de Loio, da Ponte do Arcediágo, de Casdanaia, do Hospital da Cruz e de san Mamede de Río”.

Data: “Era de M^a. CC^a. LXXXX^a. iiiij^{am}”.

Arq.: Murguía di: “pertenciente a la iglesia de Lugo, y del cual tenemos copia en nuestra colección de documentos”. Segundo Vázquez Saco, o orixinal está no AHN, libro 2º de pergamiños da Catedral de Lugo (leg. 729, f. 154), pero por esta referencia hoxe é ilocalizable. A edición de Vázquez Saco está feita a partir dunha copia do ACLugo: “entre los que se conservan del archivo catedral, uno de los primeros redactados íntegramente en el romance vulgar”, “el primer doc. gall. del suplemento al Tumbillo Nuevo, hecho el año 1804 por el competentísimo P. Rubiera. Ocupa también el primer lugar de la colección diplomática del inolvidable D. Buenaventura Cañizares, que hoy posee nuestro Archivo Catedral”.

Not.: Joan Petri notario do conceio de Monforte que a escriví por mandado deste Gonzalvo Petri.

Obs.: As diferenzas entre ámbalas edicións poden deberse a erros, a distintos criterios ou a seren de diferentes orixinais.

1256-febreiro-[15].

Ref.: Sponer 1932-34: 117.

Rex.: “O mosteiro de Samos dá en foro tres viñas a Xoán Suárez de Vilela (Vilafranca do Bierzo, León)”.

Data: “meado el mes de febreyro, sub era de M^a CC^a L XXXX^a iiii^a”.

Arq.: AHN. Samos (Lugo). Bieitos. San Xulián. P. (sic). 120 x 336 mm. Carta partida por abc.

Not.: Sancho Pérez, notario de Vilafranca, que la scriuj per mandado de Pedro Uermuez, ouenzal de Uillela.

1256-marzo-1.

Ref.: Ed.: Duro Peña 1967, n^o 9, pp. 60-1.

Ed.: Martínez Sáez 1988, n^o 31, pp. 65-6.

Rex.: “Foro da herdade de Vilanova feito pola abadesa de Sobrado de Trives, dona Mariña Rodríguez, a Domingo Miguez e a Seveiro Miguez”.

Data: “era M^a.CC^a.LXXXX^a.IIII^a. ... o primeiro día marcio”.

Arq.: AA, Perg. Trives VII/11. 145 x 140 mm. Estado de conservación bo-regular. Minúscula diplomática. Carta partida.

Not.: Pelagius Iohannis.

1256-maio.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, n^o 331, pp. 431-2.

Rex.: “Tereixa Fernández e Maior Fernández, con seu pai Fernán Pérez, véndelle a don Fernando, abade de san Pedro de Montes, as súas propiedades alende o río Sil, en Vilacideira e no Fabeiro”.

Data: “era de mil e CC e LXXXX e IIII annos eno mes de mayo”.

Arq.: AHDAstorga, TVM n^o 303, fol. 74r.

1256-maio.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, n^o 332, p. 432.

Rex.: Don Fernando, abade de san Pedro de Montes, permúttalle uns bens a Rui García, cabaleiro en Orellán”.

Data: “Era MCCLXXXIII annos eno mes de mayo”.

Arq.: AHDAstorga, TVM n^o 353, fol. 87r.

1256-xuño.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, n^o 333, p. 433.

Rex.: “Pero Moniz, xuíz de Valdeorras, restituélle ó convento de san Pedro de Montes propiedades en Bobaños, san Cristovo e Quereño”.

Data: “mes de junio. Era MCCLXXXIII”.

Arq.: AHDAstorga, TVM n^o 29, fol. 11.

1256-xuño-1.

Ref.: *CDOseira*, nº 758, p. 719.

Rex.: “Mariña Eanes doa a Xil Rodríguez, fillo de don Rodrigo Fernández de Rodeiro, un casal en Allariz”.

Data: “era de mil ducentos et noventa et quatro annos, na primeira quinta feyra de iuyo”.

Arq.: AHN 1527/7. Perg., 250x110 mm. Gótica cursiva.

Not.: Fernandus Pelaii canonicus et notarius lucensis.

1256-xullo.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 334, p. 433-4.

Rex.: “Rui Fernández Pico fai preito e avinza con don Fernando, abade de san Pedro de Montes, sobre unhas propiedades en Turienzo a cambio doutras en Borrenes”.

Data: “era MCCLXXXVIII, eno mes de juliu”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 182, fol. 49.

1257-abril.

Ref.: *DocCastañeda*, nº 201, pp. 367-8.

Rex.: “Pedro Álvarez fai doazón ó mosteiro de san Martín de Castañeda de tódalas súas herdades en Casoio, coa condición de que o mosteiro o amparase”.

Data: “mes de abril, Era Mª CCª XCV”.

Arq.: AHN. Clero. San Martín de Castañeda. Leg. 2339. Perg. 51.

1257-abril-26.

Ref.: Ed.: Martínez Salazar, 1911: nº 8, pp. 22-24.

Cit.: López Sangil (2002: nº 356, p. 425) dátao no 24 de abril.

Cit.: *Catálogo ARG*.

Rex.: “Mayor Rodríguez renuncia a favor de Monfero a uns bens en Obaña [hoxe o Baño] e Mugar dos, que litigaba co mosteiro”.

Data: “era de mil e CC^{os} e LXXXV. anos. Sex días antas kaendas mayas”.

Arq.: ARG. Nº 114. Monfero. Perg. Carta partida. 240 x 150 mm. Letra de albalás (segundo o *Catálogo ARG*).

1257-maio.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 336, p. 435-6.

Rex.: “Dona Maior Pedres, muller que foi de Alvar Núñez de Turienzo véndelle a don Fernando, abade de san Pedro de Montes, as súas propiedades de Sancha Fernández en Turienzo “.

Data: “mes de mayo. Era MCCLXXXV”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 186, fol. 50r.

1257-maio.

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 337, p. 436-7.

Rex.: “Guter Fernández Piquelos e outros venden as súas propiedades en Turienzo a don Fernando, abade de san Pedro de Montes”.

Data: “mes de mayo. Era MCCLXXXXV”.

Arq.: AHD Astorga, TVM nº 184, fol. 50.

1257-xuño-1: .

Ref.: Ed.: Martínez Salazar, 1911: nº 9, pp. 24-25.

Ed.: Pallares 1979, nº 46, pp. 306-7. Esta edición ten bastantes diferenzas coa de Martínez Salazar, ó que cita, sobre todo nos apelidos das testemuñas.

Cita: *Catálogo ARG*.

Rex.: “O abade M. Pérez e o convento de Sobrado compran a dona María Pérez a herdade que tiña en Armeá (A Coruña)”.

Data: “Era M.^a CC.^a. XC.^a V.^a et quot kalendas junias” (M.S).

Arq.: ARG. Nº 114. Monfero. Perg. Carta partida. 240 x 150 mm. Letra de albalás (segundo o *Catálogo ARG*).

Not.: Martinus Pelaez notario jurado do Concelio de Betanzos e da terra de Nendos.

Obs.: “Es la María Balteyra tan criticada por los trovadores del Cancioneiro da Vaticana. Habíamos publicado este interesante documento en la *Revista crítica de Historia y Literatura*. Octubre de 1897” (Martínez Salazar 1911: 24).

1257-xuño-8.

Ref.: Sponer 1932-34: 128.

Rex.: “Dona Teresa Gómez doa ó mosteiro de Meira os bens herdados de seu pai en Meira, Caraño, na Muíña e en Outeiro”.

Data: “viiij dias andados de junio, sub era de myll et CC et noueynta et v. anos”.

Arq.: AHN. Meira (Lugo). Bernardos. Sta. María. P. 160. [É a Carp. 1135/11]. 213 x 223 mm.

Not.: Martín Eanes, notario jurado do concello da Cruna.

1257-agosto-3.

Ref.: Ed.: Rey Caiña 1985: nº 146, pp. 485-6.

Ed.: Maia 1986: 69.

Rex.: “Don Munio Fernández de Rodeiro cambia unhas propiedades que posúe en Guillarei, Miñor, Tebra e Toroño por outras que posúen os irmáns Arias e Fernando Nuñez en Pousa da Pena, Lemos, Asma, Casar da Costa, Bións, Leiro e Nendos.”.

Data: “.iiij.^{es} dias andados d’agosto. In E.^a M.^a CC.^a LXL.^a V.^a”.

Arq.: AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1087/16, 160 x 190 mm. Minúscula diplomática.

Not.: Petrus Johannis, publicus notarius Montis Fortis.

1257-setembro.

Ref.: CDMontederramo, nº 196. Cit: Leirós 1951: nº 766.

Rex.: “Sancha López e súas irmás véndenlle ó mosteiro de Montederramo a súa herdade do Coto”.

Data: “era M^a CC^a LXXXX^a V^a, jn mense september”.

Arq.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 766.

Not.: Pedro Gunçálvez, que a fez.

1257-setembro.

Ref.: Ed.: Ferro Couselo 1967, vol. I, nº 7, pp.18-19.

Ed.: CDMontederramo, nº 197.

Rex.: “Pedro Pérez de Manzaneda e a súa muller danlle ó mosteiro de Montederramo un casar en Castrelo e o mosteiro dálles outro en usufruto na mesma vila”.

Data: “mes de setembro, en era M^a CC^a LXXXX^a V^a”.

Arq.: AHN, Clero, Carpeta 1484/6.

Not.: Pedro Gunçálvez.

1257-setembro.

Ref.: Tombo SPedro de Montes, nº 339, p. 439-440.

Rex.: “García Eanes de Benavente dóalle a don Fernando, abade de san Pedro de Montes, a súa chousa en Morales de Rei”.

Data: “era de mil e CC e LXXXXV annos, enno mes de setembro”.

Arq.: AHDAstorga, TVM nº 166bis, fol. 45.

Not.: Fernandus Dominici monachus.

1257-setembro-5.

Ref.: Cal Pardo 1984, nº 12, p. 246.

Rex.: “Doazón feita ó mosteiro de Pedroso por Xoán Vermúes de Mandiá e Lope García de Mandiá de varias herdades sitas en santa Mariña do Monte”.

Data: “a v.^a días de setenbro, Era de mill et XXLXXXXV annos”.

Arq.: ACMondoñedo. CDP nº 12: Ibi. Orix. perg. de 254 x 245 mm.

Not.: Pedro Rodrigiz, notario público del Rey en Trasancos.

1257-outubro.

Ref.: CDMontederramo, nº 198. Cit: Leirós 1951: nº 768.

Rex.: “Fernán Fernández de Aguil e os seus fillos véndenlle ó mosteiro de Montederramo as herdades que teñen en Aguil”.

Data: “Era M^a CC^a LXXXX^a V^a, jn mense outubro”.

Arq.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 768.

Not.: Pedro Gunçálvez notario.

1258-febreiro.

Ref.: CDMontederramo, nº 204. Cit: Leirós 1951: nº 784.

Rex.: “Xoán Andreu do Souto e a súa filla véndenlles a Eldora Pérez e ós fillos de Xoán Fernández unha herdade sobre a fonte de Pousada e unha casa na freguesía de santa Tegra”.

Data: “mes de feureyro, en era M^a CC^a LXXXX^a VJ^a”.

Arq.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, n^o 784.

Not.: Pedro Gunçálvez .

1258-abril.

Ref.: *CDOseira*, n^o 814, p. 780. Cit: Leirós 1951: n^o 795.

Rex.: “Convenio establecido entre María Eanes e outro particular sobre unhas herdades en Ribadavia”.

Data: “Era M^a CC^a LXL^a VI^a et quotum mense aprilis”.

Arq.: ACOu, monást., n^o 795. Carta partida por abc. Perg., 120x210 mm. Gótica cursiva. Texto deteriorado.

Not.: Petro Rodriguiz iurado taballiom do concello de Ribadavia.

1258-abril-8.

Ref.: Ed.: Rey Caiña 1985: n^o 155, pp. 499-500.

Ed.: Maia 1986: 70-71.

Rex.: “Testamento de Fernando Núñez de san Cibrao”.

Data: “Era de mill CC^a LXL^a VI^a et quotum idus aprilis”.

Arq.: AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1088/1, 105 x 245 mm. Minúscula diplomática.

Not.: Diego Martínez.

Obs.: Hai bastantes diferenzas de edición, debidas sobre todo a distintos criterios editoriais, resolución de abreviaturas e interpretación da puntuación.

1258-xuño.

Ref.: Ed.: Ferro Couselo 1967, vol. I, n^o 8, pp. 19.

Ed.: *CDMontederramo*, n^o 207.

Rex.: “Pedro Eanes de Lampaza e súa muller véndenlles ó mosteiro de Montederramo a oitava do casar onde el mora, unha leira en Outeiro Rabioso e todo o que ten en Lampaza”.

Arq.: AHPOu, Carpeta C-9, n^o 3. .

Not.: Pedro Gunçálvez.

1258-xuño-5.

Ref.: Ed.: Muñoz Rivero 1917 n^o 15, pp. 150 [reprodución do texto] e 384 [transcrición]. Datado polo autor en 1228, por basearse nunha copia que non ten o x aspado.

Ed.: Rey Caiña 1985: n^o 159, p. 505.

Ed.: Maia 1986: 71-72. Reproduce esta ed.: Martins 2004: 517.

Rex.: “Don Munio Fernández de Rodeiro doa vinte soldos pola casa que fixo en Negrelle”.

Data: “Era .M.^a CC.^a LXL^a vj^a et quotum X^o nonas Junii”. [x aspado].

Arg.: AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1088/5, 54 x 141 mm. Minúscula diplomática.

Not.: Johannes de Leiro scripsit de mandatum don Munio.

Obs.: Rey Caiña e Maia reproducen o documento do AHN, pero o que publica Muñoz Rivero é outro texto lixeiramente diferente e de letra distinta, que non foi localizado. As diferenzas máis significativas son a presenza do x aspado no documento do AHN (que, por tanto, sitúa a data 30 anos máis tarde cá proposta por Muñoz Rivero), e a ausencia de texto na última liña, que fai modifica-lo nome do escriba: “Michael Iohannis <<clerico de Zolle, Johannes de Leiro>> scripsit”, de maneira que no de Muñoz Rivero quen figura como escriba é *Michael Iohannis* en vez de *Johannes de Leiro*, como consta correctamente na edición de Rey Caiña. Maia, estrañamente, non desenvolve o *J* da inicial do nome, co que queda un equívoco “Michael Iohanis clerico de Zolle j de Leiro, scripsit”.

1258-setembro-8.

Ref.: *CDOseira*, nº 818, pp. 783-4. Cit: Leirós 1951: nº 809.

Rex.: “Convenio suscrito por Rodrigo García, meiriño maior de Galicia, e súa muller Elvira Fernández con Pedro Fernández, prior de Oseira, polo que reciben dous casais en Alceme e Rioboo, renuncian a unhas herdades en Barbantes e dan cen moravedís”.

Data: “VIIIº dias passados de setembro en era de mille et CC LXL VI”.

Arg.: ACOu, monást., nº 809. Carta partida. Perg., 130x210 mm. Minúscula diplomática.

Not.: Iohan Viviaz monges de Oseyra et notario.

1258-setembro-17.

Ref.: Rey Caiña 1985: nº 161, pp. 507-8.

Rex.: “Preito entre Munio Páez, abade de Ferreira de Pallares, por unha parte, e Xoán Paez e Pedro Muñoz pola outra, perante Sancho Moniz, alcalde e xuíz de Monterroso”.

Data: “Era Mª CCª LXLª VIª annos, XVII dias de setembro”.

Arg.: AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1088/7, 128 x 198 mm. Minúscula diplomática.

1258-setembro-22.

Ref.: Ed.: Rey Caiña 1985: nº 162, p. 509.

Ed.: Maia 1986: 72-73.

Rex.: “Munio Páez, abade de Ferreira de Pallares, troca algunhas propiedades con Pai Rubio e á súa muller Mariña Núñez”.

Data: “Era .M.ª CC.ª LXL VIª et quotum Xº Kalendas Octobbris”.

Arq.: AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1088/8, 120x138 mm.
Carta partida por abc. Minúscula diplomática.
Not.: Fernandus Iohannis que notuit.

1258-novembro: .

Ref.: *Tombo SPedro de Montes*, nº 343, p. 443.
Rex.: “Guter Pérez de Turienzo véndelle a don Fernando, abade de san Pedro de Montes, propiedades en Turienzo”.
Data: “era de MCCLXXXVI, enno mes de novembrio”.
Arq.: AHDAstorga, TVM nº 188, fol. 50r.

1258-novembro-24.

Ref.: *CDOseira*, nº 820, pp. 785-6.
Rex.: “Varios veciños de Catasós véndenlle a don Rodrigo Fernández de Rodeiro e a súa muller María Fernández as súas herdades”.
Data: “Era M^a CC^a LXL^a VI^a et sunt facta VIII^o dies ante kalendas decenber”.
Arq.: AHN 1525/12. Perg. 190x120 mm. Gótica cursiva.
Not.: Arias Nunes capellan de don R. testemoia qui notuit.

1259.

Ref.: *CDMontederramo*, nº 209.
Rex.: “Acordo entre o mosteiro de Montederramo e Pedro Rodríguez Toseiro”.
Data: “era de mil et duzentos et noucenta et VIJ anos”.
Arq.: AHN, Clero, Carpeta 1484, doc. nº 9.
Not.: notario Johane Eanes de Baruncellj.

1259-febreiro.

Ref.: Ed.: Porta de la Encina 1986: 256.
Ed.: Fernández de Viana /González Balasch, 2002: 350.
Rex.: “O prior de san Xoán de Caaveiro, frei Martiño, fan preito e prazo a Pedro Pédrez, cabaleiro de Saa, sobre un agro sobre a igrexa de Vilanova en Sillobre”.
Data: “Era MCCXCVII e o quodum no mes de fevereiro”.
Arq.: AHN, Clero, 491/6; carta partida; minúscula diplomática currens.
Not.: Pedro Rodríguez, notario del rey dado in Trasanquos e in Bezouquos.
Obs.: Hai moitas diferenzas nas dúas transcricións, aparte das de criterio editorial. Na de 2002 falta texto que si se reproduce na anterior, e hai distintas interpretacións das mesmas secuencias: “en tal condision” (1986) vs. “en ... [sic] Cendrón” (2002) ou “un agro que jaz sobre la egreia de Villa Nova”, (1986) vs. “e

os outros “un agro que jaz so Oreia, egreia de Villanova” (2002).

1259-febreiro-15. .

Ref.: Ed.: Martínez Salazar 1911: n° 10, pp. 27-28. Tírao do “facsimile n° XIX do *Manual de Paleografía diplomática* polo Sr. Muñoz Rivero. Madrid 1880”. A edición da que nós dispomos é unha reed. de 1917, editada en facsímil en 1972, pp. 168 [reproducción do texto] e 392 [transcripción].
Ed.: Rey Caiña 1985: n° 165, p. 513.

Rex.: “Doazón de Xoán Pérez, crego de Soñar (Lugo), ó mosteiro de santa María de Ferreira de Pallares de varios igrexarios pola salvación da súa alma”.

Data: “Era de mil et CC^a et LXL et vii et quotum vx^o kalendas martii”.

Arg.: AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1088/11, 98 x 110 mm. Minúscula diplomática. .

Not.: Fernandus qui notuit.

Obs.: Hai dúas diverxencias significativa entre as edición de Muñoz Rivero e a de Rey Caiña. Neste caso non puidemos confrontalo orixinal, pois no AHN está actualmente ilocalizable (así consta no microfilm correspondente, onde se di que falta o 26/XI/1982, e o 12/nov./1993), de maneira que as decisións tomadas son especulativas. Por un lado, o nome do topónimo ó que pertence Xoán Pérez, *Sunar* segundo este e *Funar* segundo aquel. No documento reproducido por Muñoz Rivero parece ter o trazo propio do *f*, pero a identificación co actual top. *Soñar* parece favorece-la interpretación dun *s*. Por outro lado, Rey Caiña data o 25 de febreiro, tras transcribir “quotum VX kalendas marcii”); parece evidente que hai un erro na data, pois o número VX non existe. Rey Caiña calculou sobre as V kalendas, e a partir de aí datou no 25 de febreiro (en ano non bisesto). Con todo, parece máis probable un erro de inversión, é dicir, XV, tendo en conta ademais que a outra copia do documento tamén o indica así. Por tanto, a data proposta é o 15 de febreiro, correspondente ás “XV kalendas marcii”.

1259-febreiro-17.

Ref.: Ferro Couselo 1967, vol. I, n° 9, pp. 19-20.

Rex.: “Xoán da Maia vende a Lopo Estévez e a súa muller María Fernández a leira de Carballa Viriña en Azoreiros”.

Data: “Feita a carta XVII días de febreiro, en era de mill e CC^{tos} e XC^{tos} e XC^a e VII anos”.

Arg.: AHPOu. Perg. Santa Clara de Allariz, 170x 145 mm.

Not.: “Fernán Ianes, notario público del Rey en Allariz e in toda Limia”

1259-febreiro-19.

Ref.: Vaamonde Lores 1909: 63-4.

Rex.: “Rui Joanes de Castro vende a don Munio, abade do mosteiro de Sobrado, a sexta parte dos bens que ten na vila de Mandres, por 30 soldos toroneses”.

Data: “dez e noue días andados de febereyro. Era M. CC. XC. VII”.

Arq.: ARG. Tirado do *Tombo de la hacienda que esta real casa de santa María de Sobrado tiene hazia la villa de Ferrol y su tierra* (Col. Vaamonde Lores 6 (1) nº 13), letra do XVII, papel, 61 folios.

Not.: Pedro Petriz, veciño de Xenrozo, notario jurado del rey dado en terra de Pruzos.

1259-febreiro-23.

Ref.: CDMontederramo, nº 212. Cit: Leirós 1951: nº 820.

Rex.: “Mariña Eanes e seu marido véndenlle ó mosteiro de Montederramo as súas herdades en Senra, na freguesía de san Mamede de Forcas”.

Data: “VIJ días ante kalendas marcias, sub era de mill et CC et nonaginta et VIJ anos”.

Arq.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 820.

Not.: Pedro Gunçalvez, notario.

1259-febreiro-27.

Ref.: CDMontederramo, nº 214. Cit: Leirós 1951: nº 821.

Rex.: “Pedro Eanes véndelle a Pedro Paz, clérigo, as herdades que ten en Escuadro e en Castro e o seu quinhón do Agro do Castado”.

Data: “XXVIJ de feureiro, en era de mill et CC et XCª et VIJ anos”.

Arq.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 821.

Not.: Pedro Ffernández, de mandado de meu padre Ffernán Ianes, notario del rrey in Allariz et in toda Limia.

1259-febreiro-28.

Ref.: CDMontederramo, nº 215. Cit: Leirós 1951: nº 822.

Rex.: “María Eanes, outra María Eanes, con cadanseu marido, e Pedro Eanes e súa muller véndelles a Pai Viviez e á súa muller unha herdade en Cas do Marco, en Santiso”.

Data: “XXVIIJ días de feureiro, en era de mill et CC^{tos} et XCª et VIJ anos”.

Arq.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 822.

Not.: Pedro Ffernández, de mandado de meu padre Ffernán Ianes, notario público del rrey in Allariz et in toda Limia.

1259-marzo.

Ref.: CDMontederramo, nº 216. Cit: Leirós 1951: nº 823.

Rex.: “Don Xullán e súa muller véndenlle ó mosteiro de Montederramo as súas herdades en Senra”.

Data: “mes de marcio, en era Mª CCª XCª VIJª”.

Arg.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 823-A.

Not.: Johán Iohanes, que la iscriuiu per mandado de Pedro Guñáluez, notario.

1259-marzo.

Ref.: CDMontederramo, nº 217. Cit: Leirós 1951: nº 823.

Rex.: “Xoán Pérez das Viñas e a súa muller véndenlle ó mosteiro de Montederramo as súas herdades en Leborín”.

Data: [ano tomado do doc. 216, pois están no mesmo pergamiño].

Arg.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 823-B.

Not.: Johán Iohanes, que la iscriuiu per mandado de Pedro Guñáluez, notario.

1259-marzo.

Ref.: CDMontederramo, nº 218. Cit: Leirós 1951: nº 823.

Rex.: “Gonzalo Míguez, a súa muller e os seus fillos véndenlle ó mosteiro de Montederramo as herdades que teñen en Forcas e en Sacardebois”.

Data: [ano tomado do doc. 216, pois están no mesmo pergamiño].

Arg.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 823-C.

Not.: Johán Iohanes, que la iscriuío per mandado de Pedro Guñáluez, notario.

1259-marzo.

Ref.: CDMontederramo, nº 219.

Rex.: “Teresa Rodríguez e seus fillos véndenlle ó mosteiro de Montederramo unha viña en Sismiro e un souto sobre Mouca”.

Data: “era de mill et CC et nonaginta et VII anos”.

Arg.: AHN, Clero, Carpeta 1484, doc. nº 10.

Not.: Johán Iohanes, que la iscriuío per mandado de Pedro Guñáluez, notario.

1259-marzo-3.

Ref.: Ed.: Vaamonde Lores, *CDH do BRAG*, vol. III, 12-14; con foto do documento

Ed.: Romani / Otero-Piñeyro 2003: 58.

Rex.: “Rui Méndez vende a seu irmán Johán as herdades de Carballo Longo e Vilanova por cen soldos”.

Data: “Era .Mª. CC.LX^l.VII Tres días andados de marzo”.

Arg.: AHN, 1517/6, perg., orix., gal., gótica, 110x240.

Not.: Petrus Martin, notariu et prelado de Gestoso.

Obs.: Fóra das diferenzas de criterio, hai erros na última publicación: “morabetinos” (1969) vs. “soldos” (2003), “J. Franco” vs. “J. Rico”, “Fernán Pedrez” vs. “Fernán Pelaez”, respectivamente. A reprodución do documento na edición de Vaamonde Lores permite corrobora-las súas lecturas.

1259-abril-1.

Ref.: Sponer 1932-34: 142-3.

Rex.: “Venda feita por María Pérez e Azenda Pérez e os seus maridos, Nicolao e Pascual Martín, a Fernán Domínguez e á súa muller, María Pérez, en Outeiro de Xusao (Loio, Paradela)”.

Data: “Era M^a CC^a LX^a vij et iij dias ante kalendas aprilis”.

Arq.: AHN, Lugo. Catedral. P. II, 179. 51 x 82 mm.

Not.: Affonso Rodriguiz, notario juratus.

1259-abril-4.

Ref.: *CDOseira* n^o 839, p. 802.

Rex.: “Doazón dunha leira de Estevo e Tareixa García a seu pai, García Ovéquez”.

Data: “Era M^a CC^a XL^a VII^a, IIII dias andadus d’abril”.

Arq.: AHN. [Clero] 1516/18. Minúscula diplomática.

Not.: Petro Martín, notariu e prelado de Geestosa.

1259-maio-10.

Ref.: Fernández de Viana / González Balasch 2002: 351.

Rex.: “Sancho Fernández e a súa dona Maior Fernández, filla de Fernán Pérez de Andrade, venden ó mosteiro de Caaveiro as súas eguas por cincuenta moravedís leoneses”.

Data: “X días de maio andados, era de mille e dozentos e noventa e set<e> anos”.

Arq.: Arquivo da RAG, fondo Murguía, P-7/7; pergamiño; 160x170 mm., minúscula diplomática currens; con pequenos rotos na parte central.

Not.: Pedro Rodríguez, notario del rey dado in Trasanquos e in Bezouquos.

1259-xuño-21.

Ref.: Duro Peña 1996, n^o 335, p. 274.

Rex.: “Venda de bens en Xestosa. María Paiz, Pedro Paiz e Xoán Paiz véndenlles a Xoán Paiz e á súa muller María Anes o seu quión do souto da Lavandeira (dorso: de Geestosa) por 35 soldos”.

Data: “Era M CC LX VII, XXI andadus de iunio”.

Arq.: ACOu, Escrituras XIV, 110; orix. perg. 365 x 98mm.

Not.: Pedro Martiz prelado de Geestosa e notariu.

1259- xuño-22.

Ref.: Muñoz Rivero 1917 n° 21, pp. 156 [reprodución do texto] e 387 [transcrición]. Dátao en 1239.

Rex.: “Munio Páez, abade do mosteiro de santa María de Ferreira de Pallares, fai emprazamento con Rodrigo Núñez, prelado da igrexa de san Pedro de Lavalos, polo que lle dá un quiñón da igrexa de san Martiño de Meda a cambio dun quiñón do igrexario de Gomelle”.

Data: “In era M^a CC^a LXL VIJ et quotum X^o kalendas julij”.

Arq.: AHN, Clero, carp. 1085/1 bis. Perg. Carta partida por abc.

Not.: Ffernandus qui notuit.

Obs.: Muñoz Rivero publica un documento con lixeiras diferenzas co atopado no AHN, do que se dá a signatura; este é unha carta partida, con letra máis descoidada. A diferenza fundamental é a datación: no documento do AHN aparece un x aspado, e na reprodución fotográfica de Muñoz Rivero non. Outra das diverxencias é o desenvolvemento da inicial *M* correspondente ó nome do abade do mosteiro; Muñoz Rivero desenvolve como *Martinus*, que é o usual, pero entre 1250 e 1284 o abade de Ferreira era Munio Páez, de maneira que optei por este último nome.

1259-agosto-31.

Ref.: Rey Caiña 1985: n° 164, p. 512.

Rex.: “Dona Maior Fernández dóa ó mosteiro de Ferreira de Pallares as súas herdades en san Pedro de Recelle (Portomarín, Lugo) pola súa alma e a do seu marido, Pedro Fernández”.

Data: “Ffacta carta sub era M^a CC^a LXXXX VIJ^a et o quotum ij kalendas setembras”. O editor transcribe erroneamente “et o quotum II idus setembrao”, e por tanto data o 12 de setembro de 1259.

Arq.: AHN, Clero, Carpeta 1088/10, 112x134 mm. Minúscula diplomática.

Not.: Fernandus que notuit.

1259-setembro-1.

Ref.: Sponer 1932-34: 141-2.

Rex.: “Venda feita por Xoán Fernández, dito Roncha, a don Pedro Martiz, tendeiro, e á súa muller, María Iohanis, en Outeiro de Loio (Paradela)”.

Data: “Era M^a CC^a LX^a vij et en dya de kalendas setembras”.

Arq.: AHN, Lugo. Catedral. P. II, 163. 106 x 183 mm.

Not.: Affonso Rodriguiz, notario juratus.

1259-setembro-9.

Ref.: Sponer 1932-34: 142-3.

Rex.: “Venda feita por Nicolao Eanes e a súa muller María Guisa, a don Pedro Martiz, tendeiro, e á súa muller, María Eanes, en san Xoán de Loio (Paradela)”.

Data: “Era Mª CCª LXª vij et viiiº días andados de setenbro”.

Arg.: AHN, Lugo. Catedral. P. II, 157. 325 x 50 mm.

Not.: Affonso Rodríguez, notario juratus.

1259-outubro-9.

Ref.: CDMontederramo, nº 225.

Rex.: “Lopo Rodríguez e o seu fillo véndenlle ó mosteiro de Montederramo a súa herdade na vila de Queirugás”.

Data: “IX días pos kalendas outubroas, sub era Mª CCª LXLª VIJª”.

Arg.: AHN, Clero, Carpeta 1484, doc. nº 8.

Not.: Johane Eanes, notario de Baruncellj.

1259-novembro-6.

Ref.: CDMontederramo, nº 225. Cit: Leirós 1951: nº 844.

Rex.: “María Pérez e o seu marido véndenlle ó mosteiro de Montederramo as súas herdades en Aguil e danlle as herdades que compraran de Mariña Martiz”.

Data: “VJ días de nouembro, sub era Mª CCª XCª VIJª”.

Arg.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 844.

Not.: Pedro Gunçalvez, que la escriuj.

1259-novembro-13.

Ref.: Sponer 1932-34: 140.

Rex.: “Sentenza dada polo bispo don Xoán no preito entre don Pedro Pérez, comendador de Portomarín e Vivián Froiaz, prelado da igrexa de santa Eufemia de Vilarmosteiro (O Páramo)”.

Data: “idus nouembris, era Mª CCª LXª vij”.

Arg.: AHN, Lugo. Catedral. P. II, 94. 169 x 283 mm.

Not.: Johanis Martiz, publicus notarius dominj episcopi auriensis.

1259-décembro-1.

Ref.: CDMontederramo, nº 227. Cit: Leirós 1951: nº 845.

Rex.: “Pedro Fernández e Lourenzo Pérez, coas súas mulleres, e mais María Vázquez, véndenlles a Airas Pérez e a súa muller as súas herdades en Berrande”.

Data: “J día pus kalendas dezenbras, en era Mª CCª XCª VIIª anos”.

Arg.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 845.

Not.: Petro Moniz, notario público de Souto Vermuj, de mandado de Ffernán Ihoanis, notario del rey en todo Lima.

1260-febreiro-24: .

Ref.: CDMontederramo, nº 228. Cit: Leirós 1951: nº 852.

Rex.: “Aras Pérez de Caldelas cambia co mosteiro de Montederramo a súa herdade en Senra por dous casares en Pena Petada, en Trives, e renuncia ás súas demandas”.

Data: “era M^a C^a LXXXXVIIJ, XXIIIJ días andados do mes de feureyro”.

Arg.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 852.

Not.: Pedro Gunzáñez notario de Caldelas.

1260-marzo-16.

Ref.: Rey Caiña 1985: nº 178, p. 527.

Rex.: “Martín Froiaz e a súa muller dóanlle Munio Páez, abade do mosteiro de Ferreira de Pallares, e ó convento as súas herdades de Pallares pola salvación da súa alma”.

Data: “M^a CC^a LXXXX^a VIII^a et quatum XVI días andados de março”.

Arg.: AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1089/3, 165 x 82 mm. Minúscula diplomática.

Not.: Fernandus Johannis qui notuit.

1260-abril-6.

Ref.: Martínez Salazar 1911: nº 11, pp. 28-29.

Rex.: “Pedro Duraz Malath vende a Xoán Suarez de Escanoi a herdade que posúe no vilar de Escanoi, freguesía de S. Tírso de Ambroa (A Coruña)”.

Data: “vi días andados de abril. Era M.^a CC.^a LX^a VIIJ.^{aa}”.

Not.: Pedro Pedriz dito de Jenroço notario jurado del Rey dado in terra de Pruzos.

1260-maio-6.

Ref.: Ed.: Martínez Salazar 1911: nº 12, pp. 29-30.

Cit.: *Catálogo ARG.*

Rex.: “Xoán Pérez, Caharavell de Cendaye, vende a Miguel Doce e a súas irmás varias herdades na vila de Cendaye e no vilar de Golmar (A Coruña)”.

Data: “vi días andados de mayo. Era M.^a CC.^a LX^a VIII.^{aa}”.

Arg.: ARG. Nº 508 (164).Perg. Orix. 150x 110 mm. Letra de albalás (segundo o *Catálogo ARG.*).

Not.: Pedro Pedriz dito de Jenroço notario jurado del Rey dado in terra de Pruzos.

1260-maio-13.

Ref.: Martínez Sáez 1984: nº 40, pp. 82-83.

Rex.: “Venda feita Xoán Eanes e a súa muller Mariña Sánchez, a dona Urraca Fernández, da herdanza que tiñan na vila de Condelle, parroquia de san Xoán, por 15 soldos”.

Data: “XIII dias andados do mes de mayo, sub era M^a C^aC^a X^a C^a VIII”. [Con foto do doc.].

Arg.: AHUS, Pergamiños, Col. Blanco Cicerón, nº 165 (provisional), 135 x 145 mm. Perg. Minúscula diplomática. Bo estado de conservación.

Not.: Pedro Gonçalves, notario iurado de Caldellas, que a mandy fazer a Pedro Iohan, clérigo de Camba.

1260-setembro-24.

Ref.: Cit: Leirós 1951: nº 349:
Ed.: Romani, *Oseira*, vol. I, nº 325, pp. 316-7.
Ed.: Tato Plaza 1996.
Ed.: Souto Cabo 1996.

Rex.: “Testamento de Estevo Pérez”.

Data: “Era M^a CC^a LX^a VIII^a et octo días ante kalendas october”.

Arg.: ACOu, Monást. nº 348. Perg., 100x170. Minúscula diplomática. *Obs.:* Este documento foi mal datado por Romani, en 1230, por causa dun erro na lectura (inadvertencia do x aspa-do), erro que no que volveu incorrer Souto na súa edición de 1996; véxase o estudo feito por Tato Plaza 1996, quen o data correctamente.

1260-outubro-17.

Ref.: *CDMontederramo*, nº 232. Cit: Leirós 1951: nº 6210.

Rex.: “Pedro Rodríguez Toseiro e a súa muller fan un pacto co mosteiro de Montederramo polo que lle devolven a leira longa do Fachedo e reciben en usufruto unha viña en Alborés e un casal en Vilar de Cervos”.

Data: “era M^a CC^a LXL, VIIJ días. ... VJ^a feyra, XVIIJ días andados de outubro”.

Arg.: ACOu, Fondo de Pergamiños Monacais, nº 6210.

Not.: Gonçalves Barroso, públyco notario de Monte Rey.

1260-decembro.

Ref.: Ed.: López Peña, na *CDH do BRAG* (1915), vol. I, nº 80, pp. 246-7. Datao en 1230.

Ed.: Rey Caiña 1985, nº 188, pp. 541.

Rex.: “Preito entre don Munio Fernández de Rodeiro e dous homes de Moreira que se negan a paga-la facendeira por seren homes de behetría”.

Data: “Era M^a CC^a LXL^a VIII^a et ...”.

Arg.: AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1089/14, 97 x 200 mm. Minúscula diplomática.

Obs.: A edición de Rey Caiña ignoraba a anterior; hai algunhas diferenzas de lectura (amais de distintos criterios de edición), entre elas anacos que aquí non están lidos e na anterior si. A diferenza fundamental é a data: parece ter un x aspado, o que adianta a data 30 anos. A favor desta data está a presenza do personaxe protagonista, Munio Fernández de Rodeiro, noutros documentos coetáneos: 6-abril-1247, 3-agosto 1257, 5 de xuño 1258. En *Oseira* consta como meiriño do Rei en Galicia desde 1237 ata 1253. Ignoro por que Rey Caiña o data en decembro.

Fontes e bibliografía

- Cal Pardo, Enrique (1984): *El monasterio de san Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos. Colección documental*. A Coruña: Deputación Provincial.
- Cambón Suárez, Segundo (1957): *El monasterio de Melón (ss. XII y XIII)*. Tese de Doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Cappelli, Adriano (1930²): *Cronologia, cronografía e calendario perpetuo: dal principio dell'Éra Cristiana ai giorni nostri*. Milano: Ulrico.
- Catálogo ARG* = Arquivo do Reino de Galicia: *La lengua de Galicia en los documentos medievales: homenaje al milenario de las lenguas romances de España: catálogo documental, 6 al 28 de julio de 1978*. Madrid: Ministerio de Cultura, Subdirección General de Archivos, 1978.
- Cartulario de Carracedo* = Martínez Martínez, Martín (1997): *Cartulario de san Martín de Carracedo. Años 992-1500*. Vol. I, 992-1274; vol. II, 1275-1500. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos.
- CDH do BRAG* = *Colección de documentos históricos del Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña: Litografía e imprenta Roel, vol. I, 1915; vol. III, A Coruña: Moret, 1969.
- CDMontederramo* = Lorenzo, Ramón / María del Carmen Pérez (no prelo): *Colección diplomática do mosteiro de Montederramo*.
- CDOseira* = Romaní Martínez, Miguel (1989): *La colección diplomática de santa María de Oseira (1025-1310)*. 2 vols. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- DocCastañeda* = Rodríguez González, Ángel (1966/1970): “El Tumbo de San Martín de Castañeda”, *Archivos Leoneses* 20 (1966), 181-352, 21 (1967), 151-186, 24 (1970), 321-379. Reproducido en *El Tumbo del monasterio de San Martín de Castañeda*, León, 1973.
- Duro Peña, Emilio (1967): “El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives”, *Archivos Leoneses* 21, 8-86.

- Duro Peña, Emilio (1996): *Documentos da Catedral de Ourense*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (1992): “Nuevos documentos del monasterio de san Xián de Moraime”, *Historia, Instituciones, Documentos* 19, 161-170.
- Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio / M^a Teresa González Balasch (2002): “Pergamiños soltos do Mosteiro de Caaveiro”, *Cátedra* 9, 337-447.
- Fernández-Villamil Alegre, Enrique (1943): “Documentos medioevales del museo de Pontevedra. Siglos XII-XIII”, *MPontevedra* 2, 111-120.
- Ferro Couselo, Xesús (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia [Edición facsímil (1996). Vigo: Galaxia/Fundación Penzol].
- Filgueira Valverde, J. (1982): “O galego escrito, entre o latín e o castelán, no medioevo”, en Ramón Lorenzo / Dieter Kremer (eds.): *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do coloquio de Tréveris*. Santiago: Xunta de Galicia, 127-130.
- Gallego, Olga (1986): “Tumbo de las viñas de Ribadavia”, *Boletín Auriense* 16, 157-176.
- Jiménez Gómez, Santiago (1987): “O «memorial de aniversarios» da Catedral de Lugo como fonte para o estudio da sociedade medieval”, en *Jubilatio. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. I, 161-227
- Leirós Fernández, Eladio (1951): *Catálogo de los pergaminos monacales del Archivo de la S. I. Catedral de Orense*. Santiago de Compostela: Publicaciones de la Dirección General de Archivos y Bibliotecas.
- López Ferreiro, Antonio (1901): *Colección diplomática de Galicia Histórica*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica. Ed. facsímil: Santiago de Compostela: Edicións do Cerne, 1998.
- López Sangil, José Luis (2002): “Relación de la documentación del monasterio de santa María de Monfero”, *Estudios Mindonienses* 18, 279-740
- López, Atanasio (1916): *Estudios crítico-históricos de Galicia*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano.
- Lorenzo, Ramón (1996): “Emerxencia e decacencia do galego escrito”, en *I Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade, Santiago, 16-20 setembro 1996*. (no prelo).
- Lorenzo, Ramón (2003): “El gallego en los documentos medievales escritos en latín”, en Hermógenes Perdiguero Villarreal (ed.): *Lengua romance en textos latinos de la Edad Media. Sobre los orígenes del castellano escrito*. Burgos: Universidad / Instituto de la Lengua Castellano y Leonés, 161-192.

- Lorenzo, Ramón (2004): “Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas”, Rosario Álvarez / Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 449-458.
- Lucas Álvarez, Manuel (1999): *El archivo del monasterio de san Martiño de Fóra o Pinarío de Santiago de Compostela*. 2 vols. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referéncia á situación do galego moderno)*, Coimbra: I.N.I.C.
- Martínez Sáez, Antonio (1984): *Colección diplomática del monasterio de san Esteban de Chouzán (IX-XV)*. Memoria de licenciatura. Univ. de Granada.
- Martínez Salazar, Andrés (1909): “¿Un documento gallego de fecha equivocada?”, *BRAG* ano IV, nº 23, 232-236.
- Martínez Salazar, Andrés (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. A Coruña: Casa de la Misericordia.
- Martins, Ana Maria (2004): “A emergéncia do portugués escrito na segunda metade do século XII”, en Rosario Álvarez / Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 491-526.
- Miramontes Castro, María (1996): “Catálogo da documentación medieval do Museo de Pontevedra”, *Museo de Pontevedra* 50, 109-358.
- Monteagudo, Henrique (1994): “Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)”, en Elvira Fidalgo / Pilar Lorenzo Gradín (coords.) (1994): *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*. Santiago: Xunta de Galicia, 169-185.
- Montero-Santalha, José Martinho (2002): “Documentos medievais galegos (I)”, *Agália* 69/70, 197-200.
- Muñoz Rivero, Jesús (1917): *Manual de paleografía diplomática española*. Madrid: Daniel Jorro, 2ª ed., corrixida e aumentada. Reprod.: Madrid: Ediciones Atlas, 1972. [1ª ed., Madrid, 1880].
- Murguía, Manuel (1907): “De los primeros documentos en gallego”, *BRAG* a. II, nº 9, 1-2.
- Murguía, Manuel (1909): “Sentencia dictada por Fernán Pérez en pleito entre el abad de Monforte y Martín Fernández sobre el portazgo de Lemos, 13 de febrero del año 1251”, *BRAG* t. 3, a. 4, nº 30, p. 134.
- Novo Cazón, José-Luis (1986): *El priorato santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

- Pallares Méndez, M. Carmen (1979): *El monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia medieval*. A Coruña: Deputación Provincial
- Pallares Méndez, M. Carmen / Ermelindo Portela Silva (1971): *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía agraria y estructura social*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Pensado, José Luis (1991): “El gallego, entre *fabla visigótica* y *dialecto*”, en *Galicia en su lengua y sus gentes (ensayos)*. A Coruña: La Voz de Galicia, 51-53.
- Porta de la Encina, Antonio (1986): “Aportación al estudio del monasterio de Caabeiro”, *Estudios Mindonienses* 2, 225-258.
- Rey Caiña, José Ángel (1985): *Colección diplomática del monasterio de Ferreira de Pallares*. Tese de doutoramento. Univ. de Granada. Ed. en microficha.
- Romaní Martínez, Miguel / Pablo S. Otero-Piñeyro Maseda (2003): “Documentación del fondo de Oseira (AHN) relacionada con el monasterio de san Pedro de Vilanova de Dozón (1015-1295)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 50, 27-77
- Souto Cabo, José A. (1996): “O testamento de Estêvão Peres (1239). Aproximação à primeira escrita galego-portuguesa na Galiza”, *Revista de Filología Románica* 13, 123-149.
- Souto Cabo, José António (2003): “Dinâmicas da escrita romance na primeira metade do século XIII”, en Amália Mendes / Tiago Freitas (org.): *Actas do XVIII Encontro Nacional da (Lisboa, 2-4 de Outubro de 2002)*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, 795-914.
- Sponer, Margot (1932-34): “Documentos antiguos de Galicia”, *Anuari de l'Oficina Románica de Lingüística i Literatura* (Barcelona) 7, 113-192.
- Tato Plaza, Fernando R. (1996): “Sobre o testamento de Estevo Pérez. Lectura crítica e nova proposta de datación”, en *I Congreso Internacional A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Santiago, 16-20 setembro 1996*. Santiago: Instituto da Lingua Galega (no prelo).
- Tato Plaza, Fernando R. (1997): “¿Dous documentos en galego de 1229?”, en Ivo Castro (ed.): *Actas do XII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Braga – Guimarães, 30 de setembro a 2 de outubro de 1996)*, Lisboa: APL, vol. II, pp. 297-302.
- Tato Plaza, Fernando R. / Ana I. Boullón Agrelo (2004): “Fontes para o estudo da lingua medieval”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.): *(Discursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza)*. Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 709-770.
- Tombo de Caaveiro* = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio / Juan Carlos de Pablos Ramírez / M^a Teresa González Balasch (1996-

- 1997): “El Tumbo de Caaveiro”, *Cátedra* 3 (1996), 267-437, 4 (1997), 221-385. Reproducido en Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio / M^a Teresa González Balasch (1999): “El tumbo de san Juan de Caaveiro”, en *El monasterio de san Juan de Caaveiro*. Coruña: Deputación Provincial, 97-401.
- Tombo SPedro de Montes* = Quintana Prieto, Augusto (1971): *Tumbo viejo de San Pedro de Montes*. León: Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”.
- Vaamonde Lores, César (1909): *Ferrol y Puente deume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV precedidas de una breve reseña histórica de las granjas de Brión, Prioro y Noguerosa*. A Coruña: Tip. García Ybarra.
- Vázquez Saco, Francisco (1943): “Iglesias románicas de la provincia de Lugo”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo* 1, 118-124.
- Wright, Roger (2000): *El tratado de Cabreros (1206): estudio sociofilológico de una reforma ortográfica*. London: Queen Mary and Westfield College.

Siglas dos arquivos citados

- AA = Arquivo de Antealtares. Convento de San Paio. Santiago.
- ACMondoñedo = Arquivo da Catedral de Mondoñedo.
- ACLugo = Arquivo da Catedral de Lugo.
- ACOu = Arquivo da Catedral de Ourense.
- AHDAstorga = Archivo Histórico Diocesano de Astorga.
- AHDS = Arquivo Histórico Diocesano de Santiago.
- AHN = Archivo Histórico Nacional. Madrid.
- AHPOu = Arquivo Histórico Provincial de Ourense.
- AHPPo = Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
- AHUS = Arquivo Histórico Universitario de Santiago.
- ARG = Arquivo Histórico do Reino de Galicia. A Coruña. BN = Biblioteca Nacional. Madrid.
- RAG = Real Academia Galega.

A OBRA GRAMATICAL DE MARCIAL VALLADARES

XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
Universidade de Vigo

Dentro do conxunto da obra do polígrafo Marcial Valladares (1821-1903)¹, as súas contribucións gramaticais nunca recibiron especial atención (Carballo Calero 1970, Santamarina 1974, Henríquez Salido 1986, González Seoane 1992 e Rodríguez Castro 1993), dunha banda, porque a achega principal nesta disciplina, *Elementos de Gramática Gallega* (1892), permaneceu inédita ata 1970, e doutra, porque a súa formación gramatical era inferior á de Saco Arce, o seu predecesor máis afamado. Neste artigo caracterizaremos a Valladares como gramático da lingua e como estudioso interesado na súa codificación. A tal efecto analizaremos a gramática que a editorial Galaxia publicou postumamente e revisaremos os artigos que, facendo referencia a cuestións gramaticais en sentido amplo, permiten entender aquela dunha maneira cabal. O obxectivo último é avaliar os seus logros e deficiencias en termos de focaxe, organización e contidos gramaticais.

1. Os *Elementos de Gramática Gallega* (1892)

De aceptarmos as informacións que aparecen na primeira páxina do texto manuscrito, os *Elementos de Gramática Gallega*, obra inédita deixada aparentemente disposta para a súa publicación, estarían concluídos en 1892 no lugar de Vilancosta, na Ulla, actual concello da Estrada (Pontevedra), onde o seu autor, Marcial Valladares, viviu sen apenas viaxar os últimos corenta anos da súa vida. Non obstante, a gramática, tal e como nos advirte o autor no prólogo “Al lector”, representaba un empeño case xuvenil, xa que foran iniciados “por mera distracción” por volta do 1855, segundo el, cando Camino, Añón e Rosalía comezaban a publicar “n’a fala d’a terra” os seus primeiros versos. Postos a un lado para seren retomados despois dos artigos publicados en 1879 e 1888, tras unha delongada obra como literato, lexicógrafo e coleccionador de folclore, os *Elementos* constitúen a parte máis substancial da súa contribución gramatical ó estudo da

¹ Sobre a vida e obra do autor pode verse Fernández Salgado (2002, 2004).

lingua. As razóns que o moven a completar o traballo fanse explícitas igualmente no mesmo prólogo. Son tres: o desexo de xustificar a ortografía empregada no seu *Diccionario Gallego-Castellano* (1884); o querer dar a coñecer de maneira sinxela as regras gramaticais que, segundo el, deberían aprender todos os nenos e clases sociais; e, por último, a posibilidade de contribuír á maior gloria da patria.

Xa que logo, no breve limiar que antecede ós contidos gramaticais propiamente ditos aparecen as coordenadas básicas en que se sitúa o libro: a cronoloxía da composición, que engarza co rexurdir lingüístico e literario da segunda metade do XIX; as intencións –académicas, culturais e políticas– que moven o seu autor; e, entre liñas, a precariedade do movemento reflectida nas alusións á carencia dunha Academia “regional” que puidese acometer a tarefa, e a febleza da tradición gramatical na lingua autóctona representada polas gramáticas de Mirás, “en extremo deficiente”, e a de Saco Arce, “excelente, como libro de consulta, por ser de lo mejor que sobre el particular se há escrito” (Valladares 1892: 9)².

O quefacer gramatical en Galicia cara a finais do século XIX non era, en efecto, moi alentador para o estudo lingüístico do galego. Aquel centrábase particularmente no ensino da única lingua oficial do momento e participaba das preocupacións fundamentalmente prácticas que aquela tarefa levaba aparelladas, tales coma a descrición da variedade culta ou a corrección de canto barbarismo ou defecto a afeasen. Neste ambiente non é de estrañar que os inéditos *Elementos* que aquí estudaremos deixen translucir conceptos e intereses análogos con relación ó galego.

Vista no seu contexto, a nova gramática comparte un empeño patriótico similar ó dos tres estudos gramaticais publicados na década dos sesenta (Mirás 1864, Cuveiro 1868 e Saco Arce 1868). Non obstante, a súa factura é netamente distinta da que se entrevé nesas tres contribucións, xa que se aproxima máis ó herdo prescristivista da tradición gramatical española que tiña por centro a actividade da Real Academia Española (en adiante RAE) do que ó xiro historicista vernáculo documentado en torno ó 1895 (vid. Fernández Salgado 2000: 86). A gramática de Valladares, rematada en 1892, situaríase nun momento álxido (no sentido etimolóxico da palabra) de produción gramatical que acusa a frialdade da recepción das primeiras gramáticas e non chega a incorporarse ós novos ventos filolóxicos que se rexistran na última década do XIX culminados na publicación en 1909 dos *Elementos de Gramática Histórica Gallega* de García de Diego. O normativismo prescristivo que preside boa parte das apreciacións gramaticais vertidas nos *Elementos* afasta o texto de Valladares dos seus ante-

² Nas citas dos *Elementos* seguimos a paxinación da edición de Galaxia, 1970.

cedentes oitocentistas galegos e convérteo en predecesor do ciclo gramatical da época Nós (R.A. 1919, LUGRÍS 1928), moito máis atento á prescrición do que á pura descrición lingüística. Así e todo, a lingua vehicular utilizada no noso texto —o castelán— achégao á práctica común do rexionalismo decimonónico e arrédao da actitude nacionalista prevalente a partir da segunda década do século XX. En termos conceptuais, a gramática de Valladares é un produto autóctono mimético da ideoloxía gramatical española que dominaba o ambiente lingüístico e cultural das elites provinciais, tanto a través dos distintos graos de ensino coma do exercicio da administración estatal (debemos lembrar aquí os estudos universitarios do autor e os varios cargos político-administrativos desempeñados por el en Pontevedra).

Como o seu nome indica, os *Elementos* de Valladares son antes do que unha gramática completa propiamente dita unha contribución de certa entidade ó estudo e coñecemento lingüístico do galego. O mesmo autor deixa constancia dos seus propósitos no preámbulo teórico que precede ó primeiro apartado do libro onde fala das partes da gramática (1892: 11):

No es nuestro ánimo tratar con amplitud y separación de cada una de ellas en estos elementos; es, si, solo dar a conocer gramaticalmente algo del dialecto gallego, de ese dialecto que mamamos, a los que por flojedad, ó por capricho, le conceptúan indigno de su aprecio.

Segundo isto, non é a primeira intención tratar por extenso nin de maneira científica a gramática do galego, senón a de comunicar a un público pouco devoto do galego certos coñecementos lingüísticos que posibilitarían corrixir a lingua falada e escrita e reverterían na propia estima e consideración do galego. Conforme estas limitacións e destinatarios é como cómpre entender o seu carácter sintético e fragmentario, ademais da retórica comedida de que fai gala. As pretensións mitigadas, manifestas na redacción eufemística do parágrafo anterior, adquiren o verdadeiro sentido cando se repara nunha audiencia pouco atenta e favorable á lingua rexional. A *captatio benevolentiae*, neste caso, non fai máis que recoller os tópicos propios do provincialismo e do rexionalismo tardío (entre deles o do galego como dialecto materno, obxecto digno de aprecio), as únicas ideoloxías que pretenderon incidir, aínda que fose de maneira esquiva, sobre a educación lingüisticamente asimilacionista proxectada dende as institucións do estado durante a segunda metade do século XIX.

2. O concepto de 'gramática': definición e división

O máis revelador da parte introdutoria dos *Elementos* é, sen dúbida, a definición de gramática á que Valladares se acolle. Ningunha

das tres gramáticas galegas publicadas con anterioridade incluíra definición precisa do que en definitiva contiñan nas súas páxinas. A definición, malia non ser orixinal nin nos principios nin na redacción, é non obstante sintomática do tipo de gramática que os *Elementos* ofrecen. Di así (1892: 11):

Gramática gallega es el arte de hablar y escribir correctamente en gallego por medio de letras, cuyas diferentes combinaciones forman las sílabas de que se componen las palabras.

Segundo unha tradición milenaria, a maior parte dos textos gramaticais contemporáneos ó noso fanse eco de definicións similares que inciden nos aspectos técnicos da disciplina (“a arte”), destacados xa dende a primeira gramática coñecida (a *tekné grammatiké*), e na súa inclinación prescritivista (de aí a explícita alusión á corrección lingüística)³. A fonte máis inmediata de Valladares, segundo apuntou González Seoane (1992: 206), podería ser a definición aparecida nalgúnhas edicións da gramática da RAE publicadas no XIX, e cita en concreto unha de 1866 que a presenta como “el arte de hablar con propiedad y escribir correctamente”. Pola nosa parte, podemos precisar que conforme o traballo de Martínez González (1996: 17) no que se catalogan, seguindo a D. Fries (1989: 107-125, especialmente 117), as definicións recollidas nas *Gramáticas* da RAE, as que máis coinciden coa dos *Elementos* son as contidas nas edicións publicadas a partir de 1870: “el arte de hablar y escribir correctamente”, definición que a RAE mantivo ata o *Esbozo* (1973). Xa que logo, podemos inferir que o primeiro parágrafo dos *Elementos*, no que se presenta a gramática apelando á corrección da lingua falada e da escrita, é con toda probabilidade posterior á data de 1855 que o mesmo Valladares ofrecía no prólogo como suposto inicio da súa obra.

Se, como parece, a *Gramática* da RAE se encontra na base dos *Elementos*, non debe resultar estraño que a obra de Valladares comparta parecidos presupostos teóricos con relación ó papel que o xénero debería desempeñar na cultura lingüística específica á que era destinada. A fin de contas, o propio Valladares, educado nesa tradición, non esquece recordarnos na propia portada do manuscrito que era Correspondente da Academia Española dende 1880, co que, ó tempo, procuraba certa autoridade para o seu texto. Como se demostra nos numerosos estudos dedicados á función normalizadora da RAE (Carreter 1985², Sarmiento 1984, Fries 1989), a *Gramática* que a institución editou dende 1771 serviu de guía inequívoca no establecemento

³ A de Valladares non deixa de ser unha versión rutineira das definicións habituais nos tratados gramaticais da época que se remontan, segundo explica Lliteras (Salvá 1988: 32), á ofrecida por Diomedes na Antigüidade. A fórmula repetiríase na obra de Prisciano e xeneralizaríase nas gramáticas do Renacemento.

da norma. Na primeira edición, a corrección lingüística que a RAE persegue recae nos usos das persoas cultas e nos escritos dos “bos autores”, expresión que aparecerá mudada a partir de 1796 pola de “autores clásicos”, identificados polo xeral cos escritores do chamado “Século de Ouro”. No contexto galego da época, non obstante, tanto o usuario culto coma os usos literarios clásicos resultarían problemáticos para calquera que abeirase a idea de elaborar unha gramática sobre eses conceptos.

En todo caso, sexa cal fose o papel conceptual que a *Gramática* da Academia Española xogase nos fundamentos ideolóxicos en que se sustentan os *Elementos*, o que non se debería perder de vista é o feito de que as constantes do xénero gramatical, como corresponde a unha tradición de séculos transmitida ininterrompidamente, son sen dúbida moito máis poderosas cás pequenas innovacións e orixinalidades de cada nova gramática ou de cada nova tradición lingüística incorporada. De certo, a división cuadrupartita da disciplina que Valladares propón é a mesma que aparece nas gramáticas precedentes da tradición galega de Cuveiro (1868: 7) e Saco Arce (1868: 315-316), coa salvidade de que a “analogía” recibe en Saco a denominación de “lexicoloxía”. Para Valladares, como para a RAE dende 1796, esas catro partes da gramática son a “analogía”, a “sintaxe”, a “ortografía” e a “prosodia”, denominacións que, curiosamente, son as que máis se repiten na maior parte dos textos españois do século XIX segundo Calero Vaquera (1986).

O obxecto de estudo de cada unha das ramas é, na mesma tónica das constantes do xénero, o habitual na tradición gramatical española. Así, para Valladares (1892: 11) -ó igual ca na *Gramática* da RAE (1888: VI)-, o fin da analogía é ensinar a “conocer las palabras”, o da sintaxe o seu “uso, colocación y variaciones”, o da ortografía “el modo de escribir” e o da prosodia o seu “sonido y pronunciación”. Así e todo, Valladares advirte que está particularmente interesado na analogía, “primera y principal”, e que non será o seu propósito tratar separadamente de cada unha delas. E, en efecto, o texto cínguese ó estudo da analogía, se ben contén tamén observacións sobre as outras partes en varios dos apartados desta. Baixo as cinco primeiras seccións, rotuladas como “alfabeto”, “diptongo”, “sílabas”, “monosílabos” e “apóstrofo”, concéntranse consideracións que se adscriben ó que anteriormente identificara como ortografía e prosodia (pp. 11-25). Os tres apartados seguintes (“género”, “número” e “casos”), as varias seccións que dedica a cada unha das partes do discurso e os apéndices léxicos (pp. 25-117), compoñerían o corpo principal da gramática dedicado á analogía. Os apartados dedicados á frase, ós modismos, ós refráns e ás máximas (pp. 117-127) estarían a medio camiño entre esta e a sintaxe.

3. O prescritivismo dos Elementos

A característica que probablemente mellor define o tratado gramatical de Valladares é a súa actitude abertamente prescritiva. Dende un punto de vista normativo pode resultar interesante analizar cómo se deixa translucir esa focaxe e o modelo de lingua que se defende como correcta. Posto nos propios termos que Valladares emprega, a cuestión fundamental sería determinar qué significa “falar e escribir correctamente” en galego.

Como xa apuntamos, as gramáticas españolas do século XIX coinciden en destacar como paradigma do ‘bo uso’ a fala das persoas educadas ou cultivadas (Martínez González 1996: 18). Non obstante, ó longo do século, ó lado da gramática académica que amparaba ademais do uso e do costume o criterio tradicional de autoridade literaria, son cada vez máis os textos gramaticais que, seguindo a liña das gramáticas castelás de Salvá (1830) e Bello (1847), adoptan posicións máis favorables ó uso real das linguas. Rexeitando o loxicismo do século anterior, Salvá (1988: 120) refírese por exemplo ós “escritos o conversación de las personas doctas”⁴ e o americano Bello, tomando como cerne das súas investigacións a lingua oral, define a gramática no primeiro capítulo como “el arte de hablar correctamente, esto es, conforme al buen uso, que es el de la gente educada” (1988: 165). A *Gramática de la lengua castellana* de Salvá exercería, segundo nos advertiu González Seoane (1992: 207), “unha influencia considerable sobre Valladares”. O influxo, así e todo, resulta máis aparente do que real tal e como veremos nos criterios lingüísticos ós que Valladares adoita apelar.

O contexto bilingüe e diglósico da Galicia decimonónica non era comparable ó ambiente lingüístico en que operaban normalmente os gramáticos do castelán e isto determinaría unha certa actitude paternalista dos gramáticos galegos con relación á lingua na que estaban interesados. Valladares será, neste senso, un partidario a ultranza da regulación lingüística do galego, intentando defender a súa posición

⁴ No plano da teoría gramatical, á par das gramáticas da RAE aparecen outras que presentan un espírito máis renovador. A que rompe co loxicismo gramatical do XVIII é a do valenciano Vicente Salvá y Pérez, que consagra na investigación lingüística do español a observación da lingua que usan as persoas doutas. Salvá propón facer unha descrición gramatical do español da súa época e non impor uns usos determinados: “La gramática de la actual lengua castellana no es otra cosa que el conjunto ordenado de las reglas del lenguaje que vemos observadas en los escritos o conversación de las personas doctas que hablan el castellano o español”. Amais de servir para aprender a escribir correctamente a lingua, a gramática ten como finalidade: “señalar el rumbo que conviene seguir, para evitar el desaliño e incorrección del habla común, los errores de una gran parte de los libros que andan impresos y los casuales descuidos aun de los pocos que merecen ser propuestos por modelos de lenguaje y de estilo” (Salvá 1988: 67).

prescritivista de carácter erudito e elitista, a pesar de que as clases cultas xa case desertaran por completo do seu uso (1892: 125):

No faltarán desocupados, ó aristarcos que nos tachen de exigentes, si no es de pretenciosos, al detenernos en estos que llamarán refinamientos, propios más bien de la lengua castellana que de un dialecto relegado al ignorante vulgo y que *la gente culta, la gente fina casi no habla ya*” (o destacado é noso).

Tendo en conta a especificidade cultural e intelectual da Galicia decimonónica é preciso que, previo a calquera análise do modelo e criterios de corrección que Valladares e os seus predecesores favoreceron, consideremos os condicionantes que nun sentido ou noutro influíron na súa actividade lingüística:

1) Os gramáticos confrontábanse a unha lingua mal descrita e sen tradición de estudos filolóxicos nin gramaticais. Amais, a súa formación lingüística era pouco especializada.

2) A tradición escrita do galego era moi débil e, como consecuencia, a mesma escrita da lingua, o que hoxe se denomina grafización nos procesos de planificación lingüística, resultaba problemática. Os debates ortográficos centran boa parte das discusións lingüísticas do XIX.

3) Ante a ausencia dunha norma lingüística ou literaria que aglutinase a diversidade dialectal, os gramáticos sentíanse obrigados a abordar tarefas complexas de selección e codificación, discutibles en función dos criterios usados.

4) A preocupación case obsesiva por deslindar o que é propio do que é alleo, o que é puro do que está contaminado, o que é correcto do que é incorrecto, resultaba da constatación do bilingüismo crecente dentro da sociedade galega e da toma de consciencia ante unha situación verdadeiramente confusa de contacto e interferencia entre variedades lingüísticas próximas.

A presión que o castelán como lingua oficial comezaba a exercer de maneira visible sobre as variedades autóctonas do galego a través da Administración do Estado, da Escola e da Igrexa facíase evidente na frecuencia dunha serie de tópicos de orde sociolingüística que aparecen recorrentemente nos textos do século XIX que se ocupan do galego⁵. Algúns deles son:

1) O desequilibrio lingüístico a varios niveis (xeográfico, social e mesmo xeracional) como consecuencia do desprestixio social

⁵ Vid. Alonso Montero (1970: 19-27) e Hermida (1990).

do idioma. Determinados sectores da sociedade do medio urbano e vilego rexeitan o galego por consideralo símbolo de atraso, rusticidade e incultura. Este contexto favorece o cambio lingüístico interno e a aparición de idiolectos de transición. A fragmentación nunha especie de minifundismo lingüístico, como resultado da falta de liderado recoñecido dunha área dominante dentro do país, corre parella á erosión e nivelación dialectal na dirección da lingua oficial. Esta situación era, en todo caso, propicia á diversidade e ás tendencias disgregadoras antes que á uniformidade e os procesos de unificación lingüística que todas as gramáticas promoven de maneira propositada

2) A inexistencia de rexistros lingüísticos cultos provocada pola ausencia de institucións propias que operasen coa lingua autóctona. A presenza doutra lingua nos centros de poder locais favorece a diglosia e impide a elaboración de rexistros lingüísticos diversificados, neutralizando a modernización léxica e terminolóxica e o desenvolvemento de estilos e niveis dentro da mesma lingua.

3) A desintegración e deterioro do sistema lingüístico vernáculo, visible na introdución de castelanismos e na proliferación de formas híbridas. É consecuencia do transvasamento do prestixio a unha variedade lingüística esóxena.

Valladares, consciente observador da lingua e dos efectos sociais que pesaban sobre ela⁶, utilizará a súa gramática para tentar atallar os problemas aquí expostos sumariamente, ás veces aceptando e seguindo o exemplo e maxisterio dos gramáticos e lexicógrafos que o precederan, outras disentindo das súas opcións e actitudes. A diferenza do que ocorre nos tres primeiros textos gramaticais publicados, nos que predomina a descrición lingüística sobre as recomendacións prescritivas (Fernández Salgado 2000: 194-195), a actitude do noso autor dentro da súa gramática é as máis das veces abertamente prescritivista no sentido de valorar como mellores unhas formas lingüísticas sobre outras e coidar que deben ser promovidas sobre o conxunto da comunidade lingüística. Existen, con todo, exemplos a medio camiño entre a simple descrición e a prescrición moderada expresada nos termos de “Úsase”, cando a simple enunciación -aínda que non imperativa- aparece sesgada ou incompleta. É o que ocorre, por exemplo, cando nos *Elementos* se fala do uso do artigo cos nomes propios nos que se omite a opciona-

⁶ No prólogo “Al lector” dá a entender que a súa proposta de regras gramaticais ten por obxecto o facer conscientes ós galegos do que falan e escriben: “carecemos de regras gramaticales que tiempo es que aprendan los niños en las escuelas y se generalicen luego en las clases todas, *si han de tener mediana conciencia de lo que en gallego hablen y más aún de lo que en gallego escriban*” (as cursivas son nosas).

lidade, existente na lingua da época, con topónimos como Francia, España ou Galicia. Isto é o que indica Valladares (1892: 29):

Úsase el artículo delante de los nombres comunes, más no delante de los propios, excepto cuando se habla de reinos, provincias, montañas y ríos célebres. Así decimos: *a Francia*; [...] *a España*; [...] *a Galicia*; [...] *o Aragón*; [...] *os Pirineos*; [...] *o Douro*; [...] *o Sil*; [...] *o Ulla* &.

Tanto na estratexia prescritiva coma no patrón de lingua promovido, Valladares oponse fundamentalmente a Saco Arce, o gramático por excelencia do Rexurdimento galego do XIX. O Valladares de fins do século representa, sen dúbida, o arredamento da tradición gramatical galega establecida polo gramático ourensán que, non obstante, non tivo repercusións directas sobre as tarefas gramaticais posteriores polo feito de que o seu texto permaneceu inédito case cen anos. E certamente, en tanto que Saco basea a súa descrición no galego popular ourensán, Valladares parte nos *Elementos* do presuposto de que a gramática galega, en conformidade coa definición esbozada, é ante todo unha abstracción e idealización da lingua e, en consecuencia, debe responder a un certo ideal de corrección lingüística ó que deberían aspirar os galegos das “clases todas” (1892: 9), incluídos os que “saben y pueden algo”, é dicir, a xente “culto y fina de nuestra patria” (1892: 125). Ideas semellantes xa as expuxera en “Una reflexión” (1888b: 398).

Como xa sinalou González Seoane (1992: 210 e ss.), Saco representa canto a que modelo debía seguir o galego a tendencia “populárista”, que preconiza aproximar no posible o uso culto do idioma ó uso real dos falantes. En contraste, Valladares formaría parte dunha nómina de autores que constituirían a tendencia “cultista” da gramática do XIX, que consideraba que o galego popular, e especialmente o aldeán, eran “un cúmulo de vulgarismos e incorreccións” (González Seoane 1992: 211) e, por tanto, engadiríamos nós, precisaba ser pulido e elaborado sobre outras bases diferentes das estritamente populares. A liña gramatical “elitista” defendida por Valladares concordaría ideoloxicamente coas observacións de varios autores e eruditos da segunda metade do século XIX, entre os que destacan V. Turnes, M. Martínez González, E. Martelo Paumán ou A. Martínez Salazar (vid. Alonso Montero 1970: 42-45); Por outra banda, os traballos e notas gramaticais publicadas por Manuel Rodríguez Rodríguez (1892), aínda que xa tinguidas de consideracións históricas, alíanse igualmente coa posición cultista.

Non obstante, a afirmación anterior de González Seoane de que Valladares comparte unha visión negativa do galego popular ó rexistrar como erróneos ou vulgares vocábulos e construcións propia-

mente galegas -non sendo falsa-, cumpriría matizala polo aprecio que sentía e amosaba polos saberes populares. Pois se dalgunha maneira se pode caracterizar o “Valladares, home de letras” é, xustamente, a través da súa paixón polo folclore, que se plasma no interese por recoller cantigas, contos, refráns, expresións, palabras, tradicións... polas terras nativas da Ulla. En definitiva, Valladares é ante todo un gran estudioso e coñecedor do “popular” e un tenaz compilador da súas formas lingüísticas e literarias, aínda que iso non é obstáculo para que cando oficia de gramático se mova cos parámetros predominantes nas gramáticas españolas da primeira metade do século XIX: por unha parte, asumindo o herdo ideolóxico da gramática xeral que supoñía a existencia duns principios comúns a todas as linguas; por outra, adoptando moi en consonancia co modelo académico español unha actitude normativa de carácter elitista que ten como finalidade perfeccionar unha lingua que reconece como principalmente “popular” e “dialectal”.

Un exemplo de como Saco e Valladares abordan un mesmo fenómeno gramatical pode servirnos para ilustrar as diferenzas entre o descritivismo do primeiro, atarefado na investigación das peculiaridades dunha lingua dada, e o prescritivismo imperante no segundo, apoiado sobre todo na crenza dunha gramática común con criterios de corrección válidos para linguas distintas.

Dentro da sección dedicada ós tempos verbais, despois de rexeitar a existencia de tempos compostos con *haber*, Saco (1868: 67) pasa a describir a presenza singular do infinitivo conxugado en galego:

Una particularidad notabilísima del verbo gallego, es que el infinitivo que en las demás lenguas es modo impersonal, puede aquí conjugarse, como los otros modos, por personas, y números (b). También se emplea sin embargo, con frecuencia como indeclinable.

Na nota (b) aclara:

(b) Sin duda parecerá extraña esta doctrina aun á los mismos gallegos, si no han bajado la atención al análisis de su propia lengua; pero nada más verdadero. Los ejemplos que se aducirán en la sintaxis, lo comprobarán suficientemente.

A pesar de que o fenómeno contradecía aparentemente a corrección lingüística que amparaban tanto a gramática latina coma a española, Saco tenta operar co galego sen prexuízos, examinándoo con criterios internos á propia lingua e describindo o que encontra⁷. O latinista e

⁷ A modernidade do método case estrutural (repárese no uso da palabra que destacamos na cita que segue) co que opera Saco aparece patente neste parágrafo do prólogo da súa gramática: “Tal vez se me tachará en él de ser demasiado servil á causa

helenista ourensán confórmase con referir de maneira aséptica os usos lingüísticos e comparar as formas que analiza coas doutros tempos verbais da mesma lingua ou coas doutras linguas coas que o galego puidera ter relacións ou estar historicamente emparentado. Tras ofrecer o paradigma da primeira conxugación e actuando conforme o fai con outros aspectos gramaticais, Saco (1868: 70) opta por relacionalo formalmente co futuro de subxuntivo do propio galego e por desbotar a orixe grega a pesar da coincidencia formal.

A neutralidade do ourensán contrasta co estilo prescritivo do ullán. Dentro da sección dedicada á conxugación dos verbos regulares, Valladares (1892: 52-53) rexistra o feito lingüístico mencionando a Saco, pero no seu afán de perfeccionar a lingua sobre o modelo correcto do español proscribe o seu uso por innecesario e redundante. E para facer sentido disto cómpre remitir á súa idea de gramática e á definición do modo infinitivo (que evidentemente acaían ben ó latín e ó español): “Infinitivo es el que habla, sin atender ni á los números, ni a las personas, como haber, acabar, cantar” (Valladares 1892: 47). A partir de aquí, empregando un criterio lóxico e racional, o infinitivo persoal queda descartado e pode ser presentado como unha aberración gramatical por moito que dixera o seu gramático predecesor. Comenta Valladares (1892: 52-53) :

Esta conjugación, especie de futuro imperfecto de subjuntivo, creémos que ni es precisa, ni debe aconsejarse. Y que no es precisa, lo probaremos á medio de algunos ejemplos: *Para os meus asuntos andáren, estáren, ou íren ben arreglados: Ja non s'atôpan hômes para poda-las viñas e virá tempo de podáren as mullêres*. Quitémos á los infinitivos de estos verbos su terminación *en* y los ejemplos aducidos dirán, significarán lo mismo, pero de una manera más pura, más correcta.

Valladares inclúe as seis persoas do infinitivo cando rexistra o paradigma dos verbos regulares da 1ª conxugación e comenta que as entende como unha maneira menos pura de significar cá representada pola forma única do infinitivo non flexionado, pero evitaas voluntariamente no resto das conxugacións. Segundo el, o infinitivo conxugado debe ser desterrado do galego correcto ou relegado, como ocorre con outros feitos marxinais, ós usos literarios como simple licenza poética á que un pode recorrer se fose preciso: “maldita necesidad

del respeto que muestro á los modos de decir y de alterar la *estructura* (sic) de las palabras usados (sic) por la gente del campo pero á esto responderé: primero, que una lengua que apenas puede llamarse escrita, no puede tenerse por pura, sino tal como la hablan las únicas personas que no se han dejado contagiar del castellano[...]; segundo, que el examen atento y comparativo de esas alteraciones, al parecer opuestas a la corrección gramatical, me ha hecho conocer que tienen su fundamento en la naturaleza e índole particular de la lengua misma”.

tiene de la adición *en*, para significar lo mismo; solo, si, para llenar el verso”, afirma unhas liñas máis abaixo ó comentar un emprego nunha estrofa lida nun xornal. Páxinas máis adiante, Valladares (1892: 97) volverá sobre o infinitivo para lembrarnos que no galego a morfoloxía verbal adoita concertar co suxeito, se ben matiza que cómpre ter presente a prescrición recomendada con anterioridade:

En conclusión, o Valladares gramático amósase dialogante con Saco Arce, aínda que se opón a el tanto na focaxe coma en varios dos usos lingüísticos concretos que trata de regular. O prescritivismo que preconiza ten por obxecto a pureza, unidade e perfeccionamento da lingua, metas ás que aspira servíndose de criterios que en contados casos se desprenden da práctica ou dos usos actuais do galego.

Os xuízos tendentes a considerar as regras gramaticais do castelán como modelo de corrección do galego, que discutimos no exemplo do infinitivo persoal, aparecen de modo recorrente cando fai referencia a aspectos sintácticos e a algúns ortográficos e, en menor medida, cando atinxen á analogía e ó léxico en particular. O modelo de galego que Valladares propugna en 1892 aparece patente cando se teñen en conta dúas das obras expresamente citadas no texto nas que tamén prima o prescritivismo: a *Gramática de la lengua castellana* da RAE (citada nunha ocasión na páxina 19, cando ditamina o uso correcto das grafías <g, j, x>)⁸, e *Los defectos del lenguaje* de Emilio Álvarez Giménez (mencionada en tres, nas páxinas 108, 111 e 124, para proscribir unha serie de usos sintácticos e léxico-semánticos).

No que toca á ortografía, como xa anotaron Hermida (1987), González Seoane (1992) e nós mesmos (Fernández Salgado 2002), Valladares representa a terceira vía na principal disputa normativa que se desenvolveu na segunda metade do século XIX: a da representación do fonema /j/. No debate de 1888 as dúas principais correntes situábanse unha en torno á defensa da tradición gráfica antiga continuada polo portugués e outra a favor da innovación simplificadora nunha única letra, o <x>. A vía etimoloxista, defendida dende Pintos por un grupo importante de eruditos e estudiosos, propoñía o uso de tres grafías distintas (<g, j, x>) conforme a orixe e uso histórico. A alternativa fonémica, denominada “equista”, era a adoptada na gramática de Saco e mais na obra de Rosalía de Castro, e secundada por unha boa parte dos usuarios do galego escrito, incluída unha das publicacións de carácter popular de máis difusión da época, *O Tío Marcos da Portela*. Os “jotistas” representaban a versión ortográfica elitista, os “equistas” a populista. A proposta de Valladares, aparentemente encadrable na liña etimolóxica en tanto que predicaba o uso dos tres grafemas (cunha clara inclinación polo <j>), pretendía facilitar a dis-

⁸ O ano de edición que menciona (1736) é incorrecto, xa que a primeira edición da gramática da RAE é de 1771. Poida que se deba a un erro do editor.

criminação correcta do seu uso coa adopción do castelán como guía e non do latín, como en xeral propugnaban os etimoloxistas. A vantaxe social que obviamente tiña era o feito de que todos os usuarios potenciais do galego foran alfabetizados en castelán e, polo tanto, coñecían as súas regras ortográficas: “nosotros”, comenta Valladares (1892: 19), “escribimos y escribiremos, no *xe, xi*, sino *ge, gi* en las voces que así se escriban en castellano”, e igualmente di con *ja, je, ji, jo, ju*, “que el lector pronunciará como si escritas estuviesen con *x*”, reservando o *x* “únicamente para ciertos casos dudosos y algunas voces que en castellano lleven la *s*”.

Se o castelán podía ser utilizado na modelación da ortografía galega para favorecer a súa propia cohesión, as regras gramaticais do español podían servir igualmente en certos casos para axudar na corrección das supostas redundancias, incongruencias ou defectos que afectaban ó galego. Como xa con anterioridade sinalaron Santamarina (1974) e González Seoane (1892), Valladares condena no galego os erros que Álvarez Giménez advertira e proscribía no castelán que se adoitaba falar e escribir en Galicia. A efectos prácticos, dado que a maioría daqueles tiñan a súa orixe na transferencia de estruturas morfolóxicas e sintácticas da lingua autóctona á castelá, nos *Elementos* acababan por sancionarse como incorrectos usos lingüísticos enxebremente galegos coma estes (citamos exemplos de Valladares):

- 1) A ausencia da prep. *a* nas perífrases *ir + infinitivo, vir + infinitivo: vou ver quen chama, todo vén dar ali.*
- 2) A locución prepositiva *a por: vou á por un racimo d’uvas.*
- 3) O infinitivo xerundial: *Jan anda á pedir á limosna.*
- 4) A rexencia de *guindar* e *tirar* coa prep. *con: guinda co-esa pèdra, e con chamar (por), morrer (a), matar (a): créo que chaman por min.*
- 5) A ausencia da prep. *de* entre o verbo auxiliar e auxiliado na perífrase *haber + infinitivo: esa delor há pasar.*
- 6) A rexencia da prep. *de* con certos verbos, como *còidei de non facerche daño*; con outros que non a rexen (o que hoxe se denomina “dequeísmo”): *supoño de que virás á miña festa*; e en expresións onde non lle correspondía, como en *facerse (de) cargo.*
- 7) O uso de *en* co presente de *ir: vai en Santiago.*
- 8) Os usos de *acordar* que non sexan o reflexivo: *eso ja n’acorda, ja non m’acorda á leución, meu pai ind’acorda ós franceses.*
- 9) A locución *estar á pé: ás doce d’a nõite o meu señor inda’stá á pé.*
- 10) A concordancia xenérica co substantivo de *medio* cando ten función adverbial: *estou suando e teño a camisa media pegada ó corpo.*
- 11) O uso de *deprender* como sinónimo de *ensinar: bènía a señora que deprènde a doutrina ás suas criadas.*

12) Os usos redundantes de certos verbos cos seus de aditamentos: *rubir arriba, bajar abajo, entrar pra dentro*.

Para Valladares, como para outros cultivadores do galego do momento educados na cultura española, o mellor galego era o que dalgún xeito se podía corresponder coas formas e valores do castelán. Para efectos prácticos, dito nas palabras de reproche de Alonso Montero (1970: 44), isto equivalía ó “galego menos galego ou, doutro modo, o máis próximo ó castelán”. O curioso de toda esta particular concepción resulta de que Valladares, un ullán que tiña e coñecía o galego como lingua primeira⁹ e que quería facer gramática galega, asumía e aplicaba a mesma ideoloxía lingüística ca Álvarez Giménez, un profesor nacido en Zamora que chega destinado a Pontevedra como Catedrático de Instituto para ensinar boa lingua ós pontevedreses. Así e todo, un e outro comparten o feito de seren fillos bilingües do novo Estado do XIX. En fin, coa súa gramática galega, redactada en español, cos exemplos en galego sistematicamente traducidos a este, opera da maneira en que o fai imbuído da nova ideoloxía rexionalista bilingüe que acaba constituíndo o que hoxe coñecemos como Rexurdimento.

4. *O principio de autoridade*

O enfoque prescritivo que Valladares adopta nos *Elementos* é, sen dúbida, un fiel reflexo das ideas e concepcións lingüísticas dominantes entre as elites galegas que aspiraban a conseguir para Galicia e o galego a respectabilidade que lles correspondía no concerto das rexións españolas. Así e todo, contra finais do século XIX o vínculo real entre as clases altas e cultivadas de Galicia e o galego, tal e como o recordan referencias contemporáneas, tornárase feble de máis, tanto para demandar con firmeza o estudo e ensino do galego coma para tentar procurar a norma e a corrección lingüísticas exclusivamente entre os seus usos lingüísticos. Valladares, que formaba parte desta clase intelectual tanto por nacer no seo dunha familia acomodada e culta coma pola educación universitaria recibida, era obviamente consciente das limitacións e posibilidades do seu proxecto gramatical. Os ideais e valores lingüísticos que nela se propugnan (coma tal, o da aptitude do galego ou o amor e orgullo por unha lingua moi pouco valorada socialmente) debían de ser forzosamente sospeitosos para a boa sociedade educada na corrección gramatical española (implicitamente contraria ó galego).

⁹ No sentido de lingua aprendida dende novo, “como es el que mamá y hablo ordinariamente entre honrados labradores”, di no artigo “Escritura gallega” (1888a).

Neste contexto, só o feito de pretender unha certa autoridade lingüística para a gramática supoñía unha tarefa de difícil abordaxe. Valladares, formado no castelán, oscilará entre (1) a adhesión á propia autoridade que irradiaba da gramática española¹⁰, (2) a revisión crítica dalgún dos usos escritos contemporáneos (en ningún momento o autor chega a recoñecer algo así como unha tradición canónica de autores que puidesen servir de modelo lingüístico e literario) e (3) a morna e sempre desconfiada aceptación de usos lingüísticos populares, filtrados a través das súas propias investigacións folclóricas. A asunción, case cega, dos prexuízos lingüísticos de clase herdados da súa educación na gramática española e latina (e ata certo punto francesa) constituíu o tema principal da sección anterior. Nesta centrarémonos noutros dous aspectos: na revisión e crítica que propón dos procedementos ortográficos predominantes entre os poetas e cultivadores da lingua da época e no recurso, por defecto, á exemplificación a partir de textos da literatura popular, particularmente coplas.

En contraste co método empregado no *Diccionario Gallego-Castellano* (1884), a síntese gramatical de Valladares apenas contén exemplos de autores literarios¹¹. O carácter elemental e abreviado do texto a modo de extracto ou epítome, o pouco desenvolvemento adquirido pola prosa durante a segunda metade do século XIX e a ausencia na súa gramática dunha parte sintáctica non propiciaban realmente a factura dunha gramática de autoridades. Emporiso, seguindo o ronsel de Saco Arce e doutros compendios gramaticais do castelán que circulaban na época, Valladares recolle, a xeito de apéndice poético titulado “Poesías diferentes” (pp. 133-152), composicións de trece autores.

Se se deixa de lado o valor estético das mostras literarias elixidas, o significativo dos textos escolmados é que, igual ca Saco os presentara antes, todos aparecen editados seguindo os criterios e regras ortográficas preconizados ó longo da súa gramática, sobre todo no referido ós acentos como marca de abertura de vogais e ós guiños e apóstrofos; non así na grafización do /j/, onde aparentemente parece respectar a opción do autor (ou cando menos o texto fonte de onde o tomou). Na opinión de Valladares, esta intervención estaría xustificada tendo en conta que o momento literario do galego era aínda inestable se se xulgaban os logros estritamente ortográficos canto á acep-

¹⁰ É a autoridade que emana da Academia Española e da súa gramática para o castelán a que Valladares envexa e desexa para o galego. De certo en “Escritura gallega” (1888a) recoñece a urxencia de constituír unha Academia rexional, “un cuerpo científico”, que elabore unhas normas que sexan aceptadas por todos.

¹¹ Valladares incluíu no seu *Diccionario* 114 citas literarias poéticas de 33 autores do seu tempo, amais de 268 cantigas e 463 refráns (vid. Fernández Salgado 2004b). Pola contra, a única alusión directa rexistrada nos *Elementos* é a referencia ó uso do iode pentético por Rosalía, e o propósito non é precisamente o de autorizalo.

tación dun sistema común. Cando discute o que denomina a “gran cuestión sobre el modo de escribir el gallego”, o que comenta é precisamente a heteroxeneidade gráfica e a manipulación recíproca da grafía dos textos (Valladares 1892: 19):

La diversidad de pareceres nace en parte, a nuestro juicio, del cariño que, en fuerza de uso, han tomado unos a la *x*; otros a la *g y j*; tanto que si los segundos copian, ó reproducen, escritos de los primeros, cambian la *x* en *g y j* y estos al copiar escritos de aquellos, la *g y j* en *x*.

Á parte da cuestión do uso de <g, j, x>, Valladares tratou tamén dos outros temas ortográficos conflitivos na escrita da época, nomeadamente a acentuación marcando grao de abertura (pp. 12-14, § 3 da p. 16); a regulación do uso do apóstrofo (p. 25, pp. 39-40, § 5 da p. 46, p. 98, p. 106, p. 109, pp. 110-111, pp. 111-112) e a do guión ou trazo de unión (p. 91, p. 98, p. 105, p. 106, p. 109, p. 112). Conviría recordar aquí que precisamente o primeiro dos propósitos que animaran ó autor na redacción do texto gramatical fora o de dar resposta ás críticas recibidas sobre a ortografía adoptada no seu *Diccionario* (1884). Neste punto, tanto a defensa práctica da vía gráfica etimolóxica coma o tratamento que fai das regras de acentuación apelando á natureza vocálica do galego e xustificándose principalmente de non seguir as preferencias manifestadas por Saco, resultan paradigmáticos dos varios modos (isto é, acudindo á analoxía e á etimoloxía ou polemizando coa autoridade gramatical autóctona) en que Valladares tenta xustificar a súa “non caprichosa escritura”.

Coma o gramático ourensán, Valladares reconece a existencia de vogais medias abertas e pechadas, pero a diferenza del propón utilizar de modo regular un acento diacrítico que permita distinguir a abertura nas vogais medias tónicas e pretónicas, para evitar así a homonimia e ambigüidade de enunciados como “Non podo pórque non podo”, que non tería conforme o seu sistema de acentuación: “Non pódo pórque non pòdo” (Valladares 1892: 14). Como se deixa ver, o til que propón para marcar as vogais medias abertas é o grave, en tanto que para as pechadas é o agudo¹². En varias notas a pé de páxina, o gramático ullán polemiza con Saco acerca da motivación dos seus respectivos sistemas, pero non deixa de destacar tamén as coincidencias entre ambos, indicando entre elas o uso do diacrítico agudo para a preposición <á> (fronte ó <a> artigo) e o do circunflexo nas

¹² Ó inicio da súa *Gramática Gallega*, Saco representaba as vogais medias abertas cun circunflexo (<fênto> e <pôrta>), pero na sección que dedica á acentuación non recomenda o seu emprego. No uso simplificado proposto dos acentos distinguía entre o agudo, que podía indicar tonicidade ou ser usado con valor diacrítico, e o circunflexo, que marcaba a pronuncia aberta das vogais especialmente orixinada nunha contracción. Valladares rexeita o uso sistemático do circunflexo por economía.

contraccións <ô, ôs, â, âs>¹³. A efectos visuais, a acentuación de Valladares, que en palabras de Santamarina (1974) resulta unha acentuación “á grega”, confírelles ós seus textos un aspecto gráfico bastante distinto da proposta do ourensán. Aínda recoñecendo as dificultades implícitas na súa proposta, pois as “vocales que se pronuncian abiertas en unas localidades, en outras se pronuncian cerradas”, Valladares (1892: 16) conclúe o primeiro apartado invocando os escritores galegos para que apliquen “el circunflejo á la vocal de los dativos y acusativos de los nombres; el grave, á las vocales que pronuncien abiertas, y el agudo á las cerradas y a la preposición á”.

O segundo asunto ortográfico discutido en varios apartados ó longo do texto é o da representación das contraccións, elisións e outros trazos prosódicos de supresión ou cambio de sons. En Saco o apóstrofo ou “comilla” e o guión ou “rayita horizontal” apenas ocupaban un parágrafo na parte da gramática destinada á ortografía. A extensión e autoridade con que Valladares trata o uso destes dous signos auxiliares da escrita procede da súa familiaridade co tema, pois xa o abordara anteriormente en “Del apóstrofo en la escritura gallega” (1879), publicado na madrileña *La Ilustración Gallega y Asturiana*.

O seu afán principal, tanto neste artigo coma nos *Elementos*, é o de racionalizar a súa profusión indiscriminada nos escritos co propósito de lograr unha maior claridade neles e non fatigar o lector. Esta idea dun uso abusivo, repetida unha e outra vez, é tomada como pretexto para formular a súa proposta de regularización gráfica. O criterio que segue, claro está, non podía ser o do uso, pois non existía consenso nin costume universalmente aceptado. Tampouco lle servía o de autoridade, xa que os poetas e escritores galegos non chegaban a usalo coa debida medida e mestría. Xa que logo, Valladares asumirá o reto valéndose unicamente do criterio lóxico como guía. As elisións por razóns de eufonía non son de feito un trazo exclusivo nin peculiar do galego, como el recoñece: “¡Cuántas vocales contraemos en castellano que podrían elidirse a medio del apóstrofo y, sin embargo, no se eliden” (Valladares 1892: 25), polo que non encontra razóns de peso para sinalar na escrita canta contracción se produce na fala. O seu labor de gramático, neste caso, sería o de estudar os contextos en que se producen as elisións e contraccións “limitando á ciertos casos el uso de dicha figura”.

A pesar de aparentemente serviren propósitos semellantes, para el as funcións do “apóstrofo” ou “virgulilla” (1892: 25, 110) e da “rayita” ou “*trait d'union*” (1892: 25, 112) son claramente diferentes: o apóstrofo “indica la supresión de la vocal final de una palabra, siguiendo otra que empieza también por vocal”; pola súa parte, a raíña

¹³ Neste último caso Valladares acaba asumindo a proposta de Saco, xa que no seu *Diccionario* (1884) estas contraccións marcábaas con acento grave.

ou trazo de unión sinala a “supresión, ó cambio de consonantes”. A casuística do emprego que Valladares propón ó longo do tratado vén dar conta da complexidade fonotáctica da lingua falada e das evidentes dificultades do sistema gráfico que defende¹⁴. Era difícil que unha proposta normalizadora tan complexa puidese chegar a triunfar nun contexto con usos do galego limitados fundamentalmente á poesía e ó teatro.

Canto á recorrencia á literatura popular, a exemplificación a base de coplas e cantigas populares, pode servir tanto para corroborar usos lingüísticos que el considera recomendables ou correctos (1892: 15, 34, 47, 94, 119), coma para censurar outros supostamente vulgares ou pouco aceptables pola súa gramática (1892: 108). Así, as primeiras palabras da copla da páxina 15, que comeza co verso “ N’a alma se me clavou”, inclúese para demostrar que o iode epentético, que aparece con certa frecuencia cando a forma feminina do artigo *a* vai seguida de palabras que empezan por vogal, non se usa de maneira xeneralizada. Valladares discute o seu rexistro gráfico sopesando varias posibilidades de representación, entre elas <a y-alma>, <a-y-alma> ou <a yalma>, aínda que finalmente considera o fenómeno pouco aceptable por ser de natureza esporádica e non xeral en todos os dialectos galegos¹⁵.

Pola súa parte, a cantiga transcrita na páxina 108 insírese co propósito de sancionar como supostamente “indebida” a supresión da preposición “a” na perífrase de *ir + infinitivo*. Evidentemente, cando recorre ó cantigueiro popular o que nel encontra é o uso máis tradicional e mesmo o máis estendido no momento, é dicir, a ausencia da preposición: “cando t’o sol vai buscar”. Como ocorre coas outras estruturas e formas vernáculas proscritas deste apartado dos *Elementos*, é o seguidismo acrítico do “autorizado” opúsculo de Álvarez Giménez o que induce a Valladares a valorar negativamente a variación lingüística que supostamente contradecía a única gramática estudada na escola. Tal e como González Seoane (1992: 214) apostila: “Quizais pensaba don Marcial que o que non era digno de abondo para o español tampouco debía valer para o galego”.

En todo caso, a alta consideración que demostra polos modismos, refráns e expresións coloquiais queda constatado no material diverso de carácter folclórico e popular que incorpora nas seis páxinas que insire na parte final da gramática (1892: 118-124). Se se acepta que

¹⁴ As regras cos usos obrigatorios, optativos e de proscrición dos dous signos nos *Elementos*, en confronto co artigo de 1879, poden verse en Fernández Salgado 2002: 310-313).

¹⁵ A continuación aduce a autoridade de Saco para indicar que o catedrático ourensán non a representa cando cita os modismos: *traballèi d’aquela alma; è unha tèrra d’aquela alma*. É difícil saber se o fai en ton polémico, posto que Valladares identifica erroneamente este *-y-* antihiático co alomorfo *y* da conxunción copulativa *e*.

o modelo sintáctico proposto por Valladares é, como afirmaba Carballo Calero (1970b), “pouco galego” no sentido de que parece modelarse sobre a norma culta do español, en contrapartida, é preciso recoñecermos a paixón que o gramático ullán sente pola pragmática da lingua. Porque, en definitiva, para Valladares a esencia da lingua galega residía ademais de na enxebreza das palabras, como se observa nos listados de días, meses, estacións e antroponimia diferencial que rexistra (1892: 115-118), na frescura e na viveza do xiro e da frase feita que oía e recollía directamente de boca dos paisanos. En liña coa tradición de tratadistas gramaticais das linguas vulgares do renacemento e dos seus continuadores os cultivadores románticos (na liña de que recoñecían o valor da autoridade anónima do pobo), Valladares móstrase nestas seccións últimas como o atento coleccionista e divulgador que foi do modismo, do refrán e dos “dicires”, as formas de expresión máis idiosincráticas das linguas.

5. *Os usos lingüísticos*

Nos *Elementos*, Valladares tenta sistematizar regras e preceptos lingüísticos sobre o modo de falar e escribir o galego con corrección. Este prescritivismo asentado na consideración da gramática como “arte” apela a varios criterios de corrección. O principio de autoridade, como se viu na sección anterior, non é para o autor un criterio seguro para decidir o que é ou non o galego correcto. Os *Elementos* non xustifican as regras que preconizan o acatamento dunha autoridade lingüística respectada, aínda que o gramático Saco Arce apareza no fondo en varias ocasións, nin tampouco, como se podería pensar pola débeda contraída coa RAE e con Salvá, no sometemento voluntario a un conxunto de textos ou autores literarios orixinais dignos de atención.

A autoridade coa que poidan parecer investidos hoxe os *Elementos* emana da súa integración nun determinado xénero, isto é, na súa adscrición ou adhesión a unha tradición gramatical que abrangúa o estudo do conxunto das linguas clásicas e nacionais reducidas a imaxe daquelas. Neste sentido, tal e como o texto dá a entender na liña do racionalismo do século XVIII, os principios lóxicos e os conceptos gramaticais serían universalmente aplicables, por moito que o desafío real de todo gramático dunha lingua particular estivese evidentemente na análise e valoración dos usos lingüísticos específicos da lingua obxecto de estudo. O noso obxectivo é investigar na gramática a utilización de dous criterios non sempre harmonizables: (1) o de uso correspondente ó costume ou consenso da doutrina gramatical tradicional, que é posible rastrexar na vindicación de certas formas

como correctas, e (2) o criterio lóxico ou racional que sobre todo parece desprenderse do modelo de gramática xeral ó que Valladares se acolle.

No prólogo, Valladares (1982: 9) considera o mérito que lle merecen as obras de dous dos seus predecesores. Da de Mirás (1864) opinaba que era defectuosa en exceso. Pola contra, da de Saco Arce (1868) reconece que é excelente como libro de consulta, pero por iso mesmo cre que se adapta mal ás características requiridas polo perfil intelectual do destinatario ó que el pretende dirixir os seus *Elementos gramaticais*: “los niños de las escuelas” y “las clases todas, si han de tener mediana conciencia de lo que en gallego hablen y más aún de lo que en gallego escriban”. E, en efecto, como é fácil de percibir, a *Gramática Gallega* publicada en 1868 non está nin no ideal e modelo de lingua defendido na nova gramática nin no método e procedemento usados na súa organización, que é do que aquí en diante nos ocuparemos.

A concepción prescritiva de Valladares da gramática esténdese tanto á lingua escrita e á variedade literaria como ó uso oral. En relación cos usos orais da lingua, non só rexistra varios aspectos fonéticos distintivos do galego común e do galego dialectal, senón que se encarga de marcalos dende o punto de vista social explicitando a estima, indiferenza ou pouca consideración que lle merece cada un. Ocorre, por exemplo, cando se refire á gheada, segundo a súa propia descrición, a pronuncia forte do *g* e do *j* en formas como “*joꝝo* en vez de *goꝝo*, *jula* en vez de *gula*”, que é connotada como de xente groseira e condenada en termos clasistas (1892: 20):

Las geadas son inadmisibles así en gallego como en castellano, manera incivil de hablar; sólo dispensable en boca de gente záfia.

A actitude desdeñosa que mostra Valladares en relación coa pronuncia aspirada ou fricativa da gheada non é moi diferente do rexeitamento ou indiferenza doutros eruditos galegos do XIX e de comezos do XX (vid. Alonso Montero 1970: 43-45; Fernández Rei 1990: 177-181), o que constitúe, sen dúbida, un claro indicio do receo que, en xeral, sentiron todos os tratadistas gramaticais do galego ante a lingua falada¹⁶.

Unha actitude similar pode constatarase no seu *Diccionario* respecto do rexeitamento do seseo explosivo, que aparece equiparado á gheada como fenómeno vulgar. Debido quizais ó carácter sintético da

¹⁶ A pesar de ocupar máis de dous terzos do territorio, a gheada foi xeralmente identificada como fenómeno vulgar e condenada de maneira case unánime por cantos se referiron a ela. Só Mirás a admitiu entre os gramáticos, Cuveiro non a menciona e Saco só se fai eco da gheada, referíndose a ela como propia de “gallegos sin instrucción”.

gramática (en ocasións parece coma se se tratase dun conxunto de notas que Valladares vai compilando) ou, simplemente, por non se tratar dun risco propio do dialecto da Ulla, co que el demostra maior familiaridade, este tipo de seseo non se ten en conta no texto¹⁷. Pola contra, en consonancia con todas as gramáticas galegas anteriores á guerra civil, asume sen reticencias o seseo implosivo, a pesar de ter noticias da súa extensión xeográfica limitada ó galego occidental, e rexístrao graficamente (Valladares 1892: 39):

Las terminaciones castellanas en *az, ez, iz, oz, uz* usuales en las provincias de Orense y Lugo, hacen en las de Coruña y Pontevedra *as, es, is, os, us* oyéndose por tanto en las dos últimas *carís, cervís, cicatris, codornís, jás...*

A condición dialectal dun trazo non é, por tanto, a causa máis determinante nas súas censuras ou predileccións lingüísticas. Como xa afirmara catro anos antes no artigo “Una reflexión”, o máis importante para o futuro do galego non era a diversidade dialectal que posuía, senón a formación e establecemento dunha koiné supradialectal que se servise do “mellor de cada localidade” (Valladares 1888b: 398).

As noticias que o gramático inclúe acerca dos usos dialectais da lingua son xeralmente atinadas e, por vía de regra, son asumidos con poucas reservas, mesmo cando non pertencen ó seu dialecto. As restricións que Valladares impón sobre eles, e isto é o que o caracteriza singularmente como gramático, son as propias dunha eufonía intuitiva e dunha presunta gramática xeral ou abstracta de raíces españolas. Isto pode observarse cando trata a pronuncia da conxunción copulativa *e* de maneira ambivalente. En principio, Valladares parece asumir como recomendable a pronuncia semiconsonántica diante de vogal, á maneira de “como hacen los orensanos y lugueses” (1892: 15), e adoptar, consecuentemente, a representación <y>, tal e como recomendara anos antes en “Escritura gallega” (1888a: 269). Non obstante, nos *Elementos*, Valladares acaba por apoñerlle a todas as consideracións fonéticas anteriores (nalgúns puntos conflitivas e pouco claras) un criterio silábico baseado en fundamentos lóxico-semánticos¹⁸:

¹⁷ O seseo sempre gozou de maior permisividade cá gheada. Mirás emprégao no seu *Compendio* e Saco fala del como fenómeno característico do galego “setentrional” (do galego de Santiago con respecto ó de Ourense). Pola súa parte, Rosalía e outros poetas representárono nas súas composicións.

¹⁸ Primeiro di que a conxunción “e” cambia en “y” se vai seguida de vogal, e exemplifica con “o pai y-a nai” e “un y-outro”. Logo engade, seguindo a Saco, que a conxunción “y” se usa máis comunmente ante nomes que non leven acentuada a primeira vogal (“chopos e álamos” pero “chega y almorza”). O peculiar de Valladares é que neste último caso, como tamén máis adiante, parece apoiarse en criterios morfo-

Pero cuando se quiere hacer resaltar más las ideas contenidas en los miembros unidos por las conjunciones y llamar la atención sobre cada una de ellas individualmente, se prefiere la *e* como más propia al efecto por la circunstancia de formar sílaba separada.

En todo caso, a variación e a diversidade non son para Valladares un problema, como tampouco o foran para varios outros iniciadores do Rexurdimento. Vían nelas unha riqueza e unha fonte da que derivar beneficios. Por exemplo, a variedade de timbres nas vogais medias segundo as “localidades” xa vimos que non lle parecía a Valladares (1892: 16) que fose un impedimento para a súa proposta actual. Igual ocorre noutros aspectos lingüísticos non fonéticos. Así, cando trata dos substantivos, a variación aparentemente dialectal que encontra noutros trazos morfolóxicos de gran relevancia pola súa sistematicidade, por exemplo a formación dos plurais en *-l* e as terminacións *-ción/-sión*, *-zón/-son*, mérecenlle unha valoración semellante. Canto á regra de formación dos plurais, Valladares (1892: 30-32) indica sen restricións prescritivas que “los acabados en *l* mudan esta letra en *es*, ó *s*, según las localidades”, e a seguir ofrece exemplos das dúas modalidades; isto é, o plural de “coral” pode ser “coráes” ou “corás”. E esta mesma actitude descritiva, ou de laxo prescritivismo, pode observarse cando, no canto de dar indicacións normativas, Valladares (1892: 33-34) opta por indicar a convivencia das formas innovadoras e tradicionais das terminacións *-cia/-za*, *-cio/-zo*, *-ción/-zón*, *-sión/-son*:

“Las en *cia*, *cio*, *cion*, y *encia* hacen en algunas partes *za*, *zo*, *zon* y *enza*, oyéndose por ejemplo, *desgraza*, en vez de desgracia (...). Las *cion* y *sion* hacen *zon* y *son* en varias localidades, como alteración = *alterazón*.”

As indicacións dialectais que Valladares ofrece, aínda que en ocasións imprecisas, responden a informacións que resultan polo xeral fiables, xa que poden ser contrastadas con outros testemuños contemporáneos e coa propia distribución dialectal actual. Na táboa que segue recóllense aspectos ós que alude con variación xeográfica e a súa actitude antes eles, ben que en casos é ambigua ou confusa:

sintácticos e semánticos e non exclusivamente fonéticos. Por iso á regra fonética de Saco lle engade “y ante los verbos” (1892: 15).

ASPECTO LINGÜÍSTICO	LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA	ACTITUDE PRESCRITIVA
Timbre diferente nas vogais (p. 16)	“abiertas en unas localidades, en outras ... cerradas”	[Favorable]
Pronuncia [j] da conxunción e (p. 15)	“como hacen los orensanos y lugueses”	[Ambigua]
I antihiático entre <aa> (p. 15)	“ni los portugueses, ni los gallegos del Ulla”	“cosa poco aceptable en el lenguaje”. [Desfavorable]
Gheada (p. 20)	“los gallegos pronunciamos fuerte” (referíndose a <i>g e j</i>) ¹⁹	“sólo disculpable en gente zafia” [Desfavorable]
Gueada (pp. 20-21)	“aquellos que hablando bien en gallego”	“emplean malamente la <i>g</i> y dicen <i>estrangueria, estrangero, galéa</i> ”. [Desfavorable]
Seseo implosivo (p. 39)	“en las [provincias] de Coruña y Pontevedra <i>as, es, is, os, us</i> ”	“las terminaciones castellanas en <i>az, ez,...</i> usuales en Orense y Lugo”. [Favorable]
Plurais de -l (p. 30)	“según las localidades”	[Favorable]
Terminacións -ción (p. 34)	“hacen <i>zon</i> y <i>son</i> en varias localidades”	[Favorable]
Pronome persoal <i>el</i> (p. 42)	“en la provincia de Orense”	“dicen, <i>il, iles</i> en lugar de <i>el, eles</i> pero no <i>ila, ilas, ilo</i> ”. [Favorable]
<i>Haber + inf.</i> sen prep. (p. 110)	“bastante común en Lugo”	“da más eufonía pero se falta a las reglas de la gramática”. [Desfavorable]

A inaceptabilidade dunha forma ou estrutura, segundo el mesmo advirte cando condena a supresión da preposición *de* na perífrase *haber (de) + infinitivo*, non ten que ver coa extensión ou xeneralización de que poida gozar, senón coa adecuación ás regras da gramática “y á pureza del lenguaje” (1892: 110).

A maneira en que se debe vulgar a pureza da lingua ou o método que se debe seguir para descubrir as verdadeiras regras da gramática é, non obstante, algo que nunca chega a explicitarse no texto. Nos seus comentarios, Valladares subscribe, sen dúbida, as doutrinas formalistas de tradición gala que presiden moitos dos manuais de gramática decimonónicos, imbuídos do loxicismo do século anterior

¹⁹ Neste caso o corte é máis social ca xeográfico.

e, en especial, do tradicional prescritivismo neles dominante. A súa non é certamente unha gramática innovadora nin no método nin nos principios en que se sustenta. Baséase difusamente nas teses herdeiras da gramática xeral do século XVIII e en moi contados aspectos incorpora as novidades da gramática normativa e histórica do seu século.

Así e todo, a ideoloxía loxicista que amentamos debe ser matizada nun texto gramatical que exclúe a sintaxe. Os *Elementos* aparecen tan lonxe das análises gramaticais seguidoras da tradición de Port-Royal coma dos *Compendios* coetáneos (o da RAE, por exemplo)²⁰ que incluían a analoxía, a sintaxe e a prosodia como partes igualmente importantes da gramática. En contraste con todos eles, o texto de Valladares defínense pola ausencia da sintaxe. Vistos os seus contidos, a súa gramática é ante todo unha morfoloxía das partes do discurso sen case alusións a aspectos sintácticos. Esta falta de interese pola sintaxe particular do galego, xa constatada nos casos en que proscribe características morfosintácticas autóctonas amparándose nunha gramática universal con base no español, ten como contrapunto a enorme relevancia que o autor parece concederlle á palabra como unidade básica da lingua. Certamente, é o léxico e non a súa disposición o que na ideoloxía valladariana máis lle confire distinción á lingua. É neste sentido como cómpre valorar a importancia que lle concede á enxebreza do léxico cando se laia, por exemplo, da invasión de castelanismos e da pouca pureza do seu dialecto natal (1892: 21):

En nuestro país del Ulla nadie, ó casi nadie, dice ya *alcipreste, arámio, Bièito, cabaleiro*, [...], *doce, enveja, fogo, froita, habaneiro, igreja o ireja, sabán, segredo sino ciprés, alambre, Benito, caballero*, [...], *dulce, envidia, fruta, habanero, iglesia, sábana, secreto*.

Como resumo de todo o anterior, poderíase concluír con que na concepción popular de Valladares as linguas e os dialectos son esencialmente palabras que son pronunciadas non illadamente senón en conxunción con outras (a eufonía da prosodia do galego é fundamental para el), que poden ser recollidas, definidas e confrontadas con outras doutras linguas en dicionarios (de aí o interese ó longo de toda a súa vida pola lexicografía) ou ben examinadas atendendo á súa forma e características internas (tal é o cometido da “analoxía”, a parte da gramática tradicional á que está dedicada practicamente todo o libro). Á xa comentada definición explícita de gramática que ofrece ó comezo dos *Elementos*, a diferenza das que ofrece por exemplo a RAE a través da súa *Gramática* ou do *Compendio*, elude de feito toda

²⁰ Manexouse un exemplar da edición de 1912, aínda que a variación con respecto a outro da década de 1880 é mínima.

alusión á sintaxe, é dicir, “al modo de hacer con ellas [refírese ás palabras] oraciones”, que é como se completa a definición dos textos académicos españois.

Volvendo ó tema dos usos concretos do galego e á súa formalización na gramática, pode tamén resultar esclarecedor o exame da noción de uso lingüístico que nela se manexa. O recurso ó uso como “costume” ou práctica habitual para sancionar como correcta unha determinada opción lingüística é máis común na analoxía (é dicir, na morfoloxía) do que na ortografía. Na ortografía Valladares é crítico con moitos dos usos e abusos gráficos dos escritores galegos, aínda que se amose partidario do “consenso” lingüístico, ben como estratexia para defender a validez da súa proposta ou como expresión sincera da súa dispoñibilidade a aceptar unha proposta alternativa. É o que semella desprenderse do seu artigo “Escritura gallega”, redactado en 1888, onde remata facendo votos a prol da uniformización lingüística que tanto el coma a maioría dos seus contemporáneos entendían principalmente como unificación da ortografía.

No estudo da analoxía, o criterio do uso máis común pode rastrexarse en varios dos apartados nos que Valladares se mostra debedor da *Gramática de la lengua castellana* de Salvá (ou dalgún tratado gramatical abreviado derivado dela), e do método indutivo de que se serve. Coma tal, cando describe o xénero dos substantivos, o modelo e os exemplos están inspirados na gramática do valenciano, e non na da RAE, como é facilmente deducible da orde seguida na enumeración das regras. Valladares adopta o seu sistema, calca e engade os exemplos que coida oportunos para o galego e recorre xeralmente, coma Salvá, ó criterio de uso (ou de frecuencia de uso) para falar do xénero ambiguo dalgúns nomes. Por exemplo, ó enunciarse as regras do xénero a través das terminacións “-L”, “-R” e “-Z” fai estes comentarios (1892: 38):

Sal, cal, canal en sentido de cauce de agua, *fêl*=hiel, *mel*=miel tienen los dos géneros, pero comunmente el masculino.

Labor, calor, color, *delor*=dolor, tienen ambos géneros; pero el femenino es el más usado.

Cariz = aspecto, nariz, pez (jugo resinoso) admiten los dos géneros.

Se nos fiamos da súa información, o máis común na súa época sería *o sal, o cal, o fel, o mel, a labor, a color e a delor*. Xa que logo, a gramática do xénero no galego estaría baseada nos usos dos falantes antes do que na prescrición automática que moitos textos actuais preconizan.

Aínda que non é de certo a forma máis común de proceder, ante certos trazos e usos lingüísticos supostamente anómalos en relación co sistema ou con estruturas parellas doutras linguas, pero con

apoio na realidade da lingua viva, Valladares maniféstase moderadamente tolerante incorporándoos á descrición gramatical e matizando o seu uso específico ou restrinxido. Así opera ó tratar dos numerais múltiplos de cen superiores a mil, da opcionalidade das contraccións da preposición *con* co pronome persoal *el* e co indefinido *un*, e da proscripción do emprego do artigo cos posesivos que preceden a certos nomes de parentesco, que exemplificamos a seguir:

Algunos, en lugar de *mil e cèn*, ò *mil e cènto* [...] suelen decir *once cèntos*, *doce cèntos* &c. (1892: 45).

Así como también [se escribirá] *con él*, ó *co-él*; *con éla* ó *co-éla*; *con un ó c'un*. (1892: 109)

No se escribirá, empero, *c'o teu pai*; *c'a tua nai* y sí *con teu pai*; *con tua nai*. (1892: 109)

6. *As partes do discurso*

Na análise gramatical dos contidos da “analogía”, Valladares elixe o método máis convencional; isto é, organizaos por clases de palabras ou “partes do discurso”, como el as denomina.

A diferenza dos seus tres predecesores, Valladares distingue nove clases de palabras. Mirás só chegara a tratar catro delas: o artigo, o pronome, o verbo e o adverbio. Cuveiro e Saco Arce recoñeceran oito, unha menos ca Valladares, que acrecenta a lista ó dividir a clase nominal entre nomes substantivos e adxectivos. De maneira sorprendente, Valladares non segue tampouco neste tema a Academia Española, que distinguía tanto na súa *Gramática* coma no *Compendio* dez “partes da oración”, todas as recoñecidas por el máis o participio. Pero tampouco segue a gramática de Salvá, guía noutros aspectos gramaticais, onde se sinalaba que este número podía reducirse a tres: “nombre, verbo y particulas; aunque de ordinario se cuentan nueve” (Salvá 1988: 137).

Valladares en ningún momento explica o que el entende por “partes del discurso”, o epígrafe con que encabeza o tratamento das distintas clases de palabras (1892: 27). Dá por sentado o feito da propia estabilidade como método de descrición e pasa a consideralas individualmente na orde en que aparecen tratadas no texto de Saco (1868) e na *Gramática* da RAE (1888)²¹. Tampouco alude o ullán á división formal característica da gramática tradicional entre partes declinables e indeclinables (ou entre variables e invariables), a pesar de que nas seccións seguintes algunhas desas partes se definan como palabras

²¹ Salvá comeza polo substantivo e adxectivo, pasa ó artigo e pronome, logo ó verbo e por último trata as partículas indeclinables. O *Compendio* da RAE tampouco se corresponde coa orde de Valladares.

declinables (o caso do artigo) ou invariables (o caso do adverbio e da preposición).

O espazo que abrangue cada unha delas dá unha idea do detalle e profundidade con que son tratadas: ó “artículo” dedícalle 2 páxinas, ó “nombre sustantivo” 7 páxinas, ó “adjetivo” 5 páxinas, ó “pronombre” 5 páxinas, ó “verbo” cos seus paradigmas nada menos que 57 páxinas, ó “adverbio” 4 páxinas e media, á “preposición” outras 4 páxinas e media, á “conjunción” 2 e media e á “interjección” apenas un parágrafo de tres liñas. Vexamos que aborda en cada unha delas.

6.1. O artigo

O tratamento do artigo é moi sinxelo: definición, división en indefinidos (ou determinados) e definidos (ou indeterminados), paradigmas, un exemplo do uso neutro e unha nota sobre o uso cos nomes propios, que xa comentamos.

A definición (1892: 27) asume tres dos criterios que se combinan coas outras clases: o sintáctico (a anteposición), o semántico (“sirven para individualizar más los objetos”) e o morfolóxico (marca o xénero e número). En nota a pé de páxina fanse notar os usos do artigo “forzosos ó casi forzosos” cos substantivos precedidos de posesivos.

A presentación da clase continúa a tradición da gramática española e galega de ofrecer a súa “declinación” nos cinco casos, nos tres xéneros e nos dous números (1892: 28-29).

6.2. O nome substantivo

O substantivo defínese por un criterio semántico-nocional como “una palabra que sirve á designar personas, ó cosas” (1892: 29).

Seguindo a gramática tradicional divide o substantivo en “común” ou “apelativo” e “propio” (1892: 29-30). As restantes clases están tratadas parcial e superficialmente de maneira similar a como son tratadas por compendios de propósitos pouco ambiciosos. Menciónanse e defínense os “colectivos” e “partitivos”, os “compostos” (pero non os “simples”) e os “aumentativos” e “diminutivos” (sen que se consideren previamente os “primitivos” e “derivados”)²². A pesar de que os exemplos achegados se refiren polo xeral á lingua galega, algúns deles parecen estar adaptados ou recollidos da gramática académica. Así “armada” e “rebaño” nos nomes colectivos son “ejér-

²² Isto non quere dicir que tal terminoloxía non resulte útil, como se pode comprobar cando máis tarde aborda a formación do plural nos nomes compostos ou as correspondencias do galego e castelán en sufixos e terminacións de palabras derivadas.

cito” e “rebaño” no *Compendio* da RAE (1912), e “mascarón”, un dos exemplos dos aumentativos, aparece igualmente no *Compendio* como aumentativo de “máscara”.

A formación do plural está tratada en detalle (1892: 30-33). Como regra xeral enúnciase que os substantivos engaden un *-s* ó singular para formar o plural coa excepción dos rematados en *-l*, *-r*, *-s*, *-z* que engaden *-es*. Ademais, no caso dos rematados en *-l* explica que mudan o *l* en *-es* ou *-s*, dependendo do dialecto. Rexistra, por tanto, as tres formas básicas presentes no século XIX: a máis primitiva con descendencia no galego actual máis oriental (tipo *coraes*), a de vocalismo asimilado (tipo *corás*), e a innovadora de probable influencia castelá (tipo *corales*). Ata que punto as formas “coráes, caravèes, aguacíes, piriñoes, baríes” responden a unha idealización do autor ou a unha situación lingüística real é difícil de dilucidar²³.

O número dos nomes complétase cunha descrición detallada dos plurais dos nomes compostos segundo o tipo de formantes que entran na composición (1892: 32).

O método contrastivo (ou comparativo), habitual na aprendizaxe de segundas linguas, é utilizado tamén nesta sección da gramática nos dous apartados seguintes que titula “Diferencia de terminaciones entre el castellano y el gallego. Reglas generales” (1892: 33-34) e “Supresión y adición de letras” (1892: 34-35). Baixo o primeiro epígrafe móstranse as correspondencias de sufixos e terminacións máis comúns entre galego e castelán. A analoxía e nivelación lingüísticas propias da ultracorrección na lingua falada e espontánea encontran aquí un pequeno anticipo gramatical do que acabará converténdose en recurso normal no galego literario e enxebrista da época Nós. As equivalencias en terminacións que se propoñen son as recollidas na táboa seguinte:

²³ Dos plurais das formas en *-l*, na súa obra literaria atopamos case exclusivamente exemplos co mantemento do *-l*. As excepcións constitúen algún caso illado de *reás* ‘moeda’, *funerás*, *rosás*, *dosès* e *aguacís* que vemos nalgún poema ou conto. No manuscrito de *Majina* só rexistramos un caso de *papés*, e para iso riscado. Outra mostra máis da pouca produtividade da solución tradicional é a tamén escaseza de exemplos nas cantigas e refráns por el colleitados, apenas un *zreixás* e outro *papés* nos refráns. En relación ós rematados en *-n*, na súa obra só se rexistra no plural a solución *-ns*, mantendo así fidelidade á súa área dialectal. Excepcionalmente anotamos plurais en *-ós* na súa tradución de Gracián do final da gramática (1892: 128).

CASTELÁN	EXEMPLOS	GALEGO	EXEMPLOS
-ad	<i>Bondad</i>	-á, -ade	<i>Bondá, bondade</i>
-ed	<i>Merced</i>	-é, -ede	<i>Mercé, mercede</i>
-ud	<i>Quietud</i>	-ú, -ude	<i>Quietú, quietude</i>
-ancia	<i>Intemperancia</i>	-ancia -anza (“en ciertos puntos”)	<i>Intemperancia Intemperanza</i>
-bre	<i>Hombre</i>	-e	<i>Home</i>
-cia, -cio, -cion, -encia	<i>Desgracia, desprecio, palpitazón, creencia</i>	-cia, -cio, -cion, -ència -za, -zo, -zon, -ènza (“en algunas partes”)	<i>Desgracia, desprecio, palpitazón, creencia, Desgraza, desprezo, palpitazón, creènza.</i>
-era, -ero	<i>Sementera, hormiguero, devanadera, cargadero</i>	-èira, -èiro <i>ou</i> -oira, -oiro	<i>Sementèira, formigueiro; devadoira, cargadoiro</i>
-illa, -illo	<i>Abubilla, amarillo</i>	-ela, -elo	<i>Bubela, amarelo</i>
-ina, -ino	<i>Vecina, camino</i>	-iña, -iño	<i>Veciña, camiño</i>
-ita, -ito, -illa, -illo	<i>Madrecita, madrecilla padrecito, padrecillo</i>	-iña, -iño	<i>Naiciña, paiciño</i>

Discernir na táboa, por exemplo nas formas en *-cio/-zo, -cia/-za*, etc., entre o que poden ser voces analóxicas por el creadas ou populares realmente existentes na época, non resulta doado. Dunha banda, formas patrimoniais en *-ço* da lingua medieval sabemos que foron substituídas por cultismos na propia lingua antiga ou posteriormente, tamén por portugués; doutra, variantes coma “sustanza” sobreviviron ou desenvolvéronse de maneira analóxica en dialectos do galego (por exemplo, no meu nativo), ata practicamente hoxe. É o que aconteceu coa monotongación analóxica de formas coma “esperènciacia”, “cènciacia” ou “concènciacia”, que o autor rexistra e que están amplamente documentadas no galego popular moderno. En calquera caso, non semella arriscado afirmar que “protuberanza, distancia, acaza, nezo, esperènciacia, credencia, indulxencia, cenza e concencia”²⁴ poden responder máis a recreacións do gramático a partir daquela regra do que a adaptacións populares vivas na súa época²⁵.

²⁴ Delas só ESPERÈNCIA e INDULXENCIA aparecen recollidas por el no seu *Diccionario*; tamén CONCENZUDO.

²⁵ Ó contrario de Valladares, entre os exemplos recollidos por Saco (1868: 44) do sufixo *-anza* non se inclúe ningún que non teña aínda hoxe reflexo na fala.

A comparación formal é tamén parte importante da sección seguinte “Supresión e adición de letras”, onde Valladares (1892: 34-36) contrasta formas parónimas do galego e castelán e discute en termos sincrónicos reminiscentes da filoloxía precomparativa os máis importantes cambios fonéticos condicionados do galego. O seu tratamento lembra os traballos do gramático Rodríguez Rodríguez de fins do século XIX. En esquema, ofrece os contrastes formais que especificamos a seguir, que nós clasificamos por fenómenos:

CONTRASTE GALEGO-CASTELÁN	PARÓNIMOS GALEGOS	PARÓNIMOS CASTELÁNS
Supresión de vogais iniciais. [Aférese]	<i>Berviatura, gallas, mapola...</i>	<i>Abreviatura, agallas, amapola...</i>
Adición de vogais iniciais. [Prótese]	<i>Adalia, Agnadalupe, amenta...</i>	<i>Dalia, Guadalupe, menta...</i>
Supresión da vogal final. [Apócope]	<i>Cas, clas, bris...</i>	<i>Casa, clase, brisa...</i>
Supresión de <i>-l-</i> e <i>-n-</i> entre vogais. [Delección]	<i>Aa, saír, moer...; lua, coello, coenllo, seo...</i>	<i>Ala, salir, moler...; luna, conejo, seno...</i>
Aparición de <i>-e-</i> (onde o castelán ten <i>-br-</i>).	<i>Nomear, semear, sementar...</i>	<i>Nombrar, sembrar...</i>
Absorción dunha das vogais cando quedan xuntas dúas. [Craxe]	<i>La, pazo, cabaça, mañá, mañán, mazá, mazán.</i>	<i>Lana, palacio, calabaza, mañana, manzana.</i>
Absorción do <i>e</i> cando dúas vogais quedan xuntas. [Asimilación vocálica]	<i>Vir, por, lus.</i>	<i>Venir, poner, lunes.</i>
Adición dunha vogal intermedia. [Anaptixe]	<i>Mazaròca, carregar, caravel...</i>	<i>Mazorca, cargar, clavel...</i>
Supresión, do cast. <i>Y</i> , sobre todo ó principio de dición.	<i>Ermo, erba, esca, erro, aúno, túa...</i>	<i>Yermo, yerba, yesca, yerro, ayuno, tuya...</i>
Supresión de <i>n</i> ante <i>s</i> . [Asimilación consonántica]	<i>Mostro, costante, instrumento...</i>	<i>Mónstruo, constante, instrumento...</i>
Supresión da consoante de palabras non acentuadas na última sílaba	<i>Image, virge, volume, marmo, cèspe...</i>	<i>Imagen, virgen, volumen, mármol, cèsped...</i>
Adición de <i>x</i> ou <i>j</i> entre dúas vogais. [Epéntese consonántica]	<i>Clarejar, pelejar, pestanejar, carrejar, branquejar...</i>	<i>Clarear, pelear, pestanear, acarrear, blanquear...</i>
Adición de <i>r</i> tras <i>t</i> e <i>d</i> . [Epéntese]	<i>Hastra, astrucia, canastro...</i>	<i>Hasta, astucia, canasto...</i>
Anteposición ó <i>r</i> de <i>e</i> , <i>i</i> , <i>l</i> e <i>o</i> . [Metátese]	<i>Ofercer, perguntar, perciso...</i>	<i>Ofrecer, preguntar, preciso...</i>
Adición dun <i>d</i> .	<i>Bulda, buldeiro.</i>	<i>Bula, bulero.</i>
Variantes inconscientes de voces de ciencias e modernas. [Defectos de linguaxe].	<i>Árdigo, bermante, bremante, emparar, encicla, fieltático...</i>	<i>Árido, bramante, amparar, encíclica, fieltato...</i>

6.3. O adxectivo

O adxectivo é definido dende unha perspectiva semántica, sintáctica e formal (1892: 36). Os determinativos do tipo “ningún home” ou “calquera mullèr”, cando non están colocados en lugar do nome, forman para Valladares parte da clase adxectiva. Así o advirte a seguir destacando a súa función de determinantes:

Debemos distinguir los adjetivos formados con los pronombres posesivos, demostrativos, indefinidos y numéricos de los verdaderos pronombres; porque si decimos *meu pai*=mi padre; *esta mullèr*=esta mujer; *algun libro*=algun libro; *tres hòmes*=tres hombres; *meu, esta, algun, tres* serán adjetivos; pero si decimos *¿cantos hòmes?*=¿cuántos hombres? Y se responde o *meu, este, algún, tres, meu, este, algun, tres* serán entonces pronombres.

O xénero dos adxectivos trátase de maneira parecida á xa comentada para os substantivos no apartado anterior: isto é, a través das terminacións (1892: 37).

A sección conclúe coa descrición convencional do grao dos adxectivos e un cadro dos comparativos e superlativos regulares e irregulares. O único destacable son as formas *máximo* e *pésimo*, que aparecen como “maísimo” (co til erróneo sobre o *i*) e “pèisimo” (que semella unha ultracorrección, con vocalización dun grupo falso [ks] que aparece explicitamente recollido na forma castelá “peximo”).

6.4. O pronome

No pronome Valladares recorre á que é, segundo Calero Vaquera (1986: 88-91), a máis común das definicións das gramáticas do século XIX, isto é, a que o recoñece como “substituto do nome” (1892: 41). A seguir, na liña tradicional de Saco e a RAE, recoñece distintas subclases, que son na súa clasificación particular a dos persoais, posesivos, demostrativos, relativos, indefinidos ou indeterminados e numerais. A orixinalidade en relación con aqueles está na adscripción dos numerais a esta clase de palabras, que parece funcionar a maneira de caixón de xastre para o gramático galego. Tanto Saco coma Cuveiro asignáronos á clase nominal xunto cos substantivos e adxectivos. Pola súa parte a RAE clasificounos na clase adxectiva, aínda que estudando os subgrupos dos colectivos, partitivos e proporcionais dentro do substantivo. Pola súa parte, Salvá (1988: 167-8) adscribíraos á clase dos adxectivos (no caso dos cardinais, ordinais e proporcionais) e dos substantivos (os colectivos e os partitivos ou distributivos).

A nova parte do discurso comeza pola discusión dos persoais en termos das persoas que falan (“eu, nosoutros, nosoutras”), das persoas a quen se fala (“ti, vosoutros, vosoutras”) e de quen se fala ou do que se fala (“el” ou “il”, “èla”, “eles” ou “iles”, “èlas” e “èlo”). Formalmente, o máis rechamante é a aceptación das formas “il” e “iles” do galego ourensán (a autoridade de Saco que alegara a similitude co pronome francés e o artigo italiano é aquí respectada), a presenza do neutro de pouco ou nulo uso na fala “èlo”²⁶, a eliminación da forma etimolóxica “tu”, hoxe do galego oriental, se ben naquela época debía ocupar unha extensión moito maior (Saco rexistraba as dúas), e a ausencia das formas non marcadas no xénero de primeira e segunda persoa, “nòs” e “vòs”, que, non obstante, son recollidas máis tarde nos paradigmas que se ofrecen co timbre aberto do galego occidental. Nos paradigmas, a innovación respecto de Saco é sobre todo ortográfica. Seguindo a este e a tradición gramatical hispánica, utiliza a distribución casual para a enumeración de formas (índicadas inicialmente usando a nomenclatura de caso recto, obxectivo e oblicuos, pero a continuación lista as formas do nominativo, xenitivo, dativo, acusativo e ablativo), aínda que se separa daquel na exclusión das formas pleonásticas amalgamadas coa preposición *con* (“comigo, contigo, convosco”).

Das outras subclases pronominais rexistra as formas, pero non dá indicacións do uso (1892: 45-46). Verbo das formas dos demostrativos o único que merece comentario son as formas listadas con *i-* inicial do feminino (“ísta, isa, istoutra”, etc.), apenas documentadas no galego falado actual²⁷, que poida que respondan á reconstrución analóxica do propio gramático, xa que el mesmo se encarga de apercibirnos correctamente de que as formas “ila, ilas, ilo” e “aquila, aquilas” non existían sequera no galego de Ourense. Seguindo a Saco faise tamén eco das formas “iste, ise, aquil” (e dos seus plurais). Nos relativos recolle as variantes “calquer” e “calquera”, “calesquer” e “calesquera”, coma Saco²⁸, pero engade o arcaísmo “cujo” equivalente ó castelán *cuyo*. Nos numerais rexistra os que aínda hoxe están en vigor por todo o territorio do galego, as formas asimiladas de maior circula-

²⁶ Co seu acento grave remite a unha abertura certamente estraña ou imposable. Así mesmo en nota, Valladares (1892: 42) tamén dá para os dialectos ourensáns as pronuncias con vogal aberta de *èla, èlas* e repite a de *èlo*. Entendemos que nesta derradeira debe tratarse dunha mala lectura dos acentos do manuscrito orixinal (aínda que *èlo* figura transcrito así en tres ocasións nesta páxina), ou ben que Valladares se deixou levar no neutro da pronuncia metafónica do seu dialecto ullán *èla e èlas* para sinalar a inexistencia das formas con vogal tónica <i>, **ila, *ilas*. O mesmo cabe dicir das formas do demostrativo que cita nesta mesma nota, *aquèla, aquèlas, aquèlo* como formas do dialecto ourensán.

²⁷ Vid. *ALGalI*: mapa 225 e as notas 3 e 5.

²⁸ Realmente Saco rexistraba a variante “calqueira” pero non “calesquer”. Ningunha delas goza de uso corrente no galego dialectal actual.

ción “dazaseis, dazasete, dazaquito, dazanove” xunto coas máis etimolóxicas “dezaseis, etc.”²⁹; a forma seseante *dès* do seu dialecto á beira da estándar actual “dèz”; as hoxe raras “docentos” e “ducen-tos”³⁰, xunto a corrente hoxe “douscentos”; as disimiladas “sasenta” e “satenta”, actualmente en retroceso³¹, e a tradicional “oitenta”, hoxe case desaparecida do galego popular³². Nos ordinais e proporcionais destacan dúas formas infrecuentes, “carto” e “cádrop[|]o”, respectivamente, a primeira tamén recollida por Saco. Nos primeiros inclúense ademais “sètemo” e “dècemo”, co vocalismo postónico alterado da fala popular.

6.5. O verbo

Co verbo chegamos para Valladares á parte do discurso por excelencia. Nos seus propios termos hiperbólicos (1892: 46), “Es lo más grande y filosófico en las lenguas; es la palabra misma, la vida, Jesucristo. Sin verbo nada podría componerse, nada hay sin él”. E esta importancia atópase en correspondencia co número de páxinas que lle dedica, máis da terceira parte da gramática.

A definición é máis reminiscente da tradición escolástica e da gramática xeral e razoada de Port-Royal, na liña de Saco, do que das representadas pola Academia Española que tenden a ser de carácter acumulativo. Se na edición da RAE de 1888 se fai referencia a que o verbo “designa esencia, existencia, acción, pasión o estado”, para Valladares (1892: 46) representa fundamentalmente dous conceptos: unha caracterización léxico-semántica, expresada como “una palabra que expresa la afirmación, ó existencia de una cosa”; e outra propiamente formal, na que sinala a carencia de modificación no xénero ó se conxugar, pero non de número, persoa, modo e tempo.

A exposición de cada unha destas categorías ocúpano nas seguintes páxinas antes de dar paso ós paradigmas dos verbos regulares e irregulares. O tratamento desta parte, en congruencia co resto da obra, é simple. Preséntanse as tres persoas do singular e do plural, ofrécense definicións sinxelas dos distintos tempos e modos e conclúese a introdución teórica cunha clasificación dos verbos segundo a súa conxugación e os tempos que forma con outros verbos, á maneira dos compendios escolares da gramática tradicional.

²⁹ Vid. *ALGall*: mapas 288, 289 e 290 para a distribución dialectal actual. Na zona da Ulla nativa de Valladares, actualmente rexístranse só as formas comezadas por *daza-*; en *Majina* emprega dúas veces *dezaseis*.

³⁰ Tanto DOCENTOS como DUCENTOS figuran como entradas no *Diccionario*.

³¹ No *ALGall*: mapas 297 e 298 as únicas formas que se rexistran pola Ulla son *sasenta* e *satenta*. As dúas as recolle no *Nuevo suplemento al Diccionario* (1896).

³² No *ALGall*: mapa 299, a forma *oitenta* rexístrase en puntos illados no límite das provincias de Ourense e Pontevedra. Aparece como *ÒITÈNTA* no *Diccionario*.

A fonte desta sección é a gramática de Salvá (ou un compendio derivado dela). Os verbos substantivos, os activos ou transitivos e os neutros ou intransitivos son definidos por Salvá e Valladares practicamente nos mesmo termos. Confróntense, a modo de exemplo, as definicións destes últimos:

Salvá [1847] (1988: 215)	Valladares [1892] (1970: 49)
Verbo neutro o intransitivo es el que no admite objeto externo sobre que recaiga su acción, como <i>andar, nacer, pasear, salir</i> , pues a lo más que pueden usarse algunos como recíprocos, v.g. <i>pasearse, salirse</i> .	Intransitivo, ó neutro, el que no admite objeto externo sobre que recaiga su acción como <i>andar, dormir, pasear, saltar</i> & siquiera algunos de ellos puedan convertirse en recíprocos. V.g. <i>dormirse, pasearse</i> .

O resto das definicións que Valladares (1892: 50) ofrece de verbos regulares e irregulares ou anómalos; recíprocos, reflexivos ou pronominais; e defectivos, correspóndense igualmente ás recollidas por Salvá (1988: 215-216) no capítulo dos modos e tempos do verbo.

Dos modos, ou formas de caracterizar as diferentes significacións do verbo, Valladares distingue, seguindo a tradición gramatical decimonónica española e galega, catro: o “infinitivo”, que incluíría o “xerundio” e o “participio” (activo e pasivo); o “indicativo”, con cinco tempos, que seguindo a nomenclatura de Valladares son o “presente”, o “pasado imperfecto” (*copretérito*), o “pasado perfecto, definido e indefinido” (*pretérito*), o “pasado pluscuamperfecto” (*antepretérito*) e o “futuro imperfecto” (*futuro*); o “subjuntivo” que abranguería tres: o “presente”, o “pasado imperfecto” (*pretérito*) e o “futuro imperfecto” (*futuro*); e o “imperativo”. Cada un deles é á vez descrito en termos absolutos ou en relación con outros e comentado con exemplos. As diferenzas que sinala entre o galego e o castelán circunscribeas ós tempos do pretérito e do antepretérito. Deles afirma Valladares (1892: 48):

Los gallegos la desconocemos [refírese á conxugación do que el chama *indefinido*] en nuestro dialecto; así es que no decimos, v.g. *él nada ha estudiado hoje*=el nada ha estudiado hoy, sino *él nada estudiou hoje*=el nada estudió hoy.

Los gallegos para expresar la idea correspondiente á este tiempo [refírese ó *pluscuamperfecto*], uno de los compuestos, que desconocemos, recurrimos a la primera forma del pretérito imperfecto de subjuntivo, y, [...] decimos *ja morrera o enfermo*=ya muriera el enfermo.

O modelo temporal empregado na descrición é o tradicional do español, incluída a categorización das terminacións *-ra*, *-ría* e *-se* como integrantes do “pasado imperfecto” (*pretérito de subxun-*

vo), recorrente en todas as edicións da RAE do século XIX e na descrición de Saco³³. Na mesma liña gramatical fala da división dos tempos en *simples* e *compostos*, aínda que fai notar que os compostos non se utilizan no galego. O método contrastivo típico do ensino de segundas linguas aparece reflectido en advertencias sobre os tempos compostos coma a seguinte (1892:49):

El pasado perfecto y el pluscuamperfecto de subjuntivo se suplen comunmente en gallego, el primero, ya con la forma terminada en *se*, ya con el presente ó futuro del mismo modo; y el segundo, con las formas *ra* y *se*, también de dicho pasado imperfecto³⁴.

Apuntadas as nocións e terminoloxía máis elementais da morfoloxía verbal, Valladares aborda as conxugacións dos verbos regulares, ó que dedica o apartado previo á tabulación dos tres modelos. Neste apartado introdúcense as tres conxugacións normalmente consideradas no estudo do galego (en *-ar* “chorar”, *-er* “fender” e *-ir* “inspir”), distínguese entre *letras radicais* e *terminacións*, servíndose da mesma terminoloxía usada pola RAE dende a súa primeira gramática, e anótanse as definicións de *voz activa* e *pasiva*. Así e todo, nos paradigmas regulares e irregulares (1892: 51-94) non se considera máis cá voz activa, retomándose brevemente a conxugación da pasiva nas páxinas 94-95, exemplificada co verbo “multar” (“eu son multado”) e coa construción pasiva de “se” (“*correrse*=divulgarse algún hecho, noticia, etc.”). Aínda que nas tres conxugacións regulares se separa a raíz das terminacións verbais, nos verbos irregulares non se sinala tal separación nin o que constitúe a suposta anomalía da conxugación, como ocorre noutras gramáticas.

Tomando como exemplo o modelo da 1ª conxugación “chorar” e dende a vantaxe que nos concede a perspectiva do presente, das propostas formais valladarianas resultan rechamantes e merecentes de comentario os seguintes aspectos:

1) A eliminación do infinitivo conxugado, desautorizado por impuro e incorrecto (vid. o dito antes).

2) A presenza de VR (vogal radical) aberta <ò> en todos os radicais da conxugación verbal. O máis normal na lingua actual é que *chorar* presente alternancia de /ɔ/ - /o/ na súa conxugación: o timbre aberto cando a VR é tónica, e pechado cando é átona.

3) A recolla como primeira opción nas P5 do tema de presente das formas de SNP (sufixo de número-persoa) con crase vocálica do

³³ Salvá, pola contra, separa o “futuro condicional” de indicativo “am-aría” do “indefinido absoluto” de subxuntivo “am-ara” e do “indefinido condicional” de subxuntivo “am-ase”.

³⁴ O treito parece tirado da gramática de Saco (cfr. 1868: 176).

tipo *-á(s)*, xunto con *-des*. Rexístraas en “vós chòr-ás”, “vòs chòr-ab-ás”, “vòs chòr-ar-és”, “vós chor-és” e “chòr-á”. Na actualidade, estas formas identifícanse xeograficamente co galego fisterrán (suroeste da provincia da Coruña). Así e todo, no *ALGal* recóllese tamén solucións do tipo *vós cantás, cantabás, cantarás, cantarés* e *cantá* en puntos da ribeira do Ulla, do centro da provincia da Coruña (Cerceda), e tamén do sur de Pontevedra e do leste desta provincia (Forcarei, Cotobade), convivindo en todos eles coas solucións plenas con *-d*³⁵. Todo parece indicar, pois, que en tempos de Valladares, tal e como el recolle no paradigma verbal, as solucións sen *-d* e con asimilación e crase vocálica tipo “chorás” debían ser as normais, seguro que en competencia coas formas plenas, no seu dialecto da Ulla (dáas en primeiro lugar no paradigma e son moi frecuentes nas cantigas por el recollidas), no centro e sur da provincia da Coruña e en boa parte do centro e sur Pontevedra³⁶. Na súa obra literaria, así e todo, Valladares emprega maioritariamente as formas plenas con *-d*, se ben, estilisticamente, boita man das reducidas en composicións de forte carácter popular (no seus poemas “A castañeira en Santiago” e “Nai e filla”, por exemplo) ou cando quere caracterizar a fala popular dalgún personaxe na súa novela *Majina*³⁷.

4) A presenza na P1 do pretérito dos verbos da 1ª conxugación (C-I), como variante secundaria de “chòr-èi”, da forma con SNP *-in* (“chòr-in”), analóxica coas da C-II (“fend-in”) e C-III (“isp-in”), propias do galego occidental pontevedrés-arousán. Fernández Rei (1990: 81) sinala actualmente *cantín* como forma propia das rías da Arousa e Pontevedra. No *ALGal* (mapa 6), as formas en *-in* chegan nesta zona ata Padrón, na desembocadura do Ulla, é dicir, preto da súa aldea natal Vilancosta, polo que poida que non lle fosen alleas e mesmo que convivisen coas de *-ei* neste tempo. Na súa obra literaria usa exclusivamente as de *-ei*³⁸.

5) O rexistro na P2 do pretérito, como segunda opción ó lado de “chòr-ache”, da forma con SNP *-s* (“chòr-ache-s”), analóxica coas P2 dos outros tempos. A variante “choraches” (vid. *ALGal*: mapa 7 de *cantaches*) é na lingua actual a forma por excelencia do galego central coruñés e norte pontevedrés, fronte a “choráche” do galego lugués, ourensán e do sur Pontevedrés, se ben nesta última as formas en

³⁵ Vid. *ALGal* mapa 2 de *cantades*, 5 de *cantabades*, 14 de *cantarades*, 17 de *cantaredes* e 26 de *canta*.

³⁶ Vid. tamén Mariño Paz 1992.

³⁷ Lémbrese o capítulo VIII de *Majina* en que Inés, xa viúva, conversa con Ermelio e Maxina. Tanto na intervención da nai coma na dos fillos, Valladares rexistra as formas contractas “quedarés”, “Calá”, “habés”. Pola contra, no texto do narrador sempre aparecen as plenas con *-d*, que considera dun rexistro máis culto).

³⁸ As solucións en *-in* tamén lle resultaban familiares por telas oído en Vila-xoán, na ría da Arousa, onde el e súas irmáns adoitaban tomar os baños de verán.

–e xa conviven coas de –s, que son as que avanzaron (vid. Fernández Rei 1990: 88). Proba deste avance é que na actualidade na Ulla (segundo o mapa 7) unicamente se documenta a solución co sufixo –ches, en tanto que en tempos de Valladares as formas en –che debían ser as maioritarias nesta zona (ou cando menos debían convivir as dúas), en vista de que na táboa da conxugación inclúe “chòráche” en primeiro lugar e de que son estas formas en –che as que el emprega, case exclusivamente, na súa produción literaria.

6) A anotación na P6 do pretérito, en segundo lugar, á par da xeral “chòr-áron”, da forma “chòr-ánon”. Na actualidade a solución en –anon (vid. *ALGal*: mapa 11 de *cantaron*) queda en puntos illados da Costa da Morte e da Terra Chá luguesa, sempre convivindo coa outra solución *cantano* e a xeral *cantaron*. Así mesmo, recóllese tamén en puntos do sur de Pontevedra e no sueste da provincia da Coruña (Toques, Curtis, Vilasantar, Sobrado, é dicir, non moi lonxe da terra do noso autor) convivindo alí tamén con *cantaron*. Valladares emprega nos seus textos literarios soamente as formas do tipo *choraron*.

7) A acentuación paroxítona etimolóxica da P4 e P5 do *pasado imperfecto* de indicativo (“chòr-abámos” e “chòr-abádes”) e *pluscuamperfecto* (“chòr-arámos”, “chór-arádes”), en contraste coa proparoxítona nas mesmas persoas do *pasado imperfecto* de subxuntivo (“chòr-áramos”, “chòr-aríamos”, “chòr-ásemos”; “chòr-árades”, “chor-ariades”, “chòr-ásedes”). É imposible, sen consultar o texto orixinal, hoxe extraviado, saber se Valladares distingue o antepretérito e o pretérito de subxuntivo exclusivamente a través do acento destas formas. O feito de que se reproduza a mesma acentuación na táboa dos verbos da C-II (“fender”) e C-III (“ispir”) semella indicar que así o cría o autor e que non é probablemente un erro do editor ó acentuar a posteriori os paradigmas. Se facemos caso do *ALGal* (mapa 5) e de Fernández Rei (1990: 86, mapa 32), con respecto á acentuación das P4 e P5 do copretérito, na actualidade a isoglosa que divide as variantes con acentuación grave da esdrúxula pasa na zona do noso autor xustamente polo río Ulla, quedando a ribeira coruñesa dentro da zona de acentuación esdrúxula e a pontevedresa dentro da grave etimolóxica. Na súa obra literaria alternan as formas coas dúas acentuacións (recollendo posiblemente a alternancia que se daba no seu dialecto), aínda que nos verbos da C-I o autor tende marcar a acentuación etimolóxica e nos da C-II a acentuación proparoxítona³⁹.

O sistema utilizado na C-I con “chorar” é idéntico ó que se ofrece coas outras dúas conxugacións, exemplificadas con “fender” para a C-II (1892: 55-56) e con “ispir” para a C-III (1892: 57-58).

³⁹ En *Majina* rexistramos dúas veces *falabámos* e outras dúas *falabádes*, sempre en personaxes populares, en concreto caracterizando a fala das lavandeiras. En troques, no condicional vemos *acertaríamos* e esdrúxulas tamén, o antepretérito *quixerámos*.

Prové os paradigmas con todas as formas dos tempos verbais (incluídas as variantes que coida dignas de recoller), seguidos da listaxe dos verbos que se conxugan regularmente seguindo o modelo proposto (na C-I, 341 verbos; na C-II, 40; e na C-III, 35).

O único salientable que se comenta no texto sobre a C-II é o cambio ortográfico de *c* en *ç* nos presentes dos rematados en *-ecer*, polo que Valladares suxire, sen atreverse a levala a cabo, unha pequena reforma gráfica en sentido foneticista: substituír o <c> do infinitivo por <z>: *adoeçer*, *amoleçer*, *apodreçer*. Por outra parte, en nota salienta o imperativo irregular de *erguerse*, “*érte*”.

O máis destacable do tratamento dos verbos da C-III é, sen dúbida, a regularización formal que opera sobre os infinitivos nos verbos en que existía certa vacilación de timbre na VR ou unha primitiva alternancia vocálica “e – i” (tipo *midir* / *medir*). As formas escollidas por Valladares, como se pode inferir do verbo modelo elixido “*ispir*”, son as que contiñan a harmonización vocálica “i – i” (1892: 59): *adivirtir*, *compitir*, *despidir*, *digirir*, *espilir*, *firir*, *ingirir*, *midir*, *mintir*, *pidir*, *sintir*, *siguir*, *srvir*, *concbir*, *percibir*, *recibir*, *difirir*, *infirir*, *refirir*⁴⁰. Ademais dos verbos tradicionais e cultos que presentaban variación na vogal do radical, Valladares (1892: 59) adscribe á C-III unha serie de verbos, actualmente en *-er*, que no paso da lingua medieval á moderna vacilaron entre a súa adscripción á C-II e á C-III, en parte pola deriva do propio sistema verbal e en parte por influencia do español sobre o sistema galego. Estes verbos son *convirtir*, *derritir*, *eligir*, *escribir*, *esprimir*, *rebatir*, *requirir*, *rigir*, *riñir*. Por último, en nota indícase o presente arcaico de *pidir*, “*pèzo*”.

Trala conxugación dos modelos regulares aparecen as dos irregulares, das que se ofrecen todos os tempos verbais e non só aqueles que mostran anomalías con respecto ós paradigmas propostos como regulares (1892: 59-88). Os verbos considerados irregulares son agrupados por conxugacións e ordenados alfabeticamente. O rexistro das irregularidades parece obedecer tanto ó desexo de proporcionar unha guía coma ó de deixar constancia da variación dialectal.

Na conxugación en *-ar* inclúe tres verbos: “*andar*”, “*dar*” e “*estar*”. No primeiro, a irregularidade cifraa na existencia dun tema de pasado “*andiv-*” (analóxico de *tiv-*, pasado de *ter*, e reforzado con *estiv-*, o pasado de *estar*) á beira do regular “*and-*”. Con todo, neste caso dá en primeiro lugar as variantes que se comportan regularmente: isto é, “*andèi*” antes que “*andíven*”, “*andára*” antes que “*andivera*”. Na súa obra literaria alternan as forma das dúas raíces.

⁴⁰ Na súa obra literaria non existe unha única solución. En *Majina* vemos harmonización sempre en *adivirtirse* e nas súas formas conxugadas, e en *firir*. Noutros verbos alternan; así *despedíronse*, *despedíndose*, *despedidos*, pero tamén *despidíndose*, *despidíronse*; do mesmo xeito, *pedindo* e *pedían* fronte a *pidindo* e *pidira*.

En “dar”, a variación máis notable recóllea tamén nas formas de singular do “pasado perfecto” onde documenta, por esta orde, “dèi, din” para a P1; “dèche, dèches; díche, diches” para a P2; “dou, dèu, díu”, para a P3, todas elas aínda hoxe vixentes dialectalmente. Nos tres casos lista como forma primeira, na P1 a do seu propio dialecto (“dèi”), na P2 a forma propia do galego occidental e as de maior extensión en todo o galego (“dèche, dèches”), e na P3 a propia do galego pontevedrés setentrional e do coruñés (“dou”), se exceptuamos a parte meridional⁴¹.

En “estar” a variedade de formas rexistraa no pretérito por esta orde: “estíven”, “estouven” (analóxico de *haber* “houben”, xa documentado na lingua medieval) e “estúven”⁴².

Na conxugación en *-er*, Valladares ofrece o paradigma de dez verbos: “caber”, “facer ~ faguer”, “haber”, “poder”, “poñer ~ por”, “querer”, “saber”, “ser”, “ter” e “ver”. De “caber” rexistra un tema de presente regular (*cab-*, proposto en primeiro lugar) e un tema de perfecto irregular con heteroxeneidade de formas (o patrimonial *coub-*, o influído polo español *coup-* e o emprestado *cup-*). No presente de indicativo amais do regular “cabo” recolle as formas de tema “cáib-” e a evolucionada con interferencia do castelán, “quèipo”.

En “facer” rexistra como primeira opción todas as formas do paradigma estándar do galego actual, excepto no caso do futuro, no que presenta primeiro a forma regular “facerèi” (non obstante non a rexistramos nunca na súa obra literaria). A particularidade máis notoria resulta da inclusión da variante “faguer”, conxugada alternativamente en todos os tempos verbais: “fago”, “faguía”, “figuen”, “figuèra”, “faguerèi”, “fague” (?no imperativo), “faga”, “figuèra”, “faguearía”, “figuèse”, “figuère” e da indicación en nota a pé de páxina que “tragner” se conxuga seguindo o seu modelo, a pesar de que, segundo el, haxa xente que use os pretéritos “tróujen, tròujèra, tròujese”⁴³. No pasado, non se inclúen as variedades medievais e arcaicas do galego oriental co radical *fiz-*, senón unicamente “fij-” (na súa ortografía equivalente ó actual “fix-”).

⁴¹ Na obra literaria o paradigma *dèi, dèche/dèches, dou* é o único usado.

⁴² Non obstante, as formas preferidas maioritariamente por Valladares na súa obra literaria son as de radical *estuv-*. As de *estiv-* resérvaas estilisticamente para a fala de personaxes populares, por exemplo Inés en *Majina*. O mesmo uso lles dá ás de radical *estouv-*, que aínda o *ALGal* (mapa 247) rexistra actualmente en puntos da Ulla. Valladares recóllea tres veces en tres cantigas e emprégaa dúas nun conto.

⁴³ A forma FAGUER figura como entrada no seu *Diccionario*, aínda que na súa obra literaria a única que usa é *facer*. En canto “tragner”, que tamén lematiza no *Diccionario*, Valladares non inclúe modelo del (nin de “traer”) no grupo dos irregulares. Páxinas máis adiante, cando fala da conxugación dos verbos activos cos pronomes persoais proporá como modelo as formas regulares tiradas de “traer” (“traèu-n-o” e “traerei-n-o”, p. 93) e non as de “tragner”, que parecía predicar na nota da páxina 65. En *Majina* son maioría as formas que remiten ó infinitivo *tragner*.

Na conjugación de “haber” recolle como primeiras formas as do paradigma normativo do galego actual. No presente ademais da etimolóxica “habemos” recolle a reducida “hemos” (a única que el emprega nos textos literarios). No tema de perfecto ademais de “houb-” conxuga a raíz “hub-”, se ben as formas desta última non son nunca empregadas por el⁴⁴.

Cos dous verbos seguintes, “poder” e “poñer” (ou “por”) o editor do manuscrito deixou incompleta a conjugación do primeiro a partir do “pasado imperfecto” de subxuntivo e repetiu o segundo nas páxinas 69-72. As diferenzas con respecto ó paradigma estándar actual son pequenas. No perfecto e no antepretérito antepón as formas con ditongo “òi” ás de “ui”, que dá en segundo lugar: “pòiden, puiden”, “poidera, puidèra”. No subxuntivo, no pretérito e futuro amais das formas con radical “pòid-/puid-”, inclúe as de “pud-” (“puñera, pudère”), radical este sobre a que están conxugadas as formas que maioritariamente emprega el nos seus textos literarios⁴⁵. No copretérito de indicativo ó lado de “podía, podía...”, rexistra as formas con harmonización vocálica “podía, podías...”, aínda que estas non son usadas nunca por el nos seus escritos.

Baixo o epígrafe dedicado ós verbos “poñer” e “por” (as dúas formas alternan na súa obra literaria, reflectindo ben seguro a situación do seu dialecto na época)⁴⁶, introduce nun só as variantes dos dous paradigmas, poñendo en primeiro lugar as de “poñer”. Indica en nota que os seus compostos seguen o seu modelo. Entre as variantes incluídas, nos tempos do tema de perfecto rexistra á beira das formas xerais en todo o galego con radical “pux-” tamén as de “puñ-”, que debían alternar con aquelas nas falas da Ulla⁴⁷; non obstante, nunca as usa na súa obra.

O verbo “querer” responde ó paradigma estándar do galego actual. Aparece sen variantes, de exceptuarmos a P3 do presente: “quère; quèr”, á que lle dedica unha nota advertindo que a forma empregada cando se conxuga cos pronomes *o, a, os, as* é a plena: “quère-o”. As dúas alternan libremente nos seus textos literarios.

En “saber”, Valladares transcribe como primeiras formas o paradigma normativo actual, se facemos excepción do imperativo plural, onde prefere “sában” a “sáiban” (que aparece en segundo lugar), “sèi-

⁴⁴ No *futuro imperfecto* o editor do manuscrito confunde como noutros casos o <e> de Valladares cun <a> e así transcribe “hubèra” en vez de “hubère”.

⁴⁵ Son as propias da súa zona dialectal. Recólleas nas cantigas (*puden, puñera*) e son as usadas en *Majina: pudo, pudèron, pudèse...*

⁴⁶ En *Majina* lemos *por, pòndose e poñer; pór e porei* nalgún conto. Nos poemas mantense esta alternancia: *porey e poría* pero tamén *poñerlle e poñendo*.

⁴⁷ Fernández Rei (1990: 99) rexistra actualmente formas co radical *puñ-* no galego do Bierzo, leste e norte de Lugo, leste da Coruña e interior de Pontevedra (zona da Estrada e Lalín), concorrendo ás veces coas de *pux-*

pan” e “sepian”, e do presente de subxuntivo onde prefire igualmente as regulares “sába, sábas, sába...” a “sáiba...”, e ás inflexionadas e interferidas “sèipa...” e “sèpia...”. Con todo, non recolle as castelanizadas “sepa...”⁴⁸. No presente inclúe ó lado da irregular “sei” a forma “sabo”, hoxe propia da linguaxe infantil. No pretérito recolle as formas parellas ás xa comentadas en “caber”: “sòupen” e “sùpen”, aínda que as usadas maioritariamente son de *soup-*.

No verbo “ser” resultan rechamantes as variantes secundarias da P1 do presente “eu só” e as da P2 do pretérito con *-o-* na VR, “fòche, fòches”, vivas aínda hoxe no galego occidental (nunca aparecen nos seus escritos), que non o obstante non rexistra cando lista as formas do mesmo tempo do verbo “ir”. No presente de subxuntivo decídese pola forma máis xeneralizada aínda hoxe “sea”, pero inclúe en segundo lugar a recomendada para o galego estándar actual “seja” (grafía moderna “sexa”) e a dialectal (mindoniense) e literaria “seña”. Nos seus textos aparecen exclusivamente as primeiras.

En “ter”, Valladares recórdanos que se conxugan coma el os seus derivados (para el “compostos”): “contér”, “deter”, “manter”, “reter”, etc. É estraño que regularice as tres primeiras persoas de indicativo “tèno”, “tènes”, “tène”, aínda que a seguir engade as formas irregulares usuais hoxe “teño”, “tès”, “tèn”. Na P5 lista como terceira opción a variante con radical nasalado “tendes” (logo de “tés, tédes”), e secundariamente tamén no imperativo, “tende”, na orde inversa de preferencia a como se recollen nas *Normas* actuais. Na P6 prefire a analóxica e innovadora “teñen” (hoxe a máis común) fronte á etimolóxica listada en segundo lugar “tèn”⁴⁹. Nas formas de pretérito recolle tres das catro solucións do galego moderno, dando como primeira o radical “tiv-” (a normativa hoxe), seguido de “touv-” (analóxico do pretérito de *haber* “houb-”; vid. o dito en “estar” sobre formas como *estouven*) e o castelanizado “tuv-” (que son as maioritarias na súa obra fronte as de *tiv-*)⁵⁰.

Coma “ver”, o seguinte irregular que ofrece, di que se conxugan os seus derivados motivados. As primeiras formas que dá correspondéncese coas estándares do paradigma actual, se exceptuamos a P3 do presente “vèu” en vez de “viu”. A ela habería que acrecentar evi-

⁴⁸ Agás “saba”, que nunca emprega, todas as outras rexístranse pola súa obra. En *Majina* vemos *saiiba* en dous diálogos entre labradores, pero tamén *sepamos* unha vez igualmente nun diálogo e outras dúas usada polo narrador. Pola súa parte *seipa*, *seipán* e *seipás* vémolos nalgúns contos e en poemas populares.

⁴⁹ Non obstante, a P6 “tèn” é a usada por el na súa obra, se ben tamén aparecen algúns casos de “teñen”, alternancia que debe reflectir a situación dialectal da época no galego da Ulla. Actualmente, a forma *tèn* convive coas de *teñen* en puntos da zona occidental da Coruña, boa parte de Pontevedra e case todo Ourense (vid *ALGal*, 2: mapa 374).

⁵⁰ No paradigma, na P1 do “pasado imperfecto” de subxuntivo, *tivèras* e *tuvèras* (1892: 79) son erratas en vez de “tivèra”, “tuvèra”.

dentemente as escollidas como modélicas nos seus paradigmas regulares, isto é, a P2 do pretérito sen o *-s* do sufixo persoal (“viche” en vez de “viches”) e a P1 e a P3 do futuro de subxuntivo que remataba en “e” paragóxico, tal e como ocorre no galego popular (“vire” en vez de “vir”). As variantes que rexistra circunscribe ó pretérito (P2, P3, P5, P6 nas que fai alternar as raíces “vé-”/ “vi-”)⁵¹ e ó imperativo (P2: “vèi” ó lado de “ve”; a primeira é a usada por el en dous contos e mais en *Majina*).

Na conxugación en *-ir* inclúe seis verbos irregulares: “bolir”, “dicir ~ decer”, “ir”, “oir ~ ouir”, “saír” e “vir”. De “bólir” sinala en nota que seguen o seu modelo “rebólir”, “cóbrir”, “encóbrir”, “dormir”, “engólir”, “fójr”, “mójr”, “rójr”, “sófrir”, “sómir”, etc. Son verbos con /o/ como VR no infinitivo que, segundo o paradigma de Valladares, mostran no presente de indicativo alternancia vocálica <ú~ò~ó>: /ú/ tónico para a P1 (*búlo*), /ó/ para a P2, P3 e P6 (*bòles*, *bòle*, *bòlen*) e /o/ átono para a P4 e P5 (*bólimos*, *bólides*). No resto do paradigma mantense o /o/ pechado do infinitivo en todas as persoas do tema de perfecto (onde sempre vai en posición átona) e do futuro. No presente de subxuntivo séguese regularmente a P1 do presente de indicativo e a vogal radical é sempre /u/. No imperativo a alternancia recóllea Valladares entre /ú/ tónico e /o/ átono (pechado): *búle*, *búla*, *búlan* vs. *bóli*, *bólide*.

Do mesmo modo ca “dicir”, indícase que se conxugan os verbos “bendicir”, “contradicir”, “predicir”, etc. Ó lado de “dicir” propón tamén “decer”, que non lle debía resultar estraño⁵², se ben só o conxuga nas formas que lle son probablemente familiares, e sempre secundariamente. As formas recollidas en primeiro lugar son regulares na medida do posible, como se ve na preferencia das formas de presente “dices” e “dice” (fronte a “dís” e “dí”), do futuro (“dicirèi” vese favorecido sobre “dirèi”) e do imperativo (“dice” antes ca “dí”). A verdadeira irregularidade de “dicir” afecta ó tema de perfecto. No pretérito de indicativo recolle o perfecto forte “dijen” (e secundariamente a insólita “dijín”, quizais analóxica no SNP do regular *partín*), do que deriva os “pasados imperfectos” “dijèra”, “dijèse” e o “futuro imperfecto” “dijère”, ofrecidos en primeiro lugar, igual cás actuais “dixen”, “dixera”, “dixese”, “dixer”.

⁵¹ A distribución actual no ALGI de *viu/veu* é a mesma de *partiu/parteu*.

⁵² Na súa obra literaria, as formas de *decir* son as maioritarias con moita diferenza sobre as de *dicir*. Por outra parte, nunca fai uso de *decer*, non obstante esta forma non lle debía resultar distante, en vistas da certa vitalidade de que aínda actualmente goza nalgunhas zonas que rodean a comarca da Ulla, en convivencia con *dicir/decir*. Localízase *decer/deser* na zona occidental e centro da provincia coruñesa e leste e sur da de Pontevedra (vid *ALGal*, 2: mapa 242). En vista do retroceso experimentado por esta forma, e polos testemuños literarios de autores santiagueses do XIX, pode inferirse que neste século quizais *decer* non andaría lonxe da Ulla.

O “ir” volve a ser un exemplo típico da forma de proceder vlladariana con verbos sen excesiva diverxencia dialectal. Recolle en primeiro lugar as formas máis convencionais do momento (que por regra xeral se corresponden coas do galego moderno de hoxe) e, a continuación, rexistra as variantes dialectais que coñece. É o que ocorre no copretérito onde inclúe “ía” (a tradicional pero hoxe de uso restrinxido, aínda que normativa), “iba” (a maioritaria no galego falado) e “iña” (a variante rosaliana analóxica do copretérito de “vir”). O máis rechamante dende a perspectiva actual é, non obstante, a inclusión no imperativo e no presente de subxuntivo das formas tradicionais sen iode antihiático: “váa, váan...”, etc., acompañadas das case xerais actualmente: “vaya, vayan...” etc., que son as unicamente empregadas por el na súa obra.

Contrariamente a “ir”, o verbo que o segue, “oír”, responde a un exemplo problemático de alta variación e diverxencia dialectal. Como ocorría con “poñer” e “por”, Valladares rexistra aquí as dúas que lle son máis próximas: “oír”, a máis xeral e estendida xeograficamente, e a pontevedresa e ullá “ouír”. Non se fai eco da surourensá “ouvir” nin da galego-asturiana “ouguir”⁵³. As formas que dá en primeiro lugar son basicamente as mesmas cás do paradigma normativo actual coa excepción do imperativo e presente de subxuntivo, onde prefere, como xa fixera no verbo *ir*, as formas sen iode antihiático: “òa”, “òan” “òamos”, etc., aínda que as que unicamente utiliza nos seus textos son as que si o teñen.

Outro tanto ocorre co seguinte verbo conjugado, “saír”, para o que tamén prefere dar en primeiro lugar as variantes con hiato seguidas das que intercalan o “y” antihiático, tanto no presente de indicativo coma no imperativo ou no presente de subxuntivo: “sáo; sáyo”, “sáes, sayes, sás”, etc. A resolución do hiato en crase vocálica, o “sás” da P2, alterna coa formación dun ditongo, o caso de “sai” da P3 “sáe, saye, sai”. Non fai referencia en cambio a *salir*, que é a que el mesmo emprega na súa conjugación na obra literaria. En nota sinala que as mesmas irregularidades ca “saír” teñen “caír; choír &”.

O último verbo irregular é “vir” e coma el di que se conjugan os seus “compuestos”: “intervir”, “sobrevir”, etc. No presente o seu tratamento é similar ó de “ter”, achegando en primeiro lugar as formas certamente insólitas: “veñes”, “veñe” e supostamente regulares (vid. supra). No pretérito rexistra “vèu”, a forma esperada (é a que emprega na súa obra), antes cá analóxica “viu”.

As últimas táboas do verbo inseridas nesta sección resultan unha innovación dos *Elementos* en relación cos dous textos gramaticais galegos precedentes. Valladares dedícaas á conjugación dun “verbo activo ó transitivo” (1892: 89 e ss.) cos clíticos *o, a, os, as, ós*

⁵³ No seu *Diccionario* lematiza OÍR, OUIR, OUVIR e OUZAR.

que refire por erro do editor como ¿”adjetivos”? (cremos que en vez de “objetivos”). Esta introdución parece inspirarse non na gramática do español senón na gramática do portugués (ou quizais nunha francesa de aprendizaxe), onde é usual que se faga mención a ela⁵⁴. Está motivada, en calquera caso, tanto pola estrutura idiosincrática do galego, coma polo particular interese do autor na regulación do uso correcto do guión ou trazo de unión (vid. supra). Como ocorre nas gramáticas portuguesas, a conxugación inclúe tanto a anteposición coma a posposición pronominal coa separación do pronome do verbo a través do guión: “*eu o espèrto, ó espèrto-o èu*”, “*tí o espèrtas, ó espèrta-o tí*”... O modelo elixido é o verbo “espertar”, ó que lle adxudica unha insólita alternancia entre as formas non persoais (infinitivo, xerundio e participio) con vogal radical pechada, e as formas persoais, con vogal supostamente aberta (pola acentuación grave), tanto no singular coma no plural de todos os tempos verbais. Ademais desta anomalía, a outra particularidade do paradigma atinxe ó pronome empregado: alterna o masculino singular “o” no presente, o masculino plural “os” no copretérito, o feminino singular “a” no pretérito e antepretérito, e o feminino plural “as” no futuro.

A inferencia que se pode facer da lectura deste apartado dos *Elementos*, no que finalmente conxuga de novo algunhas persoas dos verbos irregulares rematadas en ditongo “-eu” e “-ou” co pronome (1892: 91-94), é a de que Valladares nunca chega a considerar a existencia de tres alomorfos (tal e como se adoita interpretar actualmente), senón un único pronome “o, a, os, as” ó que se engaden unha serie de letras (-l- ou -n- mudación por eufonía) nun conxunto de casos que nunca chegan a describirse plenamente.

A sección dedicada ó verbo remata coas conxugacións, pequenas definicións e listaxes de verbos *recíprocos* (1892: 95-96), *impersoais* (p. 97) e *defectivos* (p. 98), e cunha ampla lista dos *participios pasivos regulares e irregulares* das tres conxugacións (pp. 99-103).

6.6. O adverbio

A sección ábrese coa máis habitual das definicións da gramática tradicional (1892: 104): “Es una palabra invariable que sirve á calificar, bien un verbo, bien un adjetivo, ó bien otro adverbio”. Sen outros preámbulos pásase á listaxe das distintas subclases : (afirmación, cantidade, comparación, dúbida, lugar, modo, negación, orde e tempo) e as formas coas súas correspondentes traducións ó castelán (1892: 104-7. A tipoloxía empregada segue a da RAE e non a de Saco

⁵⁴ Vid por exemplo a gramática escolar publicada en 1910 por João Gomes Vicente Rodrigues (*Grammatica Portuguesa. Ensino Primario*. Lisboa: Imprensa Nacional) no apartado 140, “Modelo de um verbo com o pronome *o*”.

(1868: 119 e ss.). Non obstante, o gramático ullán si tivo en conta o texto do ourensán para o rexistro das formas, tal e como se pode comprobar se se realiza un confronto entre ambos (vid a táboa en Fernández Salgado 2002: 347)⁵⁵. A pesar de que neste apartado esperaríamos non atopar locucións adverbiais propiamente ditas, o certo é que Valladares recoloca ou corrixe graficamente varios dos adverbios e modos adverbiais que aparecían na lista de Saco.

Finalmente, de maneira similar ó *Compendio* da RAE ou á *Gramática Gallega* de Saco, Valladares dedica un subapartado ó que neles aparece baixo “modos adverbiais” (locucións que fan o oficio de adverbios), e que el refire como “Expresiones o palabras que hacen veces de adverbios compuestos” (vid. logo o concepto paralelo de “conxuncións compostas”). O material aquí introducido é de natureza lingüística diversa, pois xunto ás locucións propiamente adverbiais “en algures” e “en ningures”, aparece encabezando a lista a locución prepositiva “cabo de” e pechándoa, a conxuntiva “unha vés que”. Tamén enumera o adverbio “pasadomañán”, escrito todo xunto.

6.7. *A preposición*

A definición de Valladares (1892: 108) acode ó criterio sintáctico-funcional: “una palabra invariable que hace conocer la relación que existe entre dos nombres, dos frases, ó dos proposiciones”, e pasa logo a discutir brevemente a diferenza co adverbio en termos de colocación. Seguidamente, lista e comenta as preposicións máis comúns: “á, asegún, ante, baijo, cara, con, contra, escontra, de, dèica, dende, desque, en, entre, antre, hastra, onda, pra, por, sen, su, tras” (pp. 108-112). O tratamento é estritamente prescristivo. Comenta supostos usos indebidos e ofrece, por seren partículas xeralmente modificadas por fonética sintáctica, regras ortográficas sobre o uso do apóstrofo e do trazo. Lingüisticamente, é infeliz a inclusión da conxunción “desque” entre as preposicións, probablemente por despiste.

6.8. *A conxunción*

A conxunción, coma a preposición, é definida por Valladares (1892: 112) en termos da función que cumpre unindo e ligando frases dun discurso. Divídeas en *simples* (constan dunha soa palabra) e as *compostas* (de máis dunha). Na clasificación das primeiras sepárase da establecida por Saco e baséase na que figura na gramática da RAE (ou algunha derivada dela), organizándoa as subclases por orde alfabética

⁵⁵ A diferenza de Saco, que recolle as formas galegas sexan idénticas ou non ó castelán, Valladares (1892: 107) omíteas da listaxe para rexistralas nun parágrafo final.

en (1992: 112-115) *adversativas, causais, comparativas, condicionais, continuativas, copulativas, disxuntivas e distributivas, finais e ilativas*.

Como ocorre noutras seccións dos *Elementos* (na dos adverbios, por exemplo), óbvianse as definicións de cada unha delas e omítense as formas que comparten galego e castelán.

6.9. *A interxección*

A pesar de que en 1888 Valladares redactara o breve artigo “Una reflexion” para a revista *GALICIA* censurando que Pérez Ballesteros escribira con <j> algunhas interxeccións que na súa opinión deberían representarse con <h>, nos *Elementos* (1892: 115) as interxeccións sáldaas con apenas tres liñas, nas cales ofrece unha sucinta definición (“Es una palabra que sirve unicamente á expresar las diferentes afecciones del ánimo”), e lista unha serie delas: “Ah!; ahaha!; ha!; hò!; hòla, òla!; ou!; ohó!, ohóla!; Eil!; chus!, chutel!; cantè!; catál, madíal, jò!, tò! &&.”.

7. *Os apéndices da obra*

O material textual que conteñen as tres derradeiras seccións dos *Elementos* axudan a situar a obra gramatical de Valladares no contexto histórico e ideolóxico que propiciou a súa redacción e a calibrar, na súa xusta medida, as limitacións dun texto que, non se debe esquecer, permaneceu inédito ata 1970.

Realmente, estes apartados constitúen tres apéndices de natureza diversa. O primeiro, que segue inmediatamente ó apartado “Conclusión” (p. 124)⁵⁶, contén “Máximas ó sentencias” (pp. 125-127) de persoas célebres e adopta unha disposición similar a dos varios outros pequenos glosarios e listas que a preceden, nas que se inclúen os días

⁵⁶ Se deixamos a un lado o último parágrafo desta sección, onde Valladares realmente parece poñer remate á obra cunha pequena digresión ideolóxica na que alecciona os galegos a non desprezaren a súa lingua, tanto o contido coma a maneira en que o trata recordan pouco ó que se entende convencionalmente por “Conclusión”. O texto consiste nunha especie de lista a maneira de engádega dos “defectos de lenguaje” xa referidos noutras seccións do libro e, xusto a seguir, insírense sen que medie separación de ningún tipo e baixo a mesma aparencia e deseño editorial dous novos apartados. Tamén queremos expresar aquí as nosas reservas sobre se o folio manuscrito que continúa esta “Conclusión” (p. 124) pertencía verdadeiramente ó volume manuscrito dos *Elementos* (tal e como o seu autor os dispuxo), ou se pola contra se trata dunha folla manuscrita que recollía apuntamentos e observacións de Valladares sobre a lectura da obra de Álvarez Giménez, e que posteriormente foi almacenada onda o resto do manuscrito. Repárase en que nas paxinas que seguen (pp. 116 e ss.) existe unha certa desorganización na que se mesturan escritos e contidos de vario tipo, que ben poderían estar non destinados inicialmente á gramática.

da semana, meses, estacións, nomes de persoas, titulares de parroquias, modismos e refráns e dicires (pp. 116-124). O segundo responde a unha tradución do castelán de Gracián polo propio autor (pp. 128-129). O terceiro pecha o libro baixo o epígrafe “Poesías diferentes” (pp. 131-152), inspirada na xa comentada última sección da gramática de Saco (1868: 283-313).

De xulgarse que neste arranxo existe unha certa incoherencia editorial, debería pensarse na posibilidade de que as seccións dedicadas ás “Máximas, ó sentencias” e á tradución se transpapelasen (e cambiases de lugar, xa que precederían orixinalmente ó apartado epigrafiado como “Conclusión”), ou ben que non fosen convenientemente editadas. Se a forma en que aparece na edición de Galaxia de 1970 obedece á orde con que Valladares a deixou disposta ou a páxinas que se trastocaron e que o editor non quixo manipular é algo sobre o que non nos é posible pronunciarnos sen ter acceso ó manuscrito orixinal, actualmente ilocalizable.

Como queira que sexa, o que parece claro é a finalidade compartida desas tres partes. Tanto a través da tradución de citas de personaxes históricos famosos, coma da versión ó galego dun texto longo castelán de carácter moralizante, coma dunha escolma de poetas modernos, o propósito é esencialmente o de demostrar a viabilidade do galego como lingua escrita, flexible e harmónica, e a súa inequívoca aptitude literaria nos trinta últimos anos (o *Álbum de la Caridad* data de 1862 e a súa gramática de 1892). O propósito, que se revela á vez práctico e simbólico, vese confirmado cando se examinan as modificacións que o gramático opera sobre os textos traducidos e editados. Non só se trata de recoñecer o valor literario ou filosófico das mostras e autores incluídos, senón tamén o feito de confirmar a validez e idoneidade do modelo de lingua correcta que se postulou teoricamente na gramática a través de regras e prescricións.

Evidentemente, cando se pretenden ofrecer exemplos de bo uso, é inevitable seleccionar de entre a variedade lingüística existente, pero xustamente por iso mesmo é polo que hoxe resulta esclarecedor examinar, a través dos textos incluídos, os gustos estéticos e as preferencias ideolóxicas que coincidiron no feito de que alguén que nunca se dedicou ó ensino escolar nin académico da lingua se preocupase por elaborar unha pequena gramática coa que regular o que el refería xeralmente como “dialecto”. Para Valladares, que chega ó estudo da gramática galega despois de recoller folclore lingüístico e de lematizar varios milleiros de palabras do galego vivo, a lingua vernácula era, sen dúbida, principalmente popular, mais non por iso abxuraba dela nin describía da súa potencialidade e capacidade de refinamento. Tal e como confesa no alegato final do apartado da “Conclusión”, son xustamente os pequenos refinamentos os que procura coas súas san-

cións dos “defectos” lingüísticos, de maneira que “a xente culta e fina, que case non o fala xa” non o desprece e non sexa só un dialecto relegado “ó ignorante vulgo”(1892: 125).

Neste senso é como se debe entender a inclusión das traducións das sentenzas filosóficas e morais de autor ó lado dos refráns de tradición anónima e popular. A autoría das citacións de maior a menor número de textos é probablemente reveladora da sintonía que Valladares profesaba respecto das súas ideas: Oliver Goldsmith (1728-1774), escritor británico defensor da bondade e da inocencia (7 citas); John Brown (1800-1859), abolicionista norteamericano (4 citas), Napoleón Bonaparte (1769-1821), o máis famoso emperador de Francia (4 citas); Alphonse de Lamartine (1790-1869), aristócrata galo vido a menos, de ideas moderadas e autor romántico das *Meditacións poéticas* (3 citas); François René, vizconde de Chateaubriand (1768-1848), escritor do primeiro romanticismo francés, de ideoloxía conservadora e autor de *O xenio do cristianismo* (2 citas); Benjamin Franklin (1706-1790), filósofo e político, redactor da declaración de independencia norteamericana e inventor do pararraios (2 citas); Jean de La Bruyère (1645-1696), escritor francés de ideas clasicistas (2 citas); a Condesa de Alviná (2 citas); Jacques Bénigne Bossuet (1627-1704), prelado e escritor francés que combateu a Reforma protestante (1 cita); Charles Irenée Castel, abade de Saint-Pierre (1658-1743), escritor e académico francés (1 cita); Stephanie du Crest de Saint-Aubin, Condesa de Genlis (1746-1830), escritora francesa coñecida polas súas memorias (1 cita); François Guizot (1787-1874), historiador e estadista, campión do conservadorismo autoritario (1 cita); Mariano José de Larra (1809-1837), escritor romántico de tendencia liberal, cultivador do costumismo (1 cita); e o *Curioso Parlante*, pseudónimo de Mesonero Romanos (1803-1882), o grande promotor do “costumbrismo” hispánico e fundador do *Semanario Pintoresco Español*.

Dun xeito semellante poderían ser vistos os autores e as materias tratadas nas poesías seleccionadas da aínda daquela brevísima tradición literaria galega moderna. Con todo, Valladares faise eco dun amplo elenco de escritores do momento. A primeira e máis vella das poesías recollidas é “A Galicia” (premiada nos Xogos florais da Coruña de 1862 e publicada logo no *Álbum de la Caridad*), da autoría de Francisco Añón, e non de Rosalía Castro, como se fai notar por erro (p. 136), ó unirse este poema co seguinte, “¡Padrón!... ¡Padrón!”, que si é de Rosalía. A seguir antologa outros 11 autores: J. Barcia Caballero, Alberto García Ferreiro, R. Pesqueira Crespo, Aureliano J. Pereira, Salvador Golpe, Francisco María de la Iglesia, Amador Montenegro, Enrique Labarta Pose, Eduardo Pondal, M. Curros Enríquez e Alfredo G. Dóriga. Todos eles, salvo Curros, de quen se rexistran dous

poemas “Cántiga” e “A Rosalía”, aparecen representados por cadansúa composición.

Os criterios seguidos na compilación non nos son explicados por Valladares, pero a propia escolma encárgase de desvelarnos os seus gustos, pois os predominantes son os temas folclóricos (“Os pescadores”, “Próbe Jan”, “Xa vamos vellos”, “À virxen dos doores”), os patrióticos e localistas (“A Galicia”, “Adios a Galicia”, “Padrón”), os naturalistas e descritivos (“O arco da vella”, “Invernía”), e os sociais (“Loito”, “Pol-amor das quintas”, “O Manco d’a pátrea”). Curiosamente, o intimismo non aparece representado nas mostras esollidas, se exceptuamos a soidosa cántiga de Curros.

8. Cabo

Como se deixa ver, pódese concluír que folclore, gramática e literatura acaban confluindo na obra de Valladares, como de feito se cruzaban na súa propia vida. O estudo do folclore alimentou a súa paixón pola lingua e indirectamente, como bo coleccionista, tamén a acumulación aparentemente paciente do que acabou converténdose primeiro no *Diccionario gallego-castellano* (1884) e logo nos *Elementos de Gramática Gallega* (1892), que poden ser entendidos cabalmente se un ten en conta o seu interese, dende novo, pola literatura e a lingua regulada en que esta supostamente debía expresarse.

O *Elementos* son a contribución máis importante de Valladares no terreo gramatical. Concluídos cando contaba 71 anos, a obra permaneceu manuscrita na biblioteca familiar de Vilancosta ata 1970 en que foi publicada pola editorial Galaxia e a fundación Penzol, coincidindo con que ese ano se lle dedicaba ó autor o Día das letras galegas. Esta edición, a única existente, presenta en aparencia erros e incongruencias e, xa que logo, precisaría dun novo cotexo co orixinal, polo de agora imposible de facer pois está extraviado.

Pese a non ter repercusións no seu momento, o cuarto texto da tradición gramatical galega constitúe, non obstante, un documento interesante de análise para quen queira traxer a historia do xénero. En particular resulta atraente por ser un texto ponte entre as gramáticas galegas descritivas do período rexionalista e as prescritivas da época nacionalista das Irmandades e de Nós.

O texto vindícase como unha explicación dos fundamentos da ortografía empregada polo autor no seu *Diccionario* e, ó tempo, como un método que dá a coñecer, de xeito contrastivo, as regras gramaticais básicas do galego a futuros escolares e, logo, á xente toda. Tamén se xustifica pola ausencia dunha Academia rexional e na debilidade da

tradición gramatical autóctona, aínda que a gramática de Saco aparece varias veces de fondo como autoridade.

O seu prescriptivismo fundaméntase no legado ideolóxico dunha gramática xeral e en principios herdados da gramática académica española. O modelo do castelán patentízase na orientación que Valladares dá dalgunhas regras ortográficas (coma as de uso de <g, j, x>), na proscripción de certas construcións sintácticas enxebres do galego, seguindo o libriño de Álvarez Giménez que comenta erros cometidos por galegos cando falan español (o caso da rección de determinadas preposicións), e tamén na condena de trazos fónicos autóctonos (coma a gheada). Noutras ocasións, pola contra, Valladares demostra un empeño indíctible por regrav graficamente aspectos fónicos diferenciais (coma o diferente timbre de <e> e <o>) ou considerados eufónicos (coma as representacións de elisións, contraccións e asimilacións).

O prescriptivismo non é tan manifesto na parte da “analoxía”, a principal e máis extensa da gramática. Na descrición morfolóxica das que el chama “partes do discurso”, á hora de sancionar unhas formas ou outras, opta en ocasións polo criterio de uso real dos falantes (por exemplo na adscrición do xénero a algúns substantivos e na formación do plural). Tamén se amosa receptivo con formas xeograficamente diverxentes, aínda que, en grandes liñas, a variante diatópica descrita (e preferida) por Valladares vén coincidir coa do galego occidental e, concretamente, coa da fala nativa da Ulla (a que mellor coñece). Pero tampouco refusa acrecentar as listas e paradigmas con formas doutras zonas cando as coñece (como se ve no polimorfismo da conxugación dos verbos irregulares), o que sen dúbida son reminiscencias da súa faceta de colector de folclore.

En fin, os *Elementos*, antes do que unha gramática completa propiamente dita, son unha contribución ó estudo e coñecemento lingüístico do galego, e a pesar das súas limitacións evidentes, pois Valladares non tiña a formación gramatical de Saco, foi unha mágoa que non se editase no momento da súa redacción, xa que sen dúbida inspiraría novos traballos e novas actitudes cara á lingua.

Bibliografía

- ALGal* = Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico Galego. Vol I. Morfoloxía Verbal.*, 2 t. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGalII* = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico Galego. Vol II. Morfoloxía Non-Verbal.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

- Alonso Montero, Xesús (1970): *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica en el siglo XIX*. Lugo: Celta.
- Bello, Andrés. [1847] (1988): *Gramática de la lengua castellana destinada al uso de los americanos*. 2 vols. Notas de R. J. Cuervo. Madrid: Arco Libros. [Estudo e ed. de R. Trujillo].
- Carballo Calero, Ricardo (1970): “Elementos de Gramática Gallega, por Marcial Valladares Nuñez”. *Grial*, 30, 498-500.
- Calero Vaquera, María Luisa (1986): *Historia de la gramática española (1847-1920)*. Madrid: Gredos.
- Cuveiro Piñol, Juan (1868): *El habla gallega*. Pontevedra: Imp. de José A. Antúnez y C^ª.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Salgado, Benigno (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principio do século XX (1913-1936)*. Verba, anexo 47.
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2002): *Marcial Valladares (1821-1903)*. *Lingua, literatura e folclore*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago [edición en CD].
- (2004a): “Cen anos sen Marcial Valladares: retallos da vida e obra”. *A Trabe de Ouro*, 57, 89-102.
- (2004b): “As citas de autor no *Diccionario* de Marcial Valladares”. En R. Álvarez e A. Santamarina, (*Dis*)cursos da escrita: estudos filolóxicos ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 237 – 257.
- Fries, Dagmar (1989): “Limpia, fija y da esplendor”. *La Real Academia ante el uso de la lengua. Historiografía de la Lingüística Española*. Madrid: Sociedad General Española de Librería.
- Hermida, Carme (1987): “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [s]. *Grial*, 97, 299-316.
- (1990): “Contribución á caracterización sociolingüística da segunda metade do século XIX”. *Cadernos de lingua*, 1, 57-79.
- González Seoane, Ernesto X. (1992): *A ortografía e a gramática do gallego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago.
- Henríquez Salido, M^ª do Carmo (1986): “As gramáticas do galego do século XIX”. *Actas do I Congreso Internacional da Língua Galego-portuguesa na Galiza*. A Coruña: AGAL, 442-467.
- Lázaro Carreter, Fernando (1985)²: *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII*. Barcelona: Crítica.
- Mirás, Francisco (1864): *Compêndio de Gramática Gallega-Castellana*. Santiago: Establec. Tipográfico de Manuel Mirás. [Reprod. facsimilar de 1978 en Akal Editor].

- Martínez González, Antonio (1996): “Sobre la norma lingüística: El español del siglo XIX y la norma purista del P. F. Cevallos. En A. Martínez González (ed.): *Estudios de Filología Hispánica I. (Estudios lingüísticos y literarios)*. Granada: Universidad, 11-31.
- Real Academia Española (1888): *Gramática de la lengua castellana*. Madrid: Viuda de Hernando y Compañía.
- (1912): *Compendio de la gramática de la lengua castellana*. Madrid: Perlado, Páez y Compañía (Sucesores de Hernando).
- [1771] (1984): *Gramática de la lengua castellana*. Madrid: Editora Nacional. [Ed. facsímil y apéndice de R. Sarmiento].
- Rodrigues de Castro, Joaquim (1993): “Cem anos da gramática de Valadares”. *Quarto crescente*. 1 (4/1993), 3-7.
- Rodríguez Rodríguez, Manuel (1892-1893): “Declinación gallega”, *Galicia. Revista Regional*, A Coruña, I, 5 (11/1892), 267-275; 6 (12/1892), 335-345; 7 (1/1893), 385-390; 8 (2/1893), 461-469; 9 (3/1893), 525-528.
- Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática Gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Salvá, Vicente [1847] (1988): *Gramática de la lengua castellana según ahora se habla*. 2 vols. Madrid: Arco Libros. [Estudio e ed. de M. Lliteras].
- Santamarina, Antón (1974): “Gramáticas”. *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago/Gijón: Silverio Cañada, t. 16, 191-195.
- Valladares Núñez, Marcial (1879): “Del apóstrofo en la escritura gallega”. *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, t. I, 11, 123-124.
- (1884): *Diccionario Gallego-Castellano*. Santiago: Estab. Tip. del Seminario Conciliar Central.
- (1888a): “Escritura gallega”. *Galicia. Revista Regional*, A Coruña, t. II, 6, 6/1888, 267-270.
- (1888b): “Una reflexión”. *Galicia. Revista Regional*, A Coruña, II, 8, 8/1888, 397-399.
- [1892] (1970): *Elementos de Gramática Gallega*. Vigo: Fundación Penzol / Editorial Galaxia.
- [1896] (s.d.): *Nuevo suplemento al Diccionario Gallego-Castellano, publicado en 1884 por D. M(arcial) V(alladares) N(úñez) autor de uno y otro*. En *Cadernos de lingua*, anexo 4. [Ed. de M. García Ares].

A RETRANCA COMO ACTO LINGÜÍSTICO

ALICE PICCARDI
Università di Bologna

1. Retranca: *Definicións*

A *retranca* é unha figura retórica da lingua galega, pero máis que un sinxelo recurso comunicativo é algo capaz de sintetizar as características da poboación que a utiliza. O imaxinario común asocia normalmente os galegos cun estereotipo de persoas pechadas, difíciles de entender e “amantes do disimulo, de acochar no máis fondo as [...] verdadeiras intencións” (Gondar, 1993: 46).

A pechadura é incluída na etimoloxía do termo: “o próprio sentido recto da palabra fálanos xa desa porta gardada por dobre pecho que fai a entrada practicamente infranqueábel” (Gondar, 1993: 46-47). *Tranca* é o pau horizontal que bloquea as portas, así que a palabra *re-tranca* refírese a unha dobre medida de seguridade metafórica activada polo falante para protexer as súas intencións comunicativas. É coma se o galego quixese evitar un correcto entendemento, coma se estivese orgulloso de non facerse comprender:

“esa forma de falar ou de comportarse tan própria do paisano galego, que se caracteriza pola cautela, pola habilidade para contestar evasivamente, por saber non decer ou facer o que os outros pretenden, en última instancia, pola segunda intención, unha arma máis, que produce nos outros como efecto a dificultade de comprender a quen a está a utilizar” (Gondar, 1993: 46).

Normalmente unha tal disimulación de intencións asóciase coa malicia, pero segundo o galego é unha habilidade que o coloca a un nivel superior de intelixencia, a sagacidade.

É unha figura retórica, entón, complicada non só no uso senón tamén na definición, como demostra a lista feita por Baltrusch (1998: 117-118):

versión galega da ironía, [...] cautela no falar ou [...] segunda intención para desconcertar o interlocutor [...] unha habilidade para contestar evasivamente, un saber non dicir ou facer o que os outros pretenden, unha

malicia no obrar ou unha gracia intencionada do dicir, [...] o humor das respostas interrogantes e intencionadamente vagas, o humor das críticas, dos eufemismos, das hipérboles, picardías ou melancolías da fraseoloxía enxebre.

Todos estes intentos de capturar a esencia da retranca expresan a ambigüidade deste acto lingüístico, que, con todo, faise evidente só cando é real e realizado, como no exemplo do debuxo de Castelao (V. apéndice). Alí está representado o diálogo entre un taberneiro (A) e un cliente seu, chamado P; o primeiro pregunta ao outro qué opina do seu viño e este contesta cunha frase tipicamente retranqueira: «Je...por onde vai molla, e como refrescar, refresca» (enunciado *e*). Unha contestación que nos deixa sen palabras a nós e ao interlocutor, pero que intentaremos comprender a través das ferramentas creadas por dous filósofos da linguaxe ordinaria, John L. Austin e Paul Grice.

2. Retranca e actos ilocutivos

A retranca é un acto lingüístico, polo tanto pertence ben ao campo dos fenómenos lingüísticos ben a aquilo propio dos actos. Xustamente, por mor desta súa segunda pero non secundaria característica, hai que avaliala non só baixo as condicións de verdade, senón tamén e en particular polas de felicidade. Estas foron establecidas por Austin (1976) considerando un tipo de acto lingüístico, a ilocución, que se refire a todo o que se fai no falar (dende o latín *in-loqui*). Unha clara exposición do pensamento de Austin encontrámola en Leonardi (1992: 140-141), que recolle e reformula a teoría do filósofo inglés:

Le condizioni di felicità di un'ilocuzione sono le seguenti:

- (A) (1) Ci deve essere una procedura convenzionale accettata con determinati effetti convenzionali, che ha come caratteristica centrale il proferimento di certe catene verbali (*Condizione essenziale*).
- (2) Chi invoca la convenzione deve avere titolo a farlo, deve cioè specificatamente soddisfare i requisiti previsti dalla convenzione per potervi fare ricorso; inoltre le circostanze particolari in cui invoca la convenzione devono essere quelle appropriate, cioè del tipo previsto dalla convenzione (*Condizione preparatoria*).
- (B) (1) La procedura deve essere eseguita correttamente e
- (2) completamente (*Condizioni linguistico-proposizionali*).
- (I) Chi invoca la procedura deve essere sincero, deve avere cioè i sentimenti e le intenzioni richieste (*Condizione di sincerità*)¹.

¹ As condicións de felicidade dunha ilocución son as seguintes:

O acto do exemplo é ilocutivo-expositivo; segundo Austin (1976: 161), “expositives are used in acts of exposition involving the expounding of view, the conducting of arguments, and the clarifying of usages and of references”². Evidentemente no noso caso, estamos diante da exposición dun punto de vista, da opinión de P sobre o que A lle deu de beber. Entón a ese acto podemoslle aplicar as máximas precedentes. A1, A2, B1 e B2 son requisitos obxectivos sen os cales o acto lingüístico fracasa, é dicir, é legalmente inválido; con todo, isto non pasa no exemplo:

- (A) (1) P proferiu unha cadea verbal correcta e convencionalmente aceptada.
- (2) A e P invocaron a convención lexitimamente e nunha situación apropiada, con ser interrogante e interrogado nun intercambio verbal.
- (B) (1) É problemático decidir se ailocución é ou non correcta: sería quizais máis adecuada unha contestación clara e directa por parte de P, de todas as formas non se pode tampouco dicir que formalmente a enunciación sexa incorrecta
- (2) e é seguramente completa.

A condición Γ , en cambio, é subxectiva e, de non ser respectada, produce un abuso, pero non é este o caso dado que P produce voluntariamente un enunciado ambiguo mesmamente para evitar mentir sobre a súa opinión acerca do viño de A.

Entón, segundo a análise austiniana, o enunciado *retranqueiro* parece feliz: entón non é grazas a esa teoría que podemos solucionalo. Tentamos, daquela, un exame a través da forma de funcionar dun intercambio lingüístico tal como é postulada por Grice.

-
- (A) (1) Debe haber un procedemento convencional aceptado con determinados efectos convencionais, que teñen como característica principal a pronunciación de determinadas cadeas verbais (*Condición esencial*).
 - (2) Quen convoca a convención debe ter lexitimidade para facelo, é dicir debe satisfacer de maneira específica os requisitos previstos pola convención para poder recorrer a ela; ademais as circunstancias peculiares en que invoca a convención deben ser as apropiadas, é dicir, do tipo previsto pola convención (*Condición preparatoria*).
 - (B) (1) O procedemento debe ser executado correctamente e
 - (2) completamente (*Condicións lingüístico-proposicionais*).
 - (I) Quen convoca o proceso debe ser sincero, é dicir, debe demostrar os sentimentos e as intencións requiridas. (*Condición de sinceridade*).

[Citacións traducidas pola autora]

² Os expositivos son utilizados en actos de exposición que comprenden o desenvolvemento de opinións, a exposición de argumentos e a explicación de usos e de referencias.

3. Retranca e principio de cooperación

Como calquera acto lingüístico, a *retranca* toma significado no momento en que se realiza, é dicir cando hai un suxeito que fala a unha audiencia, ou hai dúas ou máis persoas que manteñen comportamentos sen falta de relacións recíprocas. Grice (1995: 59) define os intercambios verbais como:

tipici esempi di comportamento, almeno in una certa misura cooperativo; ciascun parlante vi riconosce un intento o una serie di intenti più o meno comuni o almeno una direzione accettata di comune accordo³.

Este fin común é xeneralizado no Principio di Cooperación:

conforma il tuo contributo conversazionale a quanto richiesto, nel momento in cui avviene, dall'intento comune accettato o dalla direzione dello scambio verbale in cui sei impegnato (Grice 1995: 60)⁴

Este principio xeral acompáñase dun conxunto de máximas e submáximas divididas en catro categorías principais:

- 1) Cantidade: (i) fai unha contribución tan informativa como sexa requirido para o propósito do intercambio;
(ii) non fagas unha contribución máis informativa do que é requirido.
- 2) Calidade: intentar facer unha contribución que sexa certa:
(i) non digas o que creas que é falso;
(ii) non digas o que non poidas probar na maneira adecuada.
- 3) Relación: sé pertinente.
- 4) Maneira: sé claro:
(i) evita a escuridade ao expresarte;
(ii) evita a ambigüidade;
(iii) sé conciso (evita a prolixidade innecesaria);
(iv) sé ordenado (Cfr. Grice, 1995: 60-61).

Non todos os intercambios verbais se adaptan con facilidade a estes principios, pero hai un instrumento que serve para aclarar os casos máis escuros e é a chamada implicatura conversacional, un proceso implícito na conversación que fai xurdir o sobreentendido. Entre os casos am-

³ Típicos exemplos de comportamentos polo menos en certa medida cooperativos; cada falante reconécelles unha vontade ou unha serie de vontades máis ou menos comúns ou polo menos unha dirección aceptada co acordo das dúas partes.

⁴ Conforma a túa contribución conversacional ao que é requirido, no momento en que acontece, polo propósito común aceptado ou pola dirección do intercambio verbal en que estás implicado.

biguos que se solucionan cunha implicatura conversacional está por exemplo a ironía, que Grice (1995: 69) explica así:

2a) Esempi in cui si sfrutta la prima massima della Qualità: *Ironia*. B, che A ha sempre considerato un amico, ha passato un segreto di A a un suo rivale in affari. Sia A che il suo interlocutore C ne sono al corrente. A dice «B è un vero amico». (Spiegazione. È perfettamente ovvio ad A e a C che A non crede a ciò che ha appena detto, e C sa che A sa che C lo sa. Quindi, a meno che l'enunciato di A non sia del tutto gratuito, evidentemente A sta cercando di comunicare una proposizione diversa da quella che ha appena mostrato di esprimere. Si deve però trattare di una proposizione collegata in modo ovvio a quest'ultima; la proposizione più ovviamente collegata a quella che ha mostrato di esprimere è la sua negazione)⁵.

É un caso similar á *retranca* pero diferente nun aspecto fundamental: pronunciando o enunciado «B é un bo amigo» A pode entender ou que B é efectivamente un bo amigo ou que non o é para nada, dado que os posibles significados son un o contrario do outro (a v -a). En cambio, no caso da *retranca* non temos unha contradición senón outras direccións igualmente posibles: diante dunha hipotética “contrapregunta” de A «¿E que? ¿Logo non che gusta o meu viño?», en tódolos casos P pode contestar «Non dixen iso», nin tampouco o seu contrario.

Daquela, pódese asociar a unha das violacións da máxima de Relación, por exemplo:

a un ricevimento elegante A dice «La signora C è una vecchia ciabatta». C'è un attimo di sconcerto, quindi B dice: «Il tempo è stato proprio bello quest'estate, non trova?». B ha rifiutato platealmente di rendere il proprio intervento pertinente rispetto all'osservazione di A. Egli implica, quindi, che l'osservazione di A non va commentata⁶ (Grice, 1995: 70).

⁵ 2a) Exemplos en que se utiliza a primeira máxima de Calidade: *Ironia*. B, que A sempre tivo por amigo, informou dun segredo de A a un rival seu nos negocios. Tanto A como o seu interlocutor C saben da traizón de B. A di «B é un bo amigo». (Explicación. É perfectamente obvio tanto para A como para C que A non cre o que acaba de dicir, e C sabe que A sabe que C o sabe. Entón, a non ser que a frase de A sexa completamente gratuita, evidentemente A está tratando de comunicar unha proposición diferente daquela que acaba de expresar. Logo, debe ser unha proposición relacionada dalgún modo obvio con esta última; a proposición máis obviamente relacionada con aquela que expresou é a súa negación).

⁶ Nunha festa elegante A di «A señora C é unha zapatilla vella» [a expresión úsase para definir unha persoa mala e afeccionada a murmurar dos demais]. Segue un momento de silencio incomodo, logo B di: «Fixo un bo verán, ¿non lle parece?». B rexeita abertamente facer a súa intervención pertinente con respecto á observación de A. Por tanto, implica que a observación de A non se comenta.

De todas as maneiras, no exemplo de Castelao a integración de P non é impertinente, senón orixinal no significado. Quizais afondando no nivel semántico poderemos solucionar o “misterio da *retranca*”.

4. Retranca e significado como intención

No seu ensaio sobre o significado, Grice expón a súa orixinalísima teoría semántica: “Possiamo forse dire che «A voleva dire_{NN} qualcosa con *x*» equivalga approssimativamente a «A ha enunciato *x* con l'intenzione di indurre una credenza attraverso il riconoscimento di questa intenzione»”⁷ (Grice 1995: 226-227)

Así Leopardi (1992: 161) formaliza esta definición:

- (S-I) Dicendo «*x*» P significa qualcosa se lo dice intendendo:
- (i) produrre un particolare effetto in chi lo ascolta, in A;
 - (ii) che A riconosca che P intende (i);
 - (iii) produrre in A l'effetto di cui alla condizione (i) in parte sulla base della condizione (ii)⁸

Esta teoría comprende o cerne do problema da *retranca*: a intencionalidade. No exemplo proposto, é evidente como con *e* P non quere simplemente comunicar que o viño de A ten as características físicas dos líquidos e tampouco que estea riquísimo. ¿Pódese dicir que, pronunciando *e*, P quere levar a A á crenza de que o seu viño é malo? Quizais o faga, pero non de forma directamente intencional. Entón, poderemos supoñer que a vontade de P é producir un efecto *y* de ambigüidade, de falta de comprensión no interlocutor A (fase i). Na fase (ii), A recoñece esta intencionalidade explicitamente críptica do interlocutor, que o fai consciente da intención de P de ser ambiguo.

Esta explicación non parece aínda satisfactoria: ¿por que P se comporta dese modo? Tomamos o seu punto de vista: no momento en que A lle fai a pregunta, P produce un discurso deste tipo «Penso que o seu viño é malísimo pero non quero dicirlllo directamente para non parecer descortés, pero tampouco mentir abertamente».

Entón, parece que P non quere faltar ao respecto nin a A enganándoo nin a si mesmo mentindo. Isto demostranos que cada acto lingüístico é máis ca unha simple cadea de palabras conformada segundo as

⁷ Podemos quizais dicir que «A quería dicir_{NN} [en forma non natural] algo con *x*» signifique máis ou menos que «A pronunciou *x* coa intención de inducir unha crenza por medio do recoñecemento desta intención».

⁸ (S-I) Dicendo «*x*» P significa algo se o di tratando de:

- (i) producir un efecto concreto en quen o escoita, en A;
- (ii) que A recoñeza que P pretende (i);
- (iii) producir en A o efecto da condición (i) en parte referíndose á condición (ii).

leis gramaticais, senón que se impón o respecto das regras dadas polo vivir social. A cautela de P pódese asociar co concepto de *face* ou “cara” tal como o expresaron Brown e Levinson (1987: 61):

all competent adult members of society have (and know each other to have):

- (i) ‘face’, the public self-image that every member wants to claim for himself, consisting in two related aspect:
 - (a) negative face: the basic claim to territories, personal preserves, rights to non-distraction – i. e. to freedom of action and freedom from imposition
 - (b) positive face: the positive consistent self-image or ‘personality’ (crucially including the desire that this self-image be appreciated and approved of) claimed by interactants
- (ii) certain rational capacities, in particular, consistent modes of reasoning from ends to the means that will achieve those ends⁹.

O problema é descubrir cal é a estratexia da *retranca*, se serve para defender a cara negativa (*negative politeness*) ou a positiva (*positive politeness*): “whereas in negative politeness the sphere of relevant redress is restricted to the imposition itself, in positive politeness the sphere of redress is widened to the appreciation of alter’s want in general or to the expression of similarity between ego’s and alter’s want”¹⁰ (Brown e Levinson 1987: 101). Está claro que A non está dicindo o que P esperaba, é dicir que o seu viño está riquísimo, logo non se trata de cortesía positiva. Pero tampouco se trata do caso negativo, pois de feito non houbo ningún ataque directo á liberdade de ningún dos dous e logo non fai falta unha reparación.

De todas as formas, coa súa resposta, A parece protexerse a si mesmo de algo expresando unha intención diferente da que aparece nun primeiro momento. A través dunha nova formalización do significado

⁹ Todos os membros adultos competentes da sociedade teñen (e saben que todos os demais teñen):

- (i) ‘cara’, a imaxe pública de si mesmo que cada membro quere defender para si, formada por dous aspectos relacionados:
 - (a) cara negativa: a reclamación básica de territorios, de espazos persoais, de dereitos de non distracción – é dicir, a liberdade de acción e liberdade de imposicións
 - (b) cara positiva: a imaxe positiva de si mesmos ou ‘personalidade’ (que inclúe crucialmente o desexo de que esta propia imaxe sexa apreciada e aprobada) que os interactantes queren que se lles reconeza
- (ii) certas capacidades racionais, en particular, modos consistentes de razoar desde as metas ata os medios para alcanzalas.

¹⁰ Mentres na cortesía negativa a esfera da reparación relevante se limita á imposición en si mesma, na cortesía positiva a reparación amplíase á apreciación das necesidades dos demais en xeral ou á expresión de similaridade entre as necesidades do suxeito e as dos demais.

deste acto lingüístico segundo o modelo de Grice, intentaremos descubrir o que pretende o falante coa súa frase tan peculiar:

(S-I) Dicindo *e*, P expresa que o viño non é bo pero quere comunicalo dunha maneira que non sexa ni descortés ni mentireira, logo dío querendo dicir que:

- (i) A crea que (1) o viño non é bo (intención₁),
- (2) P non é ni descortés nin mentireiro (intención₂);
 - (ii) que A recoñeza o que P quere dicir (i);
 - (iii) que este recoñecemento sexa parte das razóns polas que A cre en (i) e en (ii).

Como xa apareceu claro cando comparamos *retranca* e ironía, con este acto lingüístico P protéxese dunha posible pregunta por parte de A: no caso en que lle preguntase se considera o seu viño malo, P podería contestar «Non dixen iso» pero tampouco o seu contrario.

O fin último da *retranca* é permitir o trasacordo, é dicir “a revisión dun acordo ou determinación que se adoptou, un volverse atrás no camiño andado para percorrelo por outra vía ou doutra maneira” (Gondar, 1993: 47), que deixa sempre aberto un terceiro camiño. Non é casual que o máis tópico refrán *retranqueiro* galego diga “Deus é bo mais o demo non é malo”, unha contradición de termos segundo unha lóxica, como a da filosofía occidental, fundada no principio de non contradición:

è impossibile che la stessa cosa, ad un tempo, appartenga e non appartenga a una medesima cosa, secondo lo stesso rispetto [...] è impossibile a chicchessia di credere che una stessa cosa sia e non sia [...] e se non è possibile che i contrari sussistano insieme in un identico soggetto [...], e se un'opinione che è in contraddizione con un'altra è il contrario di questa, è evidente che è impossibile, ad un tempo, che la stessa persona ammetta veramente che una stessa cosa esista e, anche, non esista¹¹ (Aristotele 1993: 144-145)

Na cultura galega, en cambio, isto é perfectamente lexítimo dado que “é posuidora dunha lóxica alternativa á lóxica aristotélica, [...] caracterizada por ver a realidade como un todo en vez de como un conglomerado de elementos heteroxéneos con relacións superficiais entre si” (Gondar, 1993: 53). Este novo principio de realidade, que admite as contradicións, destrúe as bases da filosofía clásica e demostra, unha vez máis, que non existe non só o mundo perfecto, senón tamén a linguaxe per-

¹¹ É imposible que a mesma cousa, a un tempo, pertenza e non pertenza a unha mesma cousa, segundo a mesma consideración [...] é imposible a quen sexa crer que unha mesma cousa é e non é [...] e se non é posible que os contrarios existan xuntos nun mesmo suxeito [...], e se unha opinión que está en contradición con outra é o contrario desta, é evidente que é imposible, ao mesmo tempo, que a mesma persoa admita realmente que unha mesma cousa existe e, tamén, non existe.

fecta considerada polos filósofos. No mundo real, en cambio, hai máis dunha linguaxe posible baseada en formas de pensamento moi diferentes, pero entendible a través da interpretación:

Davidson ha sostenuto che l'interpretazione è un'operazione che ciascun parlante compie nei confronti di ciascun altro parlante nel corso di ciascuna interazione linguistica, e questi sono anche i limiti della sua validità: non si dovrebbe dare per scontato [...] che essa si applica ad una lingua, condivisa da una comunità linguistica¹² (Marconi, 1999: 101).

Unha desas comunidades atópase nunha rexión do extremo noroeste da península ibérica, onde unha porta gardada por dobre pecho (retranca) pode servir para deixar aberta máis dunha posibilidade de significado.

Referencias bibliográficas

- Aristotele (1993): *Metafisica*. Edizione a cura di G. Reale. Milano: Rusconi Libri.
- Austin, J. L. (1976): *How to do things with words*. Oxford: Oxford University Press.
- Baltrusch, B. (1998): “Teoría e práctica sincrónica da retranca a partir do refraneiro e da literatura galega vangardista”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, 117-140.
- Brown, P. & S. C. Levinson (1987): *Politeness. Some universals in language usage*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Gondar Portasany, M. (1993): *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Grice, P. (1995): *Logica e conversazione*. Bologna: Il Mulino.
- Leonardi, P. (1992): “La filosofía del linguaggio ordinario. Significato e forza”, in Santambrogio M. (ed.): *Introduzione alla filosofia analitica del linguaggio*. Bari: Laterza.
- Marconi, D. (1999): *La filosofia del linguaggio. Da Frege ai giorni nostri*. Torino: UTET.

¹² Davidson afirmou que a interpretación é unha operación que cada falante leva a cabo no confronto con cada un dos outros falantes no curso de cada interacción lingüística, e estes son tamén os límites da súa validez: non se debería dar por suposto [...] que se aplica a unha lingua, compartida por unha comunidade lingüística.

A.- Que che parece o meu viño?

P:- Je... por onde vai molla, e como refrescar, refresca.

PROBLEMAS RELATIVOS ÓS PROCESOS DE RECOLLIDA E TRANSCRICIÓN DE MOSTRAS ORAIS*¹

XOSÉ SOTO ANDIÓ

Resumo

Este artigo aborda unha serie de problemas de carácter empírico e metodolóxico, relativos ós procesos de recollida de mostras orais e a súa posterior transcripción. A partir de aquí trátanse cuestións que atinxen á selección e localización de informantes, á entrevista (o lugar e o momento da entrevista, formas de realizala...), ás mostras (selección, organización e rexistro das mostras, transcripción do material, tipos de transcripción...), etc. Todo isto encamiñado a contrastar as nosas experiencias neste eido coas doutros investigadores, para así discutir as dificultades metodolóxicas desta actividade e contribuír á procura de mellores solucións.

Preámbulo

Son cada vez máis frecuentes os traballos que centran as súas análises ou na oralidade ou na lingua escrita xunto á oral e á conversacional (Biber *et al.* 1999) ou no contraste de ambas (Jahandarie 1999). Este tipo de estudos require un labor previo baseado en *investigacións empíricas* consistentes na recompilación de mostras orais para a posterior elaboración de cörpera lingüísticos, investigacións que pasan en liñas xerais por dúas fases. A primeira fase ocúpase da *recollida* de mostras, que máis tarde ha dar lugar ó corpus de oralidade. A segunda é a fase de *transcripción* desas mostras. Ambos procesos comprenden unha serie de pasos a seguir e presentan algúns problemas cuxa solución ha de estar acorde cos fins que persiga a investigación que esteamos a desenvolver (De Kock 2001). Estas fases e subfases son as que aborda o artigo que arestora expoñemos, partindo sempre das nosas experiencias quer como transcritores durante

¹ Este traballo é unha ampliación da comunicación presentada no *36 Colloque international de la Societas Linguistica Europaea: "Linguistique et corpus"*, organizado pola *ENS de Lettres et Sciences Humaines* da Universidade de Lyon entre o 4 e o 7 de setembro de 2003.

case dous anos no *Consello da Cultura Galega* de Santiago de Compostela, quer na realización de diversos traballos de campo –entrevistas, gravacións- e transcripcións de textos, que foron realizados para as nosas teses de licenciatura e doutoramento, orientadas a estudos de carácter dialectal, sociolingüístico e gramatical.

A partir de aquí imos expoñer mediante un procedemento indutivo algunhas propostas e problemas derivados desta actividade consistente na recolleita e transcripción de textos orais en Galicia (vid. un antecedente en Sánchez Rodríguez 1986).

Centraremos a nosa atención en temas coma os seguintes: selección e localización de informantes, entrevista, material utilizado, selección e transcripción de mostras, principais convencións de transcripción, rexistro de mostras, etc. A posterior manipulación dos textos mediante programas informáticos queda á marxe desta exposición.

1. Recollida de mostras

Resultan cada vez máis frecuentes en todas as linguas os traballos de recolleita de mostras orais. En linguas minorizadas coma o galego este labor é aínda máis valioso se cabe polas seguintes razóns:

- i) Seren linguas nas que o número de falantes pode estancarse ou retroceder.
- ii) En caso de retroceso dispoñermos da maior cantidade posible de testemuños orais, de gravacións realizadas a individuos que posúan unha fala enxebre e pura, tal e como se usa na vida cotiá (McEnery & Wilson 2001: 104), ou que representan profesións, oficios, etc. que esmorecen ou que xa desapareceron (canteiros, carreteiros, leiteiros, zapateiros, afiadores, ferreiros...).
- iii) Crear importantes cörpera de textos orais que sirvan de base a traballos de investigación sobre o galego así coma ó meirande desenvolvemento dunha lingüística propia que ata hai poucas décadas se limitaba a unhas cantas manifestacións esporádicas.

Dende estes presupostos, foron moitos os estudos que en Galicia, nos últimos vinte e cinco anos, se teñen centrado en traballos de campo consistentes na recollida de mostras orais de diferentes xeracións, tanto no ámbito rural, preferentemente, coma no urbano. A partir de aquí, podemos inferir que a recolleita de material que ha servir de base a calquera corpus de textos orais esixe unha *dependencia empírica* que consta de varias fases, subfases e procedementos, que deseguido especificamos.

1.1. Selección e localización de informantes

Para a constitución de calquera corpus de oralidade é preciso realizar unha determinada *operación selectiva* pola que acoutamos un universo empírico na realidade que se nos presenta con características e limitacións de seu. Nos traballos de campo, a selección de informantes que posteriormente vai integrar o corpus pódese levar a cabo comezando polo *censo* ou padrón de habitantes da zona previamente escollida. Comprobamos pola nosa experiencia que resulta de moita utilidade a este respecto un bo *coñecemento xeográfico* da mesma. Agora ben, o problema que xorde seleccionando os informantes a través dun censo municipal é que os resultados non sexan sempre os devecidos, dado que é posible que o investigador chegue a un determinado lugar e a persoa ou persoas ás que ía entrevistar non se atopen nese momento no seu domicilio ou simplemente non desexen conversar. Para sortearmos esta dificultade podemos acordar co informante, por exemplo a través de chamada telefónica previa, una hora de *cita*. A pexa é que mediante este procedemento no se xera confianza dabondo no entrevistado e moitos non se amosan dispostos a falar con descoñecidos, a ceder parte do seu tempo de modo consciente e por tanto a encontrar con facilidade un oco nas súas ocupacións.

Todo isto acaba por obrigar ó investigador-entrevistador a optar polo que os sociólogos denominan *redes sociais*, adoptando o procedemento en cadea ou de bóla de neve, é dicir, situados nun lugar visitar calquera posible informante e que sexa este o que nos encarreire cara a outros falantes (veciños, amigos, parentes...). En ocasións o entrevistado que nos conduce a outros informantes (amigos ou achegados) actúa de *mediador* na presentación e *participa libremente* na entrevista. O feito de irmos de parte doutra persoa amiga ou coñecida facilita bastante o traballo, facendo que o entrevistado incremente o seu grao de confianza en nós por lle resultarmos menos estraños. E aínda moito máis o facilita a condición de *naturais da zona* ou o ter ascendentes e parentes na mesma que o entrevistado identifique. Vexamos algún exemplo:

X- [en voz alta] Manolo.

M- ¿Que pasou?

X- A ver, hai aquí un mozo que seica quere falar contigo.

M- ¿E logo que quere?

X- Quere falar cun canteiro pa un traballo que está facendo ou non sei que...

ENTREV: Ola, boas tardes, é que quería falar con vostede do traballo dos canteiros...

X- A ver, pasade, pasade pa dentro.

ENTREV: Boas tardes, ¿como está?

L- Ola, ¿que é o que querías?

ENTREV: Era para facerlle unha entrevista e que me falase sobre a vida de antes. Eu son o neto do señor José, o cocíneiro de Covas, ¿non se acorda del?

L- Ai, xa m' acordo, ¿pero xa morreu, non...?

1.2. Entrevista

O termo *entrevista* defínese, en xeral, da seguinte maneira:

1. “Encontro de dúas ou máis persoas nun lugar determinado, para tratar ou resolver un asunto. 2. Conversa en que unha persoa lle fai preguntas a outra... 3. Texto en que aparecen as respostas que unha persoa dá a un xornalista nunha conversa deste tipo” (DRAG 1997: 473).

“Vista, concurrencia y conferencia de dos o más personas en lugar determinado, para tratar o resolver un negocio” (DRAE 2001: 935).

Nós concibimos a entrevista como un medio utilizado para a obtención de datos, algo que acontece tanto en disciplinas lingüísticas coma non lingüísticas (socioloxía, periodismo, antropoloxía...), perseguindo en cada unha obxectivos distintos. A partir de aquí pódese orixinar un proceso de *interdisciplinariedade* polo que o lingüista-entrevistador colabora con outros profesionais; dito doutra maneira, o material obtido polo lingüista nalgúns traballos de campo pode ser aproveitado por estudosos doutras áreas non lingüísticas como etnógrafos, antropólogos, historiadores, sociólogos, musicólogos que recollen cantigas e folclore tradicional, etc.

A entrevista ha procurar a consecución do maior número posible de datos, isto significa que en principio canto máis *ampla* e *diversa* sexa, mostras e conclusións máis precisas se poderán extraer. A duración de cada entrevista-gravación tende a oscilar entre un mínimo de quince minutos e un máximo de cento vinte².

1.2.1. O lugar e o momento da entrevista

A entrevista pódese realizar no *domicilio* do entrevistado, nalgún espazo apartado da *rúa* e en calquera outro punto previamente acordado ou improvisado. No caso dos nenos e adolescentes tamén se pode acudir a un *centro escolar*: colexio, instituto, universidade, residencia de estudantes. E tratándose de persoas maiores é posible desprazármolos ata os *centros da terceira idade* (Monxardín 1998).

Os lugares nos que se vaian obter mostras gravadas han ser preferentemente *espazos cotiáns* que favorezan o discurso espontáneo e coloquial, tamén tranquilos (o domicilio, unha aula baleira, un despacho, un

² En máis dunha ocasión temos realizado gravacións de dúas ou tres horas a un único informante, pero son casos excepcionais.

banco afastado do barullo nun parque...), *sen ruidos* de fondo (unha televisión acesa, balbordo de voces nun café, ruído de coches na rúa, nenos xogando no patio dun colexio, etc.) que poidan máis tarde dificultar a transcripción obrigando a prescindir de palabras, sons e matices que, segundo os casos, poidan ser máis ou menos relevantes. Neste sentido son pouco recomendables, como acabamos de indicar, os cafés con xente, un restaurante, lugares públicos como parques ou patios de colexio, o interior dun vehículo circulando, as rúas urbanas, un taller, etc.

Se o lugar ten que ser o axeitado tamén o *momento* ha de ser o oportuno, isto é, que os informantes no se atopen excesivamente ocupados nin estean en horas de máximo descanso. Neste sentido hai que distinguir entre dous períodos de tempo como son a semana e a fin de semana. A semana e os días laborables ou lectivos son a ocasión propicia para realizar entrevistas nun centro escolar e nalgunhas empresas. A fin de semana constitúe o período de tempo adecuado para dirixírmonos a aqueles domicilios onde os posibles entrevistados traballen de luns a venres ata moi tarde. Dentro da fin de semana, en Galicia acostuma a ser máis eficaz para gravacións o sábado có domingo (sempre falando en xeral), dado que neste día algúns familiares e amigos adoitan reunirse, comer xuntos, ir ó café, ver fútbol, pasear... Durante o día tampouco son bos momentos en Galicia as horas de forte traballo, a hora da comida e da sesta, a cea e, segundo acabamos de sinalar, as ocasións de reunión familiar, xa que os informantes non se han prestar a falar e se acceden será con présa, desexando rematar canto antes para proseguiren co que estaban a facer ou para volveren cos seus amigos. Vexamos algún exemplo rexistrado en Aciveiro-Forcarei-Pontevedra:

ENTREV: Boas tardes, quería falar con José, o carpinteiro.

X- Estache aí cortando leña na eira, entras por esa cancela è x'ò ves.

ENTREV: Ola, viña falar un momento con vostede sobre o oficio de carpinteiro para un traballo que estou facendo.

J- Entra, entra pa dentro. Chita, pasa d' aí [diríxese a un can].

ENTREV: Fálame do traballo de carpinteiro.

J- Era un traballo de facer carros, sobre todo...

[De novo ponse a traballar picando leña]

ENTREV: ¿Que máis se facía á parte de carros?

J- Portas, cancelas, portales tamén se facían, moitas cousas...

[contesta con présa e amósase inqueda, quere seguir traballando]

ENTREV: ¿O dos carros como era?

J- Os carros teñen moitas partes, per' eso è longo de contar...

X- [avisan en voz alta] José, mira que vén aí o trator...

[van cargar leña nun tractor, a conversa iniciada detense de todo, o informante non atende]

1.2.2. Formas de realizar unha entrevista: o entrevistado e o entrevistador

O destinatario da entrevista pode ser unha *persoa individual* á que se lle pregunta sobre un determinado *tema*, favorecéndose o dinamismo discursivo que se concreta en *intervencións prolongadas* (conversar sobre os anos de xuventude, os xogos da infancia, a relixión, os costumes do lugar...), ou se lle formulan *preguntas curtas* de resposta tamén curta, coas que entrevistador e entrevistado se converten ambos os dous en *interlocutores activos alternantes*. Nas entrevistas a nenos obtéñense frecuentemente respostas breves. Velaquí algúns exemplos recollidos en Forcarei-Pontevedra, que corresponden a unha informante de sesenta e cinco anos sen estudos e a un neno de dez anos:

ENTREV.: ¿Cómo eran os casamentos antes?

A- antes eran moi bonitos, hòme. Os casamentos de antes, **buèno**, hòme, buèno. Eran na casa, faciámolos na casa. Eu fíxeno na do Xilo, porqu'a miña casa non era moi ghrande, però despois fomos aí onda un que tèn un comercio aghor'alí en Pontevedra, qu'è primo aquí de Bouzas..., fómose axudarll' a polas mesas na casa, apartaron as camas pa un lado è puxèron alí as mesas. Fíxéron'us **bizcochos** na casa, cor ghuèvos da casa. Se ti n'os tiñas xuntábans'os de todos e iban p'alí pa face-los ghuèvos, è había unha muller que chamábanlle Bolandina, qu'èr'a cociñeira, facía moi ben de comere. Levabas us xamós e chourizos è facías un bo cocido, è facías un bo arroz, unha boa paella de arroz, è non había marisco nin había esa cousa, pèr'había a fartar...

ENTREV.: ¿Como pasas unha fin de semana cos amigos?

M- Xogamos casi tod'ò tempo. Xogar a fútbol, botar carreiras, ó escondite e nada máis.

ENTREV.: ¿Non andas en bici?

M- Eu pouco.

ENTREV.: ¿Alternas os estudos con algún traballo no campo?

M- No.

ENTREV.: ¿Que falas máis galego o castelán?

M- Os dous **mezclados**.

ENTREV.: ¿Os nenos de aquí da túa idade en qué lingua falan?

M- Gallego e castellano, e a mèdias os dous.

Noutros casos as entrevistas realízanse a *parellas*, a *grupos* de varias persoas ou a *grupos de discusión*. Aquí os informantes son interpelados en común polo entrevistador ou propónselles un tema de conversa co fin de que se expresen libre e espontaneamente, desdebuxándose os papeis discursivos entrevistador-entrevistado e as quendas de pregunta-resposta, para así procurar a *fala máis nativa, coloquial e natural*. O entrevistador pode actuar como simple observador unha vez proposto o tema de charla

e mesmo pode abandonar temporalmente o espazo en que transcorre a entrevista deixando sós os informantes (Beswick 1998: 61). En calquera destas situacións existe a posibilidade de que os interlocutores se moderen a si mesmos, introduzan variacións sobre o tema, completen a mensaxe, a maticen e a alteren mutuamente, esquecéndose con máis facilidade de que están a ser gravados. Velaquí dous exemplos en transcripción parcialmente fonolóxica, o primeiro pertence a una parella de sesenta anos de Forcarei- Pontevedra e o segundo reproduce a charla entre dúas adolescentes de 17 anos naturais de Xinzo-Ourense e Baio-A Coruña.

ENTREV.: ¿Como foi o traballo de carpinteiro?
B- Pois arrèghlo de carros, carros do país.
Clav- È facelor novos.
B- Facelor novos, facer arados, facer alghún muèble...
Clav- Facer mesitas de **nóche**, camas...
B- Si, buèno, do que se facía naquèla època.
ENTREV.: Ós carros botábanlles graxa para que andasen.
B- A graxa botábaselle no eixo por causa de que andase máis liso.
Clav- A graxa è esa da casa.
B- Buèno graxa valía graxa...
Clav- Graxa sin sal.
ENTREV.: ¿Os ladrais cómo se facían?
B- Facíanse dunhas tablas de centímetro è cuarto d'espesor.
Clav- Dunha **tabla** sòla.
B- Pèro daban cincuenta centímetros de alto.
Clav- Èran boas.

- *A ver, falade entre vós do que queirades.*

R. Non fixèmos nada a verdá.
A. Xa pèr'estes días que fai tan bo tempo calquèra lle vai dicir a clase.
R. Ti viches María que guapa 'stá, un cambiozo impresionante. Estaba toda pintadiña hoxe, co seu pelo recollido.
A. Si tiña unha trenza feita que lla fixo Cristina, díxom'a min.
R. ¿Cristina d'Òrènsè?
A. Si, fíxolla èla porque pregunteill'eu ¿quen che fix'esta trenza?, è dice no Cristina è tal è díxenll'eu ah vale, è viña pintadiña cos labios pintados.
R. È quitounos unha foto.
A. A min o que máis me amolou foi cuando me dice eso de sacarl'a foto ò jicho este que lle gusta, sabes, è bue, que lle dab'ásí un pouco deso, è díxenlle bue pois si quères sácocha eu è tal, è si que lla saquèi.
R. E ti viches en que posturiña se puso.
A. I-ò da margarita, que colleu unha margarita que se puxo alí è tal, si está mui guai.
R. È a Tamara co outro, tía. Tamara estaba con este tío que è amigo do que lle gusta a María.
A. Ah si, pero eu non-o **conozco**.

R. Si que o conòces, este chico de melenas, que tiña **melenitas** è despois cortou o pelo è aínda me dixèches tí, aí pois gústame como lle qued'ò pelo còrto.

A. Pois eu no me dou conta, de verdá eh, te lo juro.

R. Pois cando o vexa dígocho, de **acuèrdo**. È fumei, aí canto fumei hoxe.

A. Eu pensei que m'iba chegar unha **cajetilla**, pero tuven que comprar outra.

R. Pois eu compreí lunes unha, martes unha e **miércoles** unha.

R. E nada, qué máis fixèmos hoxe, a ver.

A. No sei.

A. Aí a clase de prácticas de teoría aburridísimo.

R. Aburridísimo, compréndote.

A. Jolín eu cando salíu Daviz, o da noiva.

R. È tí viches a Sònia, Sònia non facía máis que rirse, tío.

A. Quèn è Sònia.

R. Sònia è a d'Òrense, a qu'anda con Daviz.

Os entrevistados adoitan pertencer á mesma xeración, porén ás veces son de idades e xeracións opostas (por exemplo unha parella de 50 anos cos seus fillos de 20), o que permite confrontar variedades de lingua e alternancias de código. Tamén poden proceder de puntos xeográficos dispares para así contrastar usos e variacións de carácter diatópico (vid. exemplo anterior de falantes de Ourense e A Coruña).

O entrevistado pode responder de diferentes maneiras a unha entrevista concertada ou non concertada: amosar nerviosismo, querer rematar axiña, aceptala de bo grao. Temos comprobado que en xeral as persoas de xeracións vellas préstanse a falar con bastante entusiasmo cando se lles pregunta polos seus anos de xuventude, a súa vida pasada, etc. Lembrar eses anos a moitos satisfailles enormemente, deste xeito a charla convértese para eles nunha terapia psicolóxica de desafogo. Algúns mesmo nos chegaron a agradecer o feito de seren entrevistados por acordarnos deles, escoitalos e xa que logo permitirlles contar anécdotas da súa vida.

Nos momentos previos a calquera gravación, enquisa e/ou toma de notas é conveniente que o entrevistador estableza co entrevistado un proceso de *interacción* que derreta a cortina de xeo e o escepticismo iniciais, xerando *confianza*, seguridade, familiaridade e tranquilidade no informante, volvendo a *relación afable* e distendida. Para isto, o investigador-entrevistador dispón de varios recursos como son o de explicar o contido da entrevista, a súa finalidade, o que estuda ou aquilo no que traballa, de onde procede, etc. Deste modo o informante confíase, ten menos présa por rematar, explícase con meirande naturalidade e en consecuencia a charla transcorrerá consonte o previsto, acadando os obxectivos preestablecidos (vid. tamén Vaux & Cooper 1999: 10ss.). Isto resulta aínda máis importante cando o investigador-entrevistador non é nativo da zona ou non coñece o entrevistado. En caso contrario, o tempo que se

ocupe nesta fase pódese reducir. Vexamos un exemplo en que se reflicte unha aproximación entre entrevistador e informante recollido en Coto-bade:

ENTREV.: Boas tardes, se tes un momento gustaríame charlar contigo sobre o traballo da construción.

P- ¿Que querías saber?

ENTREV.: Que me explicases un pouco en que consiste, cando empeza-ches... Porque ti antes de andar por aquí fuches emigrante, non.

P- bueno, si, estúven varios anos fóra.

ENTREV.: Dixéronme que estiveras en Francia traballando. Daquela ga-naríanse alí bastantes cartos porque ademais o cambio favorecía.

P- Si, traballei alí en varias compañías e facendo carreteras. Todo o ano. Viñas dous ou tres meses d'inverno e volvías marchar.

ENTREV.: Si, eu tamén tiven familiares que emigraron, aquí en Galicia nos anos sesenta emigrou moita xente a centroeuropa, a situación eco-nómica era tan mala que case non había outra saída se querías prosperar. Por sorte as cousas melloraron bastante, anque segue habendo moita emigración de xente nova e con estudos...

P- Aquí non facías nada.

ENTREV.: Ben, entón podemos logo gravar algo e falar dos traballos que fas aquí na construción.

P- A ver logo, pero séntate, séntate aí. [Acéndese a gravadora e centrá-monos no tema].

Unha vez lograda esa inmediatez co entrevistado, antes de iniciar a con-versa débese proceder a tomar nota de diversos datos de arquivo, a saber: nome e apelidos do informante, idade ou idade aproximada, profesión e nivel de estudos, lugar de nacemento e residencia, lugar da entrevista (es-pazo: domicilio, rúa...; aldea ou vila, parroquia, concello, provincia), data (día, mes, ano), nivel socioeconómico. Outras informacións poderanse completar máis tarde ó non ser necesaria a presenza do entrevistado.

O entrevistador pode realizar a entrevista dunha maneira libre e flexible, improvisando as preguntas, enlazando con calquera materia que se vai tratando ó longo da conversa, modelando esta en función do entre-vistado, insistindo naqueles asuntos que parecen ser do seu agrado ou que coñece mellor, mudando de tema se se decata de que o falante non mos-tra entusiasmo dabondo á hora de responder a certas cuestións, introdu-cindo algunha anécdota na entrevista, etc. É o que se denomina *técnica amplificatoria e relacionante*. Fronte a esta técnica de enquisa libre e de temas ligados, o investigador pódese servir de procedementos rigorosos coma o da *entrevista dirixida ou controlada*, é dicir, cun cuestionario pre-viamente elaborado que sirva de guía para que nada quede ó chou e para que os contidos que interesan non pasen desapercibidos, agromando sempre aquelas palabras ou expresións que ó investigador lle convén re-

xistrar. Neste caso, as preguntas serán as máis axeitadas para as nosas metas e estarán formuladas da mellor maneira posible. Por exemplo, os módulos conversacionais de moitos cuestionarios dialectais adoitan ser de carácter etnográfico, con diálogos cuxos contidos abordan temáticas non especializadas, máis familiares e comúns ó entrevistado: traballos do campo, oficios, relixión, crenzas, sentimento e vivencia da morte, a infancia e os xogos, o matrimonio, a maternidade, a familia, as celebracións ou festas da zona e as do almanaque, etc. Noutros casos, tratándose de informantes de cultura alta (un profesor, un avogado...), as temáticas poden ser máis especializadas, con charlas menos coloquiais e de orientación máis formal. En estudos de sociolingüística e sobre contacto de linguas o obxecto do cuestionario pode ser tamén o propio código no referente a usos, actitudes e coñecementos sobre o mesmo: en que lingua se expresa normalmente o informante, cal foi a súa lingua materna, cando e en que circunstancias emprega unha ou outra, con que interlocutores, que variante adopta segundo os fins, cal lle gusta máis, que nivel de coñecementos ten dunha ou doutra, etc.

Durante a conversa hase de procurar a *boa relación* e a *fluidez comunicativa* co entrevistado, mirarlle para a cara cun sorriso, ser amable, evitar longos silencios, participar asentindo coa cabeza, con xestos, mediante comentarios de reforzo, etc.

O entrevistador debe de manifestar *versatilidade nas formas*, o que significa que cando se presente diante do informante ten que saber coidar e adaptar as mesmas, por exemplo con falantes do medio rural convén non utilizar demasiados cultismos nin expresións rebuscadas que poidan incrementar o nivel de distanciamento entre interlocutores. Nunha ocasión un falante do rural pensou que viñamos de parte da Xunta exercendo labores de control e vixilancia ó vernos portando un maletín e tomando notas. Transmitir este tipo de impresións acaba por causar nos informantes unha necesidade ben de autodefensa e rexeitamento ben de aco modo formal ó entrevistador desposuíndo así a fala dos seus trazos máis característicos e vernáculos.

1.2.3. A mostra

A mostra ha ser o suficientemente *representativa* do obxecto de investigación que se está a levar a cabo, se ben a medida da representatividade é moi difícil de determinar (Caravedo 1999: 54ss.).

1.2.3.1. Rexistro de mostras

Para rexistrar as mostras pódese tomar notas, cubrir un cuestionario e máis comunmente *gravar* utilizando unha gravadora portátil -cuxas características técnicas poden ser diversas-, que é o procedemento ordina-

rio máis rápido e cómodo, ou os diferentes métodos a un tempo. Para traballos de campo, en xeral utilízanse pequenos aparellos de fácil traslado así coma de bo rexistro e reprodución de son (ALGa 1990: 9-24; Soto Andión 1995: 8; Vaux & Cooper 1999: 69).

A gravación pódese realizar *in situ*, presentándonos diante do informante para obter del directamente os datos, ou pódese efectuar de forma non dirixida a través dun *medio*, é dicir, gravar dun programa de radio ou televisión.

No tocante á *calidade* da gravación, canto máis alta sexa máis partido lle ha poder sacar o lingüista para as súas investigacións ou para didáctica e perfeccionamento de linguas: individuos que as escoitan con vistas a mellorar a súa pronuncia e entoación, estudantes estranxeiros, no caso de Galicia nativos que falan habitualmente español e desexan perfeccionar o galego, locutores de medios de comunicación, actores e dobradores.

A gravadora adoita estar *á vista* do entrevistado, pero tamén pode permanecer *oculta* se o que desexamos é captar a lingua da maneira máis franca e instintiva, sen ningún tipo de condicionamento, cos seus tics e expresións máis directas e irreflexivas.

1.2.3.2. Organización da mostra

Os informantes son agrupados tendo en conta variables cuxos datos obtidos no momento da gravación han ser indicados ó comezo de cada transcrición; son datos como a *idade*, o *nivel cultural*, a *procedencia xeográfica*, etc. Outros parámetros máis ou menos relevantes segundo o perfil da investigación (vid. algunhas aplicacións dos cörpera en McEnery & Wilson 2001: 103ss.) son o *rexistro* (culto e elaborado fronte a popular e espontáneo), o *sexo* (usos, actitudes e comportamentos do home e da muller en relación con distintos fenómenos considerados), o *nivel socioeconómico* e a *profesión* (en traballos de sociolingüística ou naqueles que buscan léxico específico ou subcódigos dun determinado grupo como son en Galicia o *arxinas*, o *barallete*, o *daordés*, o *latín dos chafontas*).

En canto á idade, as mostras tenden a incluír falantes preferentemente dos tres sectores básicos agrupados en xeracións, isto é, xeración *vella*, *intermedia* e *nova*. No primeiro grupo ou xeración estarían aqueles informantes que superan os 65 ou 70 anos *grasso modo*. A xeración intermedia estaría composta por individuos de entre 35-50 anos e o grupo dos novos formarían os menores de 35 anos. En función dos obxectivos da investigación estes grupos poden ser desdoblados, delimitándose unha xeración *moi nova*, configurada por nenos que comezan a falar e adolescentes de 12, 14 e 16 anos, fronte a unha xeración *moi vella* que engloba informantes de máis de 85 anos. Este proceder serve de base a estudos lingüísticos de carácter contrastivo por idades e permite dar conta da variación lingüística de acordo con este parámetro. A mostra pode tamén

ser reducida a un único grupo ou xeración, sexa a nenos ou adolescentes para estudar fenómenos de aprendizaxe e adquisición de linguas, contacto de linguas, así como de léxico e de estruturas gramaticais, sexa a persoas vellas ou moi vellas para estudos de carácter etnolingüístico, dialectal, de léxico patrimonial, interferencias lingüísticas, etc., entre outros.

En función do nivel cultural e académico, os entrevistados son clasificados en informantes de cultura alta, media ou baixa, algo que ten a súa principal aplicación en investigacións de corte sociolingüístico.

Dende o punto de vista do lugar de nacemento ou residencia, as mostras poden incluír informantes de contorno urbano, semiurbano -pequenas vilas- e rural. Cando o lugar de nacemento coincida co de residencia bastará con anotar o primeiro. Se son distintos apuntaremos ambos para dar conta das mudanzas ou das resistencias ós cambios que se operan nos falantes. Do mesmo modo, é importante ter en conta, sobre todo en Galicia, se o individuo entrevistado é unha persoa que estivo moitos anos na *emigración*, se se trata dun emigrante retornado ou dun emigrante que está de vacacións, dado que estes factores puideron ter condicionado os seus hábitos de vida e a súa lingua.

2. *Transcripción de mostras orais*

A transcripción é un labor lento e paciente, pero necesario para a posterior manipulación dos textos (Vaux & Cooper 1999: 26) por parte do investigador-entrevistador ou doutros investigadores.

2.1. *Selección do material gravado para transcribir*

A selección do material recollido obedece a dous criterios fundamentais. Un criterio extralingüístico polo que son discriminadas aquelas gravacións en *bo estado*, máis intelixibles e con mellor son, doutras deficientes ou menos intelixibles, para despois, se se quere, proceder a separalas polo *tipo de texto*: contos, narracións de feitos, vivencias e anécdotas, cantigas populares...(Vaux & Cooper 1999: 183), ou polo seu *interese* e *amenidade* dende o punto de vista temático ou de contido. É un criterio lingüístico polo que son seleccionadas aquelas gravacións máis *representativas* do noso obxecto de estudo por posuíren un gran número de trazos caracterizadores (fonéticos, sociolingüísticos, léxicos, morfosintácticos...).

2.2. *Transcripción*

Transcribir é para o dicionario da RAG (2000: 1154) “copiar un texto co mesmo sistema de escritura ou con outro distinto”. Para o da RAE (2001: 2210) é “representar elementos fonéticos, fonolóxicos, mor-

fológicos y léxicos de una lengua o dialecto a través de un sistema de escritura”. En Dubois (1994: 606) enténdese por transcribir o feito de “hacer corresponder término por término las unidades discretas de la lengua hablada y las unidades gráficas”.

2.2.1. A partir de aquí, pódese elaborar unha clasificación das transcricións en tres grandes clases:

a) *Fonéticas* ou *fonolóxicas*: tamén denominadas transcricións estreitas. Servede preferentemente do alfabeto fonético internacional (IPA) e poden incluír ou non marcas prosódicas: entoación, pausas, modalidade oracional (Taylor 1996: 20; Knowles 1996: 87). A diferenza das ortográficas moitos segmentos non se puntúan (Taylor 1996: 20). Están orientadas a investigacións de índole fonético e fonolóxico, ensinanza de segundas linguas ou patoloxías da linguaxe.

b) *Fonolóxicas (parcialmente)*: tamén denominadas transcricións amplas. Nelas só se marcan os trazos fonético-fonolóxicos máis relevantes (Soto Andión 1995; Fernández & Hermida 1996). Son moi adecuadas para investigacións de lingüística diatópica, variedades de lingua e interferencias lingüísticas. Ó seren de máis doada lectura tamén poden ser utilizadas para distintos traballos gramaticais ou doutra índole.

c) *Ortográficas*: son aquelas que seguen as prescricións e convenções de escritura de cada lingua, podendo respectar asemade a presenza de vulgarismos e dialectalismos (Monxardín 1998). Interesa aquí sobre todo o contido do texto e as súas características morfolóxicas, sintácticas, de léxico ou pragmáticas. Están pensadas para a súa posterior utilización tanto por lingüistas estudosos da pragmática (Kasher 1998), da orde e a combinatoria de palabras, da gramática, da sociolingüística... (De Kock 2001), coma por outros investigadores alleos a este campo, chámense historiadores, etnógrafos e antropólogos, sociólogos.

2.2.2. A transcrición ten que ser *literal* e o máis *fiel* posible á gravación orixinal, non debendo de resumirse nin de modificarse. O que ó transcritor lle pode parecer irrelevante ás veces ten un importante significado (certos tics reiterativos e certos silencios poden ser utilizados en estudos de pragmática). Outra cousa será que a transcrición persiga única e exclusivamente obxectivos moi concretos e sexa puída de todo aquilo que non resulte de interese para esa meta trazada. Calquera cambio ou interpretación é responsabilidade do transcritor e ha de ser indicado mediante algún tipo de nota, convención, etc., agás casos obvios como a puntuación do texto.

O *tempo* empregado en transcribir está en función do tipo de transcripción³. Obviamente unha transcrición fonética cuadriplica o tempo

³ Non entro a analizar aquí instrumentos tecnolóxicos en permanente cambio, como son certos programas informáticos de transcrición automática ou diferentes aparellos

dunha ortográfica. Tamén inflúe o número de convencións empregado, certas dificultades como ruídos de audición, as habilidades do transcriptor en canto a rapidez tecleando, etc. En liñas xerais unha transcripción ortográfica de sesenta minutos supón seis horas de traballo. A isto convén engadir unha revisión final, é dicir, escoitar de novo toda a gravación ó mesmo tempo que se le e corrixe a transcripción.

As *intervencións do entrevistador* poden non ser incluídas cando, amais de facer máis lenta a lectura e dificultar o seguimento dalgunhas pasaxes, non son necesarias nin para a comprensión do texto nin para as análises posteriores do mesmo. En caso contrario, as preguntas formuladas transcribíense habitualmente ben en letra cursiva ben precedidas de guión ou das abreviaturas ENTREV., E., seguidas de guión, dous puntos, espazo en branco, etc.

As *intervencións do entrevistado* poden ir en estilo de letra normal cun guión ó comezo ou coa letra inicial do seu nome ben en cor automática ben en letra grosa. Se son varios os entrevistados hanse identificar cada un por unha letra ou abreviatura. Se fala un descoñecido adóitase identificar coa letra X. (cfr. tamén Edwards & Lampert 1993: 50). Exemplos:

¿A que hora se levanta?
- Normalmente ás nove.

ENTREV.: ¿A que hora se levanta?
P- Ás dez.

E.- ¿A que hora se levanta?
P.- Ás dez.

ENTREV ¿A que hora se levanta?
P Ás dez
X- Non sempre, eh. [fala un dos presentes].

2.2.3. Nas transcripcións manéxase de ordinario unha serie de *convencións tipográficas* así coma de signos fonéticos, prosódicos e ortográficos. En transcripcións fonéticas e fonolóxicas seguimos o IPA (International Phonetic Alphabet), menos frecuentemente o RFE (alfabeto da Revista de Filología Española). Nas ortográficas as normas ortográficas de cada lingua. Ademais, é habitual valerse de certas convencións como as seguintes:

manexados co pé que permiten os movementos das cintas sen necesidade de retirar as mans do teclado da computadora.

i) Entre corchetes sitúase algo que non aparece no texto, pero que o completa ou clarifica. Por exemplo:

[risos], [move a cabeza], [xesticula], [entra unha persoa], [soa o timbre ou o teléfono]... A aclaración pode ser tan precisa como se queira: [xesticula inflando a boca], [xesticula e move as mans], [xesticula e abre moito os ollos reflectindo asombro]...

ii) En situacións de contacto de linguas ás veces indícanse as principais interferencias dunha lingua noutra marcando palabras, estruturas alleas, préstamos, etc. en letra grosa sobre todo.

iii) Os dialectalismos e vulgarismos pódense subliñar, deste modo imos obter información da mudanza de rexistro (neste caso máis descoidado e espontáneo) ademais de datos léxicos, gramaticais e/ou sociolingüísticos...

iv) O signo # pode indicar que varias persoas falan simultaneamente.

v) As parénteses con puntos (...) indican corte ou supresión de texto.

vi) Os signos <> poden indicar reconstrución de texto: imp<osi>ble.

vii) As marcas xxx sinalan unha palabra da gravación que non se entende, e xxx xxx xxx varias palabras ou frases que non se entenden.

viii) ____ Esta liña a comezo de frase indica unha pausa do falante, que pode ser curta __, media_____ ou longa_____. A pausa pode non ser un silencio (*hesitation pause*) senón un son (*filled pause*) e hase indicar ben mediante algunha palabra gramatical (isto...) ben de forma onomatopéica: uhhh, mmm, eeh... (Bibe *et alii* 1999: 1053).

ix) As frechas ascendentes ou descendentes ↑↓ adoitan indicar inflexións de entoación, que se marcarán cando consideremos que son significativas para o noso traballo.

x) Dous interrogantes despois dunha palabra sinalan que é dubidosa ??

xi) O apóstrofo serve para indicar a elisión dunha vogal, son ou sílaba.

xii) O guión utilízase, ademais do seu uso convencional, para indicar a unión de dous sons ([j] i-entonces; i-os nenos) ou para sinalar que un *n* velar se transforma en alveolar por mor do son seguinte (non-o sabe; ben-a vin).

xiii) Unha liña en diagonal / indica o final da cara dunha fita e dúas liñas en diagonal // o remate da fita.

xiv) Observacións e comentarios ó comezo da transcripción de cada informante. Por exemplo:

INFORMANTE: ESPERANZA BARREIRO

IDADE: 60

INSTRUCCIÓN: primaria

DATA DE GRAVACIÓN: 11-10-97

LUGAR: COVAS, na súa casa.

PARROQUIA: FORCAREI

CONCELLO: FORCAREI

PROVINCIA: PONTEVEDRA

REXISTRO: coloquial

TEMA: traballos do campo

OBSERVACIÓNS: Utiliza gheada e rotacismo. Sempre falou galego. Prodúcense algunhas interrupcións do fillo. Ó principio non se prestaba a falar, sentía algo de vergoña.

2.2.4. Rexistro do material transcrito

Unha vez concluído o proceso de transcripción é conveniente gardar as gravacións nalgún tipo de *arquivo*. En Galicia podemos destacar, entre outros, o arquivo do *Atlas Lingüístico Galego* do ILG ou o *Arquivo Sonoro de Galicia* do Consello da Cultura Galega, que dispoñen dunha importante cantidade de gravacións realizadas por toda a xeografía galega. Tratándose de fitas, en breve convén mudar o soporte dixitalizándoas en previsión do seu posterior deterioro. Tanto as gravacións en soporte material coma as transcripcións poden ser arquivadas seguindo o esquema dunha *ficha técnica* elaborada de acordo cos parámetros da investigación que se estea a desenvolver, por exemplo en traballos de lingüística diatópica arquivamos por bloques e áreas lingüísticas, en sociolingüística o criterio pode ser a idade, a variedade de lingua, etc., noutros traballos primará o tema tratado, determinados aspectos de contido... Normalmente adoitan ser comúns datos coma os seguintes:

- a) Gravación: data, hora, autor, lugar en que se efectúa (espacio, parroquia, municipio, provincia), tipo (entrevista in situ, telefónica, dun medio de comunicación como radio ou televisión), temática, variedade e rexistro, duración.
- b) Informante: nome do entrevistado ou entrevistados, idade, sexo, nivel de estudos, nivel socioeconómico, profesión, lugar de nacemento e residencia.
- c) En situacións de contacto de linguas dentro dunha comunidade: lingua materna do informante, lingua en que se expresa actualmente, grao de destreza, predilección...

Os datos que consideremos de meirande relevancia hainos que indicar nalgunha parte visible do soporte material para que nunha primeira ollada, sen necesidade de escoitar a gravación, saibamos de que informante se trata, de onde procede, cal é o tema de conversa, a que área pertence, etc.

3. Conclusión

Tentamos expoñer algúns dos principais problemas e posibles solucións a ter en conta á hora de afrontarmos tarefas coma a de recoller e transcribir mostras orais, tarefa que se ben en calquera lingua resulta necesaria como fase previa á de constitución e posterior manipulación de córpora lingüísticos, en linguas minorizadas coma o galego, cunha base de

usuarios limitada e baixo unha forte presión do castelán, vólvese fundamental e constitúe un *obxectivo en si mesmo*. Tomamos como base as nosas experiencias e desenvolvemos unha forma de proceder que pode ser contrastada coa metodoloxía empregada por outros investigadores, coa que ha converxer nalgúns puntos e diverxer noutros.

Referencias bibliográficas

- Beswick, J. E. (1998): “Observacións sobre as actitudes e os comportamentos relativos ós cambios de código en Santiago de Compostela”, *Cadernos de Lingua* 18, 53-78.
- Biber, D. & S. Johansson & G. Leech & S. Conrad & E. Finegan (1999): *Longman grammar of spoken and written English*, London: Longman.
- Caravedo, R. (1999): *Lingüística del corpus. Cuestiones teórico-metodológicas aplicadas al español*, Salamanca: Universidad de Salamanca.
- De Kock, J. (2001): *Gramática española. Enseñanza e investigación. I. Apuntes metodológicos. 7. Lingüística con corpus*, Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Dubois, J. et al. (1994): *Diccionario de lingüística*, Madrid: Alianza.
- Du Bois, J.W. & S. Schuetze-Coburn & S. Cumming & D. Paolino (1993): “Outline of discourse transcription”, en Edwards, J.A. & M. D. Lampert (eds.), 45-90.
- Edwards, J.A. & M. D. Lampert (eds.) (1993): *Talking data. Transcription and coding in discourse research*, Mahwah, NJ: LEA.
- Fernández Rei, F.& C. Hermida (eds.) (1996): *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- ILG (Instituto da Lingua Galega) (1990): “Introducción”, en *Atlas lingüístico galego*, volume I: *Morfoloxía verbal*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 9-24.
- Jahandarie, K. (1999): *Spoken and written discourse: a multi-disciplinary perspective*, Connecticut: Ablex Publishing Corporation.
- Kasher, A. (ed.) (1998): *Pragmatics. Critical concepts*. Vol. II: *Speech act theory and particular speech acts*, London/New York: Routledge.
- Knowles, G. (1996): “The value of prosodic transcriptions”, en Knowles, G. & A. Wichman & P. Alderson (eds.), 87-105.
- Knowles, G. & A. Wichman & P. Alderson (eds.) (1996): *Working with speech*, London/New York: Longman.
- McEnery, T & A. Wilson (2001): *Corpus linguistics*, Edinburgh: Edinburgh University Press.
- Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, A Coruña/Vigo: Real Academia Galega/Xerais/Galaxia.

- Real Academia Española (2001): *Diccionario de la lengua española*, Madrid: RAE.
- Sánchez Rodríguez, H. (1986): “Unha suxerencia metodolóxico-didáctica para a recollida e transcrición de textos orais”, *Adaxe*, 2, 195-209.
- Soto Andión, X. (1995): *Estudio lingüístico do galego da Terra de Montes*, tese de licenciatura, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, inédita.
- Taylor, L. (1996): “The compilation of the spoken English corpus”, en Knowles, G. *et al.* (eds.), *Op. cit.*, 20-37.
- Vaux, B. & J. Cooper (1999): *Introduction to linguistic field methods*, München: Lincom Europa.
- Vázquez-Monxardín, A. (coord.) (1998): *A cultura popular de tradición oral nos centros da terceira idade. Unha experiencia de recollida en Centros de Ourense, Santiago, Tui e Viveiro*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Instituto da Lingua Galega, *Atlas Lingüístico Galego*. Volume IV. *Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003. Directores: Constantino García e Antón Santamarina. Investigadores: Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González. Coordinador: Francisco Fernández Rei. Redactores: Francisco Fernández Rei, Beatriz García Turnes, M^a Asunción González González, Mirian González Iglesias, Xosé A. Leis Ferreira, Nuria Mariño Varela, Mónica Martínez Baleirón, Xavier Pérez Álvarez, María Sánchez Cid, Begoña Varela Vázquez e Valentina M^a Veiga Alonso. 533 pp.

Como é sabido, a xeografía lingüística como método científico de estudo da linguaxe na súa vertente da fala viva iniciouse co *Atlas Linguistique de la France* (ALF, 1902-1910), aínda que existiron antecedentes como o *Petit Atlas Phonétique du Valais Roman* (1882), do propio Gilliéron, ou o traballo sobre as falas alemás de Georg Wenker. Revelouse daquela como un método capaz de proporcionar unha visión fundamentalmente sincrónica da complexidade da lingua nos seus diferentes niveis dunha maneira gráfica, sintética e eficaz. Outra dimensión dos atlas lingüísticos contribúe a aumentar a súa importancia: non soamente son en si mesmos un medio valiosísimo para o coñecemento da lingua, senón que constitúen un instrumento indispensable para a elaboración de posteriores estudos en moí diversos ámbitos da linguaxe e desde moí diversas perspectivas. Son, pois, fin e medio ó mesmo tempo. Desde aqueles inicios do século XX, a xeografía lingüística ten dado numerosas e relevantes achegas en moitas linguas. Proba da súa vixencia son os proxectos en marcha (algúns supranacionais ou continentais, como o *Atlas Linguistique Roman – ALiR-* e o *Atlas Linguarum Europae – ALE-*) e as publicacións que con frecuencia seguen saíndo á luz.

Hai algúns meses presentábase o cuarto volume do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) na Fundación Barrié, editora da obra. Cada vez que se presenta un volume do atlas a ocasión convértese automaticamente nun momento de lelicia para os filólogos e, en concreto, para os que traballamos no eido da lingua galega, porque non se trata da presentación dun libro máis, senón dunha obra fundamental para o coñecemento, a planificación e o prestixio da lingua galega. Sobre o proceso de elaboración e a súa metodoloxía xeral téñense escrito xa varios traballos ¹, de xeito que, salvo necesarias referencias, centrarémonos a este respecto no volume que acaba de saír do prelo.

¹ Poden consultarse: de Francisco Fernández Rei, “*Atlas Lingüístico Galego*. Vol. I: *Morfoloxía verbal*”, en *Nazioarteko dialektologia biltzarra. Agiriak / Actas del Congreso Internacional de Dialectología / Actes du Congrès International de Dialectologie / Proceedings of International Congress on Dialectology* (Bilbo, 1991), Bilbo, Euskaltzaindia / Real Academia de la Lengua Vasca, 1992, 357-395, e “*Atlas Lingüístico Galego I. Morfoloxía verbal*”, en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas* (Univ. de Santiago de Compostela, 1989), A Coruña, Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, 1996, VIII, 617-637; de Constantino García, Antón Santamarina, Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González

Lembremos que os tres volumes anteriores estiveron dedicados á morfoloxía verbal (vol. I, 1990, coordinado por Francisco Fernández Rei), á morfoloxía non verbal (vol. II, 1995, coordinado por Rosario Álvarez Blanco) e á fonética (vol. III, 1999, coordinado por Manuel González González), de maneira que esta cuarta entrega, da que é responsable Francisco Fernández Rei, abre a serie de volumes dedicados ó léxico. Velaquí unha característica diferenciadora do *ALGa* en relación con outros atlas precedentes e contemporáneos: que atende a distintos niveis lingüísticos. Non obstante, dado o carácter aberto do inventario léxico e dado que a maior parte do cuestionario fai referencia ó léxico e a cuestións antropolóxicas, parece normal que sexa este nivel da lingua o que concentre un maior número de volumes. É de desexar que os autores completen a publicación da obra no prazo máis breve posible, xa que cómpre que a sociedade galega e a comunidade científica internacional dispoñan canto antes de todo o material. Repárese en que falamos do conxunto da sociedade e da comunidade científica, pois é coñecido de todos que os datos do *ALGa* estiveron sempre á disposición de cantos os quixeron utilizar na súa docencia ou investigación (entre eles nos incluímos), desde antes da súa publicación, e que de feito se empregaron na elaboración da normativa vixente e no proceso de codificación léxica (*Vocabulario ortográfico da lingua galega*), así como na confección de obras moi importantes na historia recente da lingüística galega. Cómpre tamén unha entrega o máis rápida posible para que os datos que se reflicten, obtidos entre os anos 1974 e 1976, non se vexan distorsionados por un transcurso de tempo excesivo, tendo en conta a rápida evolución da sociedade actual.

O primeiro que chama a atención neste volume é o cambio de formato respecto dos anteriores. Certamente, desde que se empezaron a publicar os primeiros atlas lingüísticos, o deseño destas obras cambiou bastante, e hoxe xa non temos aqueles volumes “colosais” dos inicios (e enténdase “colosal” no sentido primeiro da voz). Eran aquelas unhas obras bastante difíciles de manexar; desde logo, un non podía levar o *ALPI* baixo o brazo para consultalo na casa. A edición foise adaptando ós novos tempos e ás esixencias dun acceso cada vez máis amplo a este tipo de obras, o que aconsellaba unha maior manexabilidade. O *ALGa* naceu xa cun formato razoable e manexable, o cal é máis importante do que parece se queremos que sexa unha obra consultada; pero con esta entrega dáse un paso

González, “O *Atlas Lingüístico Galego*”, *Verba*, 4, 1977, 5-17, e “Introducción do *ALGa*”, en *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. I: *Morfoloxía verbal*, A Coruña, 1990, 9-24; de Manuel González González, “*Atlas Lingüístico Galego*, un paso adiante nos estudos de lingüística galega”, *Grial*, 81, 1983, 267-286, “L’*Atlas Linguistique Galicien*”, *Géolinguistique*, 3, 1987, 17-30, e “El *Atlas Lingüístico Galego*”, en Pilar García Mouton (ed.), *Geolingüística: Trabajos europeos*, Madrid, CSIC, 1994, 169-18; de María González González, “*Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*: xénese, desenvolvemento e actualidade”, *Bolletino dell’Atlante Linguistico Italiano*, III Serie, 20, 1996, 203-223. *Vid.* tamén as presentacións de cada volume: Joan Veny, “Presentación do *Atlas Lingüístico Galego* (A Coruña, 21 marzo 1996)”, *Cadernos de lingua*, 13, 1996, 147-152; Michel Contini, “Presentación do *Atlas lingüístico galego*, vol. III: *Fonética* (A Coruña, 18 de febreiro de 2000)”, *Cadernos de lingua*, 21, 2000, 145-149, e Francisco Fernández Rei, “*Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*”, *A Trabe de Ouro*, 55, 2003, 411-414. Para as recensións remitimos á *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA)*, dirixida por Francisco García Gondar, do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.es>), co engadido da que publicaron Raquel Aira González e Begoña Varela Vázquez sobre o vol. III en *Estudis romànics*, XXIV, 2002, 246-250.

máis nesa dirección: o volume, de 34 x 24,5 cm., perdeu tamaño respecto dos anteriores (de 44,5 x 32 cm.) sen perder rigor nin facilidade de lectura. Ademais, o cambio no tipo de encadernación (as tapas xa non son ríxidas) diminúe o peso do libro, co que se fai aínda máis cómodo de manexar, e seguramente máis barato.

En canto á estrutura, tras as oportunas aclaracións sobre a colaboración de determinados organismos nalgún momento do proceso e os agradecementos correspondentes, a introdución (pp. 11-20) explica diferentes aspectos relativos á procedencia dos materiais, á confección dos mapas e ó tratamento electrónico da información, incorporado xa desde o volume II, que supón un grande avance na sistematización dos datos. Nela aparecen as relacións dos puntos da rede ordenados por provincias, por concellos e por localidades, tal e como se vén facendo desde o volume I. O groso do volume, como é natural, está ocupado polos mapas mesmos (pp. 21-457), seguido dun apéndice cos refráns referidos ós meses, que inclúe tamén unha introdución e referencias bibliográficas. Remata o volume cun extenso e útil capítulo de índices (pp. 477-531) coas explicacións pertinentes (índice dos 274 mapas, das 6752 formas da lenda, das 168 formas, 305 frases e expresións e 254 ditos e refráns das notas, e das 907 palabras clave dos refráns dos meses).

O material de base está constituído por 167 enquisas realizadas entre 1974 e 1976, relativas ó tempo atmosférico e cronolóxico. As preguntas de referencia son as que van da 527 á 664, completadas con algunhas de fonética, de morfoloxía ou doutros campos, en relación cos citados ámbitos semánticos. Tamén se incorporou material lingüístico procedente das notas apuntadas polos enquisadores durante a recollida, pero non datos secundarios obtidos de novas enquisas coma noutros volumes. A información pode completarse co *Glosario de voces galegas de boxe* (1985), de Constantino García, en versión electrónica no *Diccionario de dicionarios* de Antón Santamarina, posto que na realización da maioría dos traballos que o compoñen se utilizaron cuestionarios que serviron de base para a elaboración do cuestionario definitivo do *ALGa*.

O resultado é un total de 274 mapas en que se recollen non só voces, senón tamén unidades pluriverbais que fornecen dunha información etnolóxica e cultural moi importante, ademais da puramente lingüística, así como significados, en catro casos de especial complexidade semántica (mapas 5 “Serán”, 94 “Brétema”, 97 “Orballo” e 110 “Neve”). Este feito confírelle ó atlas un carácter léxico-semántico que non convén esquecer, pois ademais de mostrarnos os diferentes significantes que corresponden a un significado, que é o habitual nos atlas lingüísticos, recóllense os distintos significados que poden corresponder a un mesmo significante. Excepcional resulta, como recoñecen os propios responsables do traballo, a inclusión de dous mapas (88a “Pingueira, pintar” e 88b “Goteira, gotear”) dedicados a cuestións fonéticas que non foran tratadas no volume III, os resultados de *-ng-* e *g-*, e que había que dar a coñecer, aínda que quizais estes mapas chocarían menos se se colocasen a modo de apéndice. Nalgúns casos trasládanse á lenda as variantes fonéticas dunha mesma forma, o que constitúe unha información moi valiosa, malia que non sexa relevante desde o punto de vista exclusivamente léxico.

Para o tratamento do léxico foi preciso adoptar unha metodoloxía que permitise reflectir a variación dialectal de xeito económico e eficaz, e aquí radica, sen dúbida, un dos grandes logros deste volume. Seguindo a liña dos anteriores, procurouse que a cada cuestión lle correspondese un só mapa, e así se fixo a

maioría das veces. Pero a enorme heteroxeneidade das respostas en moitos casos fixo imposible manter sempre esta univocidade, e entón fíxose primar, con bo criterio, a visualización e a lexibilidade do mapa. Proba da complexidade do material obtido é que existen ata seis mapas para algúns conceptos. A inclusión de seis mapas de síntese parécenos moi acertada para presentar dunha maneira resumida o agrupamento xeográfico das familias. Podería haber incluso algún máis, como por exemplo para a noción do mapa 1 “Amencer”. O uso que se fai das cores e dos símbolos consegue ofrecernos unha visión rápida desa variación dialectal; a súa distribución infórmanos cun só golpe de vista das solucións maioritarias fronte ás minoritarias ou únicas, das autóctonas fronte ás importadas, das correspondentes a un mesmo tipo léxico fronte a outras, das máis conservadoras fronte ás máis innovadoras, das formas coincidentes coa estándar e das que se asemellan entre si na súa composición morfolóxica, da extensión das formas estándares, etc. A complexidade da simboloxía responde á complexidade mesma das solucións, aínda que se buscou a maior sistematicidade posible e a coherencia interna (uso do círculo para a solución estándar, da estrela para os castellanismos e híbridos, da mesma serie de figuras xeométricas con idéntica cor para o mesmo tipo léxico, ...). A casuística é tan elevada e os factores que hai que ter en conta son tan numerosos e diversos que a coherencia absoluta é imposible.

Sen dúbida a maior dificultade coa que se enfrontaron os responsables deste volume foi a frecuente heteroxeneidade dos datos, propia, por outra parte, do nivel léxico. A dificultade afectaba desde a selección da forma do encabezamento ata o tratamento gráfico das variantes formais, como acabamos de ver, pasando pola ordenación dos elementos na lenda, que se rexe por criterios léxico-semánticos, morfolóxicos e sociolingüísticos. Todo está ben estudado e os problemas supéranse cun resultado excelente. O peor é que este traballo só en parte queda adiantado para os seguintes volumes, pois cada pregunta comportará un tratamento particular.

O tamaño dos mapas é de dous tipos: grande, con escala 1:1.133.000 (159 mapas), e pequeno (1:1.620.000, 81 mapas), pero sempre resulta suficiente para garantir a súa lexibilidade. Ás veces combínanse para unha mesma cuestión e xeralmente os máis pequenos son menos complexos. Ocupan a páxina da esquerda, na súa totalidade ou na metade; a lenda e as notas quedan, pois, á dereita. A partir do primeiro, dedicado como é costume a amosar a rede de puntos, os mapas, indexados numericamente (e cunha letra para os que se refiren ó mesmo contido), seguen unha ordenación por temas: a cronoloxía do día (1-14b, 24 mapas), os astros (15-32, 18 mapas), o tempo meteorolóxico (33a-120, 159 mapas, con inclusión dos fenómenos da atmosfera, estados térmicos que producen e valoracións subxectivas dos individuos), o tempo cronolóxico (121-180, 71 mapas) e o reloxo (181-190, 10 mapas). Tal e como se indica na introdución, esta distribución non é doada, pois moitos elementos están interrelacionados: así, os astros co tempo meteorolóxico, o reloxo co tempo cronolóxico, etc. De feito, a inmensa maioría dos mapas intégranse nos macroapartados relativos ó tempo meteorolóxico e ó tempo cronolóxico. Con todo, a distribución facilita bastante a busca dos datos.

Un aspecto que nos parece especialmente interesante é o das notas, que se atopan convenientemente clasificadas e ordenadas. Despois da primeira, en que se indica o número e o título da(s) pregunta(s) da(s) que se obtiveron as respostas, aparecen, cando é oportuno e por esta orde, notas que completan información ou a precisan respecto de aspectos culturais, notas en que se remite a outros mapas

do *ALGa* con información fonética e/ou morfolóxica relacionada, notas sobre as variantes fonéticas, morfolóxicas e/ou sintácticas das formas da lenda, e finalmente notas con información variada. Non se recorreu aquí a material bibliográfico coma noutros volumes, salvo en casos esporádicos (cf. 16 “Lúa”) e nos mapas das constelacións, onde se tivo en conta o t. 1 do *Léxico de los marineros peninsulares* (1985), coordinado por Manuel Alvar, en que o léxico galego foi recollido por Antón Santamarina e M^a do Carme Ríos Panisse.

A información que se proporciona nestas notas é, xa que logo, ampla e diversa. No tocante ás variantes das formas da lenda, como queda dito, as notas indicannos posibles realizacións fonéticas (cambios na vogal tónica, seseo, gheada, rotacismo, etc., cf. 174b “Trasantonte”) e casos de distribución das mesmas dependendo das secuencias (cf. 15 “Ceo”, sobre as diferenzas de realización en *ceo* e *ceo da boca*). Tamén achegan datos de carácter morfolóxico e sintáctico, como cambios de xénero (mapas 3 “Mediodía”, 19 “Crecente”, ...), rexistros de verbos cun réxime distinto ó da lenda (mapa 83 “Enxugarse”), cambios na estrutura sintáctica (79c “Arroiar”), etc. En ocasións, a información morfolóxica vai incorporada á lenda como elemento diferenciador (38 “Calor”, *o/a calor*). A través destas notas poden entreverse fenómenos de etimoloxía popular, falsas segmentacións, etc. (22 “Eclipse”).

Polo que se refire ó último tipo de notas, abundan particularmente as aclaracións de tipo sociolingüístico. Esta incorporación do elemento sociolingüístico contribúe a superar a vella oposición entre sociolingüística e xeografía lingüística. Son moitos os casos en que se indica que certa forma ou acepción é propia dun determinado grupo social ou profesional (así, no mapa 84 “Enxoito” apúntase que en P.12 “enxuto” e “enxoito” corresponden á xente labrega, mentres que “seco” é propio da xente mariñeira, e no 125 “Xaneiro”, dise que esta voz é nalgúns lugares forma dos máis vellos ou forma antiga). Esta clase de información, ligada á da frecuencia de uso, pode darnos conta da progresiva penetración dun castelanismo (cf. 23 “Estrela”, onde se indica que, nalgúns puntos, *estrela* é a forma dos máis vellos, mentres que noutros lugares en que concorre con *estrella*, esta é máis frecuente). Tamén se informa da frecuencia de uso en casos de confluencia de dúas formas galegas ou do contexto de uso que pode ter unha voz (no mapa 102a “Lazo” recóllese *carambuço* como forma festiva). Algunhas notas que precisan a localización xeográfica non están exentas tampouco de información sociolingüística (*axiña* dise en O.20 “nas aldeas do concello”, segundo consta no mapa 168a “Axiña”).

Outro tipo de notas moi frecuente é o que nos proporciona información semántica, sobre aspectos tales como matices de significado, acepcións figuradas ou restricións semánticas: así, no mapa 13a “Anoitecida, ó cerrar da noite” advirtese dunha diferenza entre *noite cerrada* e *noite pecha*, e no 82 “Abeirarse” recóllense usos especializados de *abrigarse* para as persoas e *arrecollerse* para o gando. Estas notas son abundantes nos mapas de fenómenos atmosféricos como a neve, o orballo, etc. Tamén se indican acepcións dubidosas (94 “Brétema”), outros significados da palabra rexistrada (24 “Estrelecer”) e variacións no uso de determinadas formas de acordo co seu significado ou co contexto (*cielo vs. ceo da boca* en 15 “Ceo”).

Importantes son tamén as notas que achegan refráns e frases feitas relacionadas coa pregunta (hai mapas moi ricos neste tipo de datos, como o 42abc “Ceo ovellado”) e sobre aspectos antropolóxicos e culturais (a segmentación do

ano en galego no 123 “Outono”, o emprego das “feiras” no 139 “Luns”, o *vento mareiro* no 59 “Aire / vento do noroeste”, ...).

A análise dos mapas permite descubrir tendencias na evolución da lingua e reconstruír algúns procesos da súa historia (extensión pasada de certas formas). Ofrece resultados diversos segundo os conceptos: fronte á gran diversidade existente para algúns, que se reflicte normalmente en varios mapas (é o caso de moitos relativos a fenómenos atmosféricos), outros presentan unha homoxeneidade total ou practicamente total (80 “Mollarse”, 128 “Abril”, 138 “Día”, 144 “Sábado”, ...). En ocasións, distínguense con claridade áreas léxicas dialectais (distribución de *lustro*, *alustro*, *relustro* vs. *lóstrego*, *lostrego* e similares no mapa 51ab “Lóstrego”; de *orballo* e similares (metade occidental) vs. *barruço* (norte de Lugo e Asturias) e *poalla* (costa pontevedresa) no 69abcd “Orballo, chuvisca”; dialectalización do *-s* e solucións do tipo *nantronte* no 173 “Antonte”, etc.). Outras veces, pódese apreciar o grao e mesmo a zona de penetración dos castelanismos (*castillos* no mapa 48a “Castelos”, *xunio* / *junio* no 130 “Xuño”, *ahora* no 157 “Agora”, ...), a existencia de áreas con solucións peculiares (así, a miúdo, as zonas limítrofes, como no 35 “Raxeirada” ou no 119b “Estar aterecido”), ou curiosas coincidencias de formas en puntos moi distantes, como no mapa 115a “Zoldra”, onde se rexistra *zotra* no Covelo e *zoldra* no galego asturiano, no 118b “Folerpa” coas localizacións dispersas de *trapo*, etc. Poden rexistrarse auténticos *hápx* e formas moi minoritarias, como *antexantar* (2 “Mañá”), *punta da lúa* (18 “Lúa nova”), *luna de forza* (19 “Cuarto crecente”), *albardaburros* e *burreira* (27 “Luceiro da mañá”), *cai calor* (39 “Vai calor”), *caldelo*, *calmuço*, *galgón* (33c “Raiola”, con moitas formas deste tipo polo leste de Galicia e puntos do occidente da Coruña), *de ruta* e *por seguido* (169 “Decote”), *sazón* (178 “Xeira, xornada de traballo”), e expresións tan fermosas como *luz con luz* (8a “Entre lusco e fusco”), *andar o vento vagueando* (55 “Cambiar de dirección (o aire / o vento)”, etc., moitas delas esquecidas pola lexicografía e pola lingua literaria.

Así pois, o *ALGa* e en concreto este volume, non é só un retrato do galego vivo, senón que ofrece múltiples posibilidades para os estudos de sociolingüística, antropoloxía, dialectoloxía, fonética, codificación e historia da lingua, e, por suposto, como se di na introdución, para a lexicoloxía, a lexicografía e a paremioloxía. O paremiólogo ten, en efecto, unha fonte de información importantísima non só nos máis de douscentos refráns rexistrados en notas, senón tamén nos 833 referidos ós meses que aparecen no apéndice, clasificados cronolóxicamente e tematicamente, respectando as variacións dialectais e as versións particulares dos falantes. A ordenación deste tipo de unidades sempre é complexa, pero os responsables conseguiron unha indexación funcional que permite unha busca rápida. A introdución que se fai á listaxe é moi útil; nela trátanse cuestións como a presenza do santoral neste tipo de refráns e inclúe, como dixemos, referencias bibliográficas.

Pero ademais, o *ALGa* adquire, no caso específico do galego, valores de especial relevancia, algúns dos cales xa foron sinalados con anterioridade. Tense salientado a súa importancia no proceso de estandarización, así como para a promoción do coñecemento e do estudo do galego no exterior (Regueira 1990: 492). Lembremos que ata hai pouco non era frecuente nos traballos de romanística ver considerado o galego como unha lingua románica máis, igual có español, có francés, ou mesmo có catalán. Sen dúbida unha das obras que máis contribuíu a modificar esta consideración e a situar a lingua galega no lugar que lle corresponde

entre as linguas románicas foi o *ALGa*. O atlas lingüístico constitúe un deses piares en que se fundamenta o estudo científico dunha lingua, de maneira que, xunto coa gramática e o dicionario, confiren prestixio á lingua que os posúe. O volume IV presenta o mesmo rigor científico, recoñecido a nivel internacional, cós anteriores, e procura manter en todo momento a coherencia co conxunto da obra. Nesta mesma dirección, cómpre recordar que, mediante a súa conexión con empresas de perspectivas máis amplas (*Atlas Lingüístico de España e Portugal – ALEP-, ALE, AliR*), o galego queda incardinado no conxunto de linguas do seu contorno e non perde o tren dos atlas das últimas xeracións.

E, con todo e isto, o *ALGa* é aínda máis ca unha obra sobranceira na historia da filoloxía galega. Francisco Fernández Rei (2003: 414) soubo destacalo moi ben naquela presentación cando agradeceu a todos os informantes a súa participación na mesma (agradecemento que se manifesta en cada un dos volumes que van aparecendo):

“Moitos dos nosos informantes, que traballaban case para sobrevivir, non entendían por que tres mozos perdían o tempo pateando montes, veigas e corredeiras buscando xente coa que cubrir unhas ‘libretas’ e intentar facer gravacións do falar que eles decote usaban cos familiares, cos veciños e cos animais; aínda así, acolléronnos con xenerosidade e amabilidade e déronnos toda a información lingüística que nós procurabamos. Deles aprendemos como falan os galegos, pero tamén como somos e como vemos o mundo nós outros, os galegos; e nalgún caso déronnos excelentes leccións da recente historia social de Galicia, unha historia vivida e sufrida, que non se conta nos libros nin nas cátedras universitarias”.

O *ALGa* é unha obra colectiva dos galegos, porque nela se reflicte a súa lingua e tamén, en certa medida, a súa vontade de conservalo. Ten, por iso, a grandeza das obras colectivas, das obras que se poden considerar de todo un pobo, pero ten ó mesmo tempo a grandeza das obras ben feitas, realizadas co agarrado e a intelixencia dos que saben tratar adecuadamente ese material e presentalo de xeito que todos nos poidamos servir del. Cada novo volume do *ALGa* que aparece, en particular os dedicados ó léxico, permite que queden inmortalizados os modos de vida tradicionais e esa forma de ver o mundo dos galegos, pero vén dar pulo ó mesmo tempo á supervivencia da súa lingua. Por iso a ledicia por esta publicación debe estenderse a toda a sociedade.

Referencias bibliográficas

- Fernández Rei, Francisco (2003), “*Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*”, *A Trabe de Ouro*, 55, 411-414.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1990), “Instituto da Lingua Galega: *Atlas lingüístico galego*. Vol. I: *Morfoloxía verbal*, 2 tomos, Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, A Coruña, 1990, 839 pp.”, *Verba*, 17, 489-492 (reed. aum. da recensión publicada en *Cadernos de lingua*, 2, 1990, 213-215, reed. aum. *A Trabe de Ouro*, 4, 1990, 115-118).

MARÍA DOLORES SÁNCHEZ PALOMINO
(Universidade da Coruña)

Maria Filomena Gonçalves, *As ideias ortográficas em Portugal de Madureira Feijó a Gonçalves Viana (1734-1911)*. S.L., Fundação Calouste Gulbenkian/Fundação para a Ciência e a Tecnologia, 2003. 1052 pp.

Sabido é que o paradigma dominante na lingüística do século pasado relegou practicamente fóra das súas estremas como ‘ciencia’ as vellas inquedanzas prescritivas que tanto deron que facer aos gramáticos europeos desde o Renacemento. Os problemas de corrección e normatividade lingüísticas quedaban recusados como incómodos empeitizos para a constitución dunha ciencia ‘normal’. Só nas últimas décadas do século, co surto da sociolingüística dunha banda e da historiografía lingüística da outra, comezou a vindicarse o interese e mesmo a pertinencia daquelas cuestións marxinalizadas. De aí o nacemento, cunha notable achega francesa (*et pour cause!*), dunha grafemática (ou, como quería J. Derrida, unha *gramatoloxía*), disciplina especializada no estudo da escrita, na que se insire esa rama particular que é a *ortografía*. O magnífico labor da finada Nina Catach é bo testemuño do dito. Ora, se a ortografía se pode considerar desde un punto de vista sistemático, tamén se pode contemplar na perspectiva da historia. E, dado que a ortografía é un campo de operacións privilexiado da reflexión metalingüística e da intervención consciente (e do control) sobre a actividade lingüística, é lexítimo falar dunha historia non só das prácticas ortográficas, mais tamén das correspondentes ideas (ou, máis precisamente, das doutrinas ou as propostas).

Isto precisamente é o que tenta Maria Filomena Gonçalves, profesora da Universidade Évora, e coñecida xa como autora dun estudo que en máis dun senso se pode considerar precursor do que imos comentar: *Madureira Feijó, ortografista do século XVIII. Para uma história da Ortografia Portuguesa* (Lisboa, Instituto de Cultura e Língua Portuguesa, 1992). Esta obra dirixira o seu foco cara a João de Moraes Madureira Feijó (1688-1741), que coa súa *Orthographia ou arte de escrever e pronunciar com acerto a lingua portuguesa* (1734) se tornou nun dos ortografistas que influíron máis poderosamente na orientación do portugués escrito ata practicamente os comezos do século XX. Agora, coa publicación da súa tese de doutoramento no volume en aprezo, unha obra de proporcións case monumentais (máis de un milleiro de páxinas), Filomena Gonçalves ofrece un contributo fundamental para a historia das doutrinas ortográficas portuguesas.

O corpo principal do traballo vén constituído polos capítulos primeiro (que abrangue o século XVIII a partir de Madureira Feijó), segundo (século XIX) e terceiro (centrado na figura de Aniceto dos Reis Gonçalves Viana, o pai e mentor da *Ortografia simplificada*), ata un total de case oitocentas páxinas. Pero a autora aínda nos ofrece un ‘anexo’ en que repasa o proceso histórico de constitución dun *corpus* doutrinal vernáculo, nun traxecto que arrinca dos gramáticos renacentistas, continúa polos barrocos e remata nos precursores inmediatos de Madureira Feijó. Destarte, desprégasenos un panorama histórico case completo da cuestión ata os comezos do século XX, aínda que organizado dun xeito un tanto peculiar, pois o relato comeza *in medias res*. A autora ben puido decatarse de que os precedentes ían mellor ao comezo do volume, e non como un anexo a este. A obra

comeza, pois, coas primeiras propostas minimamente articuladas de codificación gráfica do portugués, e remata coa aprobación, por parte do goberno portugués, das *Bases para a Unificação da Ortografia que debe ser adoptada nas Escolas e Publicações oficiais* (1911).

A oficialización destas *Bases* constitúe un auténtico fito na historia da lingua portuguesa, por dous motivos. Dunha banda, viñan culminar unha viraxe moi notable cara á simplificación e racionalización dunha tradición que ata o momento estaba dominada por un (pseudo)etimoloxismo deschavetado e caótico. Doutra banda, instituían por primeira vez un código ortográfico oficial (por caso, deuse un prazo de tres anos para a adaptación ás Bases dos libros de texto escolares), o que supuña a superación dunha anomía que pexaba a alfabetización da masa da poboación, e que desde a independencia do Brasil ameazaba a unidade da lingua a unha e outra beira do Atlántico. Como é sabido, as grafías eruditas introdúcense en portugués sobre todo a partir do século XVI, curiosamente ao tempo que se espalla a imprenta e adoito da man dos tipógrafos, pero foi precisamente Madureira Feijó o que deu un pulo definitivo á tendencia etimoloxizante. Unha tendencia con razón alcumada de pseudo-etimolóxica, pois entremedias de formas gráficas revirichadas pero motivadas (*rythmo*) escoan inúmeras ultracorreccións (*scrypto* por *escrito*, *maclhar* por *matar*), que constitúen o exacto reverso dos hiperenxebrismos que inzaron no galego escrito de ante-guerra.

Como sinala a estudiosa, aínda que se poden sinalar diversas motivacións para o pulo do etimoloxismo (entre outras, a pedantería pura e crúa), a clave radicaba na mentalidade exclusivista dunhas elites ciosas de reservaren para si o privilexio da reticencia e da censura, isto é, o manexo *correcto* daquela arma culturalmente tan poderosa como é a lecto-escritura. Non é de estrañar, pois, que os debates ortográficos en Portugal, sexa no século XVIII (Luís Antonio Verney), sexa aínda con máis forza no século XIX (José Barbosa Leão), especialmente na súa segunda metade, estivesen animados por un descontentamento procedente basicamente de posicións progresistas. Pensadores e activistas preocupados pola alfabetización masiva que propugnaban a simplificación ortográfica nunha liña máis ou menos radicalmente *sónica*. Non é menos significativo o feito de que ata comezo do século XX as elites gobernantes en Portugal non sentisen a necesidade da unificación ortográfica do idioma que viñese coutar unha desconcertante exuberancia de opcións gráficas idiosincráticas a cada cal máis arbitraria. Tivo que chegar a República da man dunha (fuxidía) hexemonía dos sectores democráticos e progresistas, para que se promulgasen as devanditas *Bases*. (Nas ditas condicións, un entende moito mellor as dificultades que puideron atopar os escritores do noso Rexurdimento para apoiarse nunha dubidosa ortografía portuguesa).

O protagonista da grande reforma simplificadora e racionalizadora de 1911, que definiu a feitura da ortografía do portugués contemporáneo, foi, sen dúbida, Gonçalves Viana, quen soubo atopar un sensato punto de equilibrio entre os disparates da regresiva tradición etimoloxizante e as irrealizables propostas rupturistas dos sónicos. Resulta moi ilustrativa (non menos para os galegos) e case diríamos fermosa, a historia dos esforzos finalmente logrados deste grande lingüista autodidacta (inesquivable aquí a lembranza de Pompeu Fabra, o grande *forzador* do catalán normativo), porfiado loitador contra os prexuízos e o inmovilismo.

Todo o devandito e moito máis se contén no impresionante contributo de Filomena Gonçalves, esteado nunha esmagadora masa de documentos, nunha

minuciosa debulla dos pormenores e nunha sólida aparataxe analítica. Sinalaremos dúas eivas maiores do traballo. A primeira, que as doutrinas gramaticais non aparecen sistematicamente contrastadas coas prácticas coetáneas. A segunda, que a autora pareza adoito ensarillada nunha arañeira de datos e miúnzas, e non ofrezca ao comezo e/ ou ao final de cada capítulo sínteses que axuden a encadrar e pór en perspectiva a morea de información que se nos ofrece. De aí a pobreza do capítulo de conclusións, inexplicable despois de ofrecernos un percorrido polo tema tan vasto e abondoso. Dito isto, non cabe dúbida de que hai que recoñecer o mérito máis que sobresaliente e o indiscutible interese da obra de Maria Filomena Gonçalves, que queda xa como referencia inescusable sobre o tema no ámbito da Lusitanística, en especial nos sectores da historia da lingua e da cultura. Por razóns obvias, a obra é de lectura enormemente proveitosa para os galegos preocupados pola grande teima nacional, isto é, a ortografía.

H. MONTEAGUDO

Normas para a presentación de colaboracións

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así coma á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.

2. Os traballos, notas ou recensións recibidos serán revisados por especialistas do Consello de Redacción ou do Comité Científico. En calquera caso a decisión final sobre a publicación correspóndelle ó Consello de Redacción.

3. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.

4. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que sexan de pouca entidade e non afecten ó contido. Doutro xeito solicitarase a autorización do autor.

5. Sempre que sexa posible, o autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de textos máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.

6. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións deben estar encabezadas pola referencia bibliográfica completa da obra comentada; o nome do autor incluírse ó final.

7. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2... 1.1., 1.2... 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel na xerarquía.

8. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas incluíranse no texto indicando entre parénteses o apelido ou

apelidos do autor, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e., "... (Lorenzo 1996)" ou "... Kabatek (1996: 108)...". De seren necesarias, as notas ó pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

9. Ó final dos artigos e das notas deben aparecer recollidas tódalas referencias bibliográficas, co seguinte formato:

Referencias bibliográficas

Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.

Lorenzo, Ramón (1996): "Breve historia da lingua galega", in Jacyra Mota / Vera Rollemberg (eds.): *Atas do I Congreso Internacional da Associação Brasileira de Lingüística (Universidade Federal da Bahia, 1994)*. Salvador: ABRALIN / FINEP / UFBA, 33-48.

Asaka, Takekazu (1994): "O emprego do futuro do pretérito de indicativo en galego", *Studia Romanica* 27, 47-51.

10. Os orixinais para publicación enviaranse a:

XOSÉ LUÍS REGUEIRA
Paseo da Quinta, 23
15897 Santiago de Compostela

CONTIDO

- 5 A. I. BOULLÓN AGRELO,
Catálogo dos documentos éditos
en galego anteriores a 1260
- 47 A. FERNÁNDEZ SALGADO,
A obra gramatical de
Marcial Valladares
- 99 A. PICCARDI,
A retranca como acto lingüístico
- 109 S. SOTO ANDIÓN,
Problemas relativos ós procesos de
recollida e transcripción de mostrás orais